



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTIZIA

AUD.PROVINCIAL SECCION N. 2 PONTEVEDRA

SENTENZA: 00018/2019

ROSALIA DE CASTRO NÚM. 5
Teléfono: ██████████

Equipo/usuario: █
Modelo: ██████

N.I.G.: ████████████████████

PA PROCEDIMIENTO ABREVIADO 0000061 /2017CR

Delito/falta: BLANQUEO DE CAPITALS

Denunciante/querellante: MINISTERIO FISCAL

Procurador/a: D/D^a

Abogado/a: D/D^a

Contra: JOSE RAMON ██████████ ██████████ , JOSE ALBERTO ██████████ ██████████ , ROSA MARIA ██████████ ██████████ , JOSEFA ██████████ ██████████ , MARIA ROSA ██████████ ██████████

Procurador/a: D/D^a JOAQUIN GABRIEL SANTOS CONDE, RAQUEL SANTOS GARCIA , JOSE LUIS GOMEZ FEIJOO , JOSE LUIS GOMEZ FEIJOO , MARIA LUISA RENDO COUTO

Abogado/a: D/D^a GONZALO BOYE TUSET, EMILIANO CACABELOS MONTES , JOSE SANTIAGO TORRES PRIETO , JUAN LAGO FRANCO , ALEJANDRO VEGA VAZQUEZ

SENTENZA NÚM. 18

=====

Presidente:

Ilmo. Sr. don José Juan Barreiro Prado

Maxistradas:

Ilma. Sra. dona Rosa del Carmen Collazo Lugo

Ilma. Sra. dona Rosario Cimadevila Cea

=====

Pontevedra, 25 de xaneiro de 2019.

Vista en xuízo oral e público, ante a Sección Segunda desta Audiencia Provincial, a causa instruída co número DPA 443/2009, procedente do Xulgado de Instrución núm. 2 de Cambados, e seguida polo trámite de procedemento abreviado 61/2017, polo delito de **branqueo de capitais**, contra:

1.- **José Ramón** [REDACTED] [REDACTED], con DNI núm. [REDACTED], nado en Cambados (Pontevedra) o día 23 de setembro de 1955, fillo de [REDACTED] e de [REDACTED], con antecedentes penais non computables na presente causa, representado polo procurador Joaquín Gabriel Santos Conde e defendido polo letrado Gonzalo Boye Tuset.

2.- **María Rosa** [REDACTED] [REDACTED], con DNI núm. [REDACTED], nada en Vilanova de Arousa o día 30 de xullo de 1956, filla de [REDACTED] e de [REDACTED], sen antecedentes penais, representada pola procuradora María Luisa Rendo Couto e defendida polo letrado Alejandro Vega Vázquez.

3.- **Josefa** [REDACTED] [REDACTED], con DNI núm. [REDACTED], nada en Vilanova de Arousa o día 29 de xuño de 1960, filla de [REDACTED] e de [REDACTED], sen antecedentes penais, representada polo procurador José Luis Gómez Feijoo e defendida polo letrado Juan Lago Franco.

4.- **Rosa María** [REDACTED] [REDACTED], con DNI núm. [REDACTED], nada en Cambados o día 11 de xaneiro de 1977, filla de [REDACTED] [REDACTED] e de [REDACTED] [REDACTED], sen antecedentes penais, representada polo procurador José Luis Gómez Feijoo e defendida polo letrado José Santiago Torres Prieto.

5.- **José Alberto** [REDACTED] [REDACTED], con DNI núm. [REDACTED], nado en Sanxenxo o día 20 de setembro de 1955, fillo de [REDACTED] e de [REDACTED], sen antecedentes penais, representado pola procuradora Raquel Santos García e defendido polo letrado Emiliano Cacabelos Montes.

É parte acusadora o Ministerio Fiscal, en representación do cal intervéñ **Jesús Calles Villamandos**.



Actúa como relator o maxistrado **José Juan Ramón Barreiro Prado**, quen expresa o parecer da Sala.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Estas actuacións foron tramitadas baixo o procedemento de dilixencias previas núm. 443/2009 do Xulgado de Instrución núm. 2 de Cambados. Levadas a efecto as dilixencias de investigación que considerou relevantes o instrutor, e acordada a continuación do procedemento polos trámites establecidos no artigo 779 da Lei de axuizamento criminal, deuse traslado das dilixencias ao Ministerio Fiscal, que presentou un escrito de acusación en que solicitaba a apertura do xuízo oral. No auto que acordou a dita apertura sinalouse esta Audiencia como órgano competente para o coñecemento e resolución da causa, deuse traslado das actuacións ás defensas dos acusados, as cales presentaron os seus escritos de defensa, e remitíronse a seguir os autos a esta Sala.

SEGUNDO.- O Ministerio Fiscal presentou un escrito de acusación definitivo en que cualificaba os feitos obxecto de axuizamento como constituíntes dun delito de **branqueo de capitais procedentes do tráfico de drogas** do artigo 301 do Código penal en relación co artigo 368 do mesmo texto legal, do cal deben responder en concepto de autores directos, de conformidade co artigo 28.1º do mesmo texto legal, os acusados, **José Ramón ██████████ ██████████**, **María Rosa ██████████ ██████████**, **Josefa ██████████ ██████████**, **Rosa María ██████████ ██████████** e **José Alberto ██████████ ██████████**, sen concorreren circunstancias modificadoras da responsabilidade penal. Solicitou que se impuxese a cada un

dos acusados a pena de **seis anos de prisión**, coa accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, e **multa de dez millóns de euros**. Así mesmo, de conformidade co artigo 301.1 do Código penal, solicitouse que se acorde a **clausura definitiva da axencia Inmobiliaria San Saturnino, SL**, e, de conformidade co establecido no artigo 301.5 en relación co artigo 127 do Código penal, que se decrete o **comiso** da totalidade dos bens que figuran no escrito de acusación.

TERCEIRO.- As defensas de todos os acusados, no trámite de cualificacións definitivas, solicitaron a libre absolución dos seus defendidos e, en caso de pronunciarse unha sentenza condenatoria, que se apreciase a circunstancia atenuante de dilacións indebidas como moi cualificada.

A defensa de Rosa María [REDACTED] [REDACTED] solicitou expresamente que a sentenza se pronunciase, ademais, sobre os seguintes puntos:

1.- Non quedou probado que recibise capitais procedentes do narcotráfico.

2.- Non quedou probado que os salarios percibidos polo seu traballo por conta allea baixo dependencia da mercantil Astilleros Facho, SL, constitúan fondos procedentes de actividade ilícita ningunha.

3.- Así mesmo, solicitou que se declare que a compravenda do predio [REDACTED] do Rexistro da Propiedade de Cambados se realizou con cargo a un crédito hipotecario concedido polo mesmo prezo da escritura de compravenda, sen intervir capital de procedencia ilícita ningunha.



4.- Pidiu que se declare tamén que Rosa María [REDACTED] [REDACTED] adquiriu no ano 2003, e con prezo aprazado, unha batea no polígono de Cambados por compra á súa avoa paterna, Rosa [REDACTED] [REDACTED], sen que no pagamento do prezo interviñese cantidade ningunha procedente de actividade ilícita.



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

5.- Así mesmo, pidiu que se declare que adquiriu a concesión do uso e gozo temporal sobre unha praza de garaxe do porto de Sanxenxo o 18 de agosto de 2005, sen que no pagamento do prezo da concesión se incluíse ningún capital de procedencia ilícita.

6.- Solicitou que se declare, así mesmo, que o pagamento das amortizacións do crédito hipotecario solicitado para a compra do predio núm. [REDACTED] do Rexistro da Propiedade de Cambados se realizou cos salarios derivados do seu traballo por conta allea para diversas empresas, coas ganancias derivadas da actividade económica da explotación da batea e coas ganancias familiares obtidas pola actividade laboral do seu marido, [REDACTED], como traballador do mar.

7.- E pidiu que se declare, así mesmo, que non tivo ningunha intervención na compra ou venda de activos inmobiliarios titularidade da mercantil Inmobiliaria San Saturnino, SL.

CUARTO.- Recibidas as actuacións nesta Audiencia e examinadas as probas propostas, pronunciouse un auto en que se admitían todas as probas propostas polas partes, se acordou a súa práctica no acto do xuízo, e se sinalou para o comezo da súa celebración o día 25 de outubro de 2018.

QUINTO.- Observáronse as prescricións legais de rigor. E, no relativo ao prazo para o pronunciamento desta sentenza, non se puido realizar antes, malia intentarse de xeito gubernativo, dada a carga de traballo que pesa sobre os tres únicos membros deste Tribunal e a resolución doutras causas complexas por parte deste mesmo relator.

FEITOS PROBADOS

PRIMEIRO.- Os acusados

1.1.- José Ramón [REDACTED] [REDACTED], coñecido tamén como [REDACTED] [REDACTED], cuxas circunstancias persoais xa constan e con antecedentes penais non computables na presente causa, dedicouse nas décadas dos anos 80 e 90 do século pasado a traficar con substancias estupefacientes. Por mor disto:

a) Por unha **sentenza do 26 de xuño de 1993**, da Sección 2ª do Penal da Audiencia Nacional, firme o 31 de outubro de 1994, foi condenado como autor responsable dun delito contra a saúde pública, na modalidade de tráfico de drogas, ás penas de 20 anos de reclusión menor e multa de 205 000 000 de pesetas. Nela declaráronse como feitos probados que:

No mes de decembro de 1990 alugara un chalé na urbanización [REDACTED] [REDACTED], de Pozuelo de Alarcón. O día 19 de xaneiro de 1991 encargou a dous dos seus colaboradores a entrega dunha certa cantidade de cocaína a outras persoas que agardaban nunha nave na localidade de [REDACTED], Madrid. Mais o mesmo día a policía interveu aos devanditos colaboradores dúas maletas e dous bolsos que no seu interior levaban 92 paquetes envoltos en venda engomada e dentro un total de 113 160 gramos de cocaína.



En distintos domicilios doutros colaboradores de José Ramón [REDACTED] [REDACTED] foron intervidos 15 paquetes con clorhidrato de cocaína, 57 paquetes con 53 611 gramos de cocaína, varios vehículos e 23 500 \$ en poder do propio José Ramón [REDACTED] [REDACTED], alén doutras cantidades en poder dos seus colaboradores.

b) Por unha **sentenza do 14 de xullo de 2004**, da Sección 1ª do Penal da Audiencia Nacional, firme o 27 de febreiro de 2006, volveu a ser condenado como autor responsable dun delito contra a saúde pública, na modalidade de tráfico de drogas que causan grave dano á saúde en cantidade de notoria importancia e con pertenza e xefatura de organización, revestindo a conduta extrema gravidade, ás penas de 16 anos e 10 meses de prisión e multa de 390 000 000 de euros. Nela declaráronse como feitos probados que:

José Ramón [REDACTED] organizara no ano 2001 a adquisición a un grupo de narcotraficantes colombianos dun alixo de cocaína que foi transportado no buque Agios Constandinos cara á costa galega e que foi intervido pola policía. A droga transportada no interior do devandito buque estaba distribuída en fardos e pesou 3699,37 kg, cunha pureza de entre o 72 e o 86,5%, e un valor de 130 000 000 de euros na súa venda por xunto.

Dende o ano 1985 ata o 31 de decembro de 1991 José Ramón [REDACTED] [REDACTED] foi o administrador de Inmobiliaria San Saturnino, SL.

1.2.- Pola mesma xa referida sentenza do 26 de xuño de 1993, da Sección 2ª do Penal da Audiencia Nacional, firme o 31 de outubro de 1994, foi condenado o acusado **José Alberto** [REDACTED] [REDACTED], coñecido tamén como [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], cuxas circunstancias persoais xa constan e sen antecedentes penais

computables, como autor responsable dun delito de receptación en tráfico de drogas, ás penas de catro anos de prisión menor e multa de 50 000 000 de pesetas. Nela declaráronse como feitos probados que:

Froito dunha antiga amizade e da súa colaboración coa entidade mercantil belga Thalassa, José Ramón ██████████ confiáralle a José Alberto ██████████ a xestión dalgún dos seus intereses e negocios relacionados co tabaco, en concreto, dun estaleiro que rexentaba en Cambados; e, aínda que non constaba que participase na operación de tráfico de cocaína, si que tiña coñecemento dela e xestionou o proveito para José Ramón ██████████ polo incremento de recursos económicos que isto deparou.

1.3.- María Rosa ██████████, cuxas circunstancias persoais xa constan e sen antecedentes penais, casou con José Ramón ██████████ o 14 de agosto de 1976. Este vínculo matrimonial quedou en suspenso por mor dunha sentenza de separación do 25 de abril de 1989 e foi disolvido por unha sentenza de divorcio do 31 de xaneiro de 1994. Dende o 23 de xuño de 1987 pasou a formar parte de Inmobiliaria San Saturnino, SL, como socia única do xeito e coa intervención que logo se reflectirá.

1.4.- Rosa María ██████████, cuxas circunstancias persoais xa constan e sen antecedentes penais, é a filla maior de José Ramón ██████████ e ██████████. Dende o ano 2001 traballa para Astilleros Facho, SL.

1.5.- Josefa ██████████, cuxas circunstancias persoais xa constan e sen antecedentes penais, é a irmá de María Rosa ██████████, cuñada de José Ramón ██████████ e tía de ██████████. Mediante a achega do piso ██████████ do portal ██████████ do



número ■ da rúa ■, hoxe rúa ■, de Cambados, foi unha das socias fundadoras no ano 1985 de Inmobiliaria San Saturnino, SL, coas vicisitudes que deseguido reflectiremos.

SEGUNDO.- As empresas

2.1.- A entidade **Inmobiliaria San Saturnino, SL**, foi constituída no ano 1985 polo matrimonio formado por ■ ■ ■ ■ ■ e ■ ■ ■ ■ ■, a acusada Josefa ■ ■ ■ ■ ■, e o matrimonio formado por ■ ■ ■ ■ ■ e ■ ■ ■ ■ ■. Fixouse o seu domicilio na rúa ■ ■ ■ ■ ■, Cambados. O seu obxecto social era a adquisición, parcelación e urbanización de terreos, disposición e alleamento deles, e cantas operacións xurídicas e materiais esixise o referido obxecto social. No momento da súa constitución os socios nomearon como administrador-xerente da sociedade o acusado José Ramón ■ ■ ■ ■ ■.

O 23 de xuño de 1987, os socios cederon as súas participacións sociais a María Rosa ■ ■ ■ ■ ■, entón dona de José Ramón ■ ■ ■ ■ ■, polo prezo de 8 000 000 de pesetas, que ela pagou en efectivo. O 1 de febreiro de 1988 a única socia da sociedade limitada decidiu aumentar o seu capital e para tal efecto achegou 13 000 000 de pesetas en efectivo. O mesmo fixo o 1 de setembro de 1991, cando volveu a ampliar o capital social en 2 200 000 pesetas, importe igualmente achegado en efectivo.

O 31 de decembro de 1991 inscribiuse no Rexistro Mercantil de Pontevedra o cesamento como administrador de José Ramón ■ ■ ■ ■ ■ e no seu lugar designouse a ■ ■ ■ ■ ■. Esta, no ano 1996, vendeu 10 das súas participacións sociais en

Inmobiliaria San Saturnino, SL, ao seu pai, █████ █████ █████, e este, á súa vez, o 25 de xuño de 1998, vendeullas a █████ █████.

A entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL, figura de alta no imposto de actividades económicas nas seguintes epígrafes: promoción inmobiliaria de edificacións e axencias de seguros e corretorías. As súas fontes de ingreso son, fundamentalmente, dúas: o alugueiro das instalacións de Astilleros Facho, SL, entidade vencellada ao grupo familiar; o alugamento de varios inmobles como pisos ou locais no edificio situado na avenida de █████, número █, de Cambados, cuxa construción foi promovida pola propia Inmobiliaria San Saturnino, SL, e o alugueiro a Servicio Rápido Chabre doutro local en █████, Cambados.

2.2.- A entidade **Jolva, SL**, foi constituída en virtude dunha escritura pública do 4 de agosto de 1988, por Inmobiliaria San Saturnino, SL, representada por José Ramón █████ █████, e pola entidade José Agüín Magdaleno, SL, representada por José Alberto █████ █████. Cada un dos amentados socios subscribiu o 50% das participacións sociais, en concreto, cadansúas 1750 participacións por un valor nominal de 1000 pesetas cada unha. Nomeouse como administrador de Jolva, SL, a José Alberto ██████████.

O 14 de agosto de 2007, Inmobiliaria San Saturnino, SL, representada por María Rosa █████ █████, transmitiu as devanditas participacións sociais que tiña en Jolva, SL, á entidade Arlequín Rojo, SL, cuxo representante legal e socio maioritario é José Alberto █████ █████. O pagamento do prezo de 1 200 000 euros pola transmisión destas participacións sociais non se fixo efectivo por aprazarse tres anos. E pactouse que, se transcorrido este prazo non se facía o



pagamento, se prorrogaría por outros tres anos máis e que, se se chegaba aos seis anos sen aboar o prezo, se resolvería a venda coa conseguinte recuperación por parte de Inmobiliaria San Saturnino, SL, das participacións que tiña en Jolva, SL. Mais por unha escritura do 31 de xaneiro de 2012 volveron a aprazar o pagamento ata o 30 de decembro de 2015, momento en que o contrato quedaría resolto, circunstancia esta de que non se ten constancia.

TERCEIRO.- As actividades dos acusados e das empresas

Coa finalidade de que os importantes e cuantiosos beneficios tirados polo acusado José Ramón [REDACTED] [REDACTED] das súas actividades delituosas relacionadas co tráfico de drogas se puidesen incorporar ao mercado dun xeito natural e legal, coa axuda das persoas do seu círculo, realizou as seguintes accións:

3.1.- A través da entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL

Coa axuda das acusadas María Rosa e Josefa [REDACTED] [REDACTED], dada a súa relación familiar e participación de ambas na devandita mercantil, adquiriu os seguintes inmobles:

3.1.1.- No **ano 1988**, en virtude dunha escritura con data do 5 de febreiro de 1988, Inmobiliaria San Saturnino, SL, representada por José Ramón [REDACTED] [REDACTED], adquiriu o piso [REDACTED] dereita do número [REDACTED] da rúa [REDACTED] [REDACTED] de Pontevedra (Rexistro da Propiedade de Pontevedra, predio núm. [REDACTED]) con dous rochos baixo cuberta (Rexistro da Propiedade de Pontevedra, predios núms. [REDACTED] e [REDACTED]). A superficie do piso é de 89 m² e o seu valor de mercado naquela data era de 64 282,40 euros. En 1992 constituíuse sobre o inmovible unha

hipoteca para garantir un préstamo de 82 939,67 euros, e fixouse como valor de taxación naquela data o de 66 111,33 euros.

No ano 1988, Inmobiliaria San Saturnino, SL, por medio dunha escritura do 4 de xaneiro, adquiriu un predio rústico denominado ■■■ ■■ ■■■ no lugar do ■■■■■ ■■■■■, Cambados (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. ■■■■■) polo prezo escriturado de 980 000 pesetas (5880 euros). Sobre este predio inscribíronse dúas obras novas:

- Nave de 965 m², declarada en virtude dunha escritura de obra nova con data do 10 de maio de 1989 cun valor de 180 000 euros.

- Nave de 1203 m² terminada en 1989, aínda que non se inscribe a obra nova ata o 3 de xullo de 1999. Atribúeselle un valor de 30 000 euros.

O valor de mercado da referida propiedade, na data da súa adquisición, era de 228 503,78 euros. Estas instalacións foron alugadas inicialmente á mercantil Burás, SL, vinculada ao grupo familiar, e a partir de 1995 á mercantil Astilleros Facho; o pagamento dos alugueiros constitúe unha das principais fontes de ingresos de Inmobiliaria San Saturnino, que deste xeito obtén un rendemento de aparencia legal.

3.1.2.- No **ano 1989** Inmobiliaria San Saturnino inscribiu no Rexistro da Propiedade de Cambados a escritura do 7 de novembro de 1989 de división horizontal dun edificio con entrada polo número ■■ da ■■■■■ ■■ ■■■■■ e polo número ■■ da rúa ■■■■■ de Cambados, do cal é propietaria. Trátase dunha obra nova cuxa construción promoveu a propia Inmobiliaria San Saturnino, reservándose a titularidade dos pisos e locais



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

resultantes. En total, da división horizontal resultaron os seguintes inmobles:

- 1) Local na planta soto de 626 m² (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. [REDACTED]). O seu valor de mercado na data de adquisición era de 88 205,39 euros.
- 2) Local en planta baixa de 593 m² (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. [REDACTED]). O seu valor de mercado no momento da adquisición era de 100 219,27 euros (foi taxado para poxa por un valor de 153 310 euros).
- 3) Piso [REDACTED] do referido edificio (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. [REDACTED]), cunha superficie de 179 m². Taxado para poxa en 47 172 euros, o seu valor de mercado naquela data era de 90 992,33 euros.
- 4) Piso [REDACTED] do referido edificio (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. [REDACTED]), cunha superficie de 179 m². Taxado para poxa en 47 172 euros, o seu valor de mercado naquela data era de 90 992,33 euros.
- 5) Piso [REDACTED] do referido edificio (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. [REDACTED]), cunha superficie de 179 m². Taxado para poxa en 47 172 euros, o seu valor de mercado naquela data era de 90 094,84 euros.
- 6) Piso [REDACTED] do referido edificio (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. [REDACTED]), cunha superficie de 116 m². Taxado para poxa en 29 483 euros, o seu valor de mercado naquela data era de 61 662,86 euros.

7) Piso ■ ■ do referido edificio (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. ■■■), cunha superficie de 116 m². Taxado para poxa en 29 483 euros, o seu valor de mercado naquela data era de 61 662,86 euros.

8) Piso ■ ■ do referido edificio (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. ■■■), cunha superficie de 115 m². Taxado para poxa en 29 483 euros, o seu valor de mercado naquela data era de 59 621 euros.

9) Piso ■ ■ do referido edificio (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. ■■■), cunha superficie de 115 m². Taxado para poxa en 29 483 euros, o seu valor de mercado naquela data era de 59 621 euros.

10) Vivenda dereita na planta baixo cuberta (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. ■■■), cunha superficie de 80 m², un valor de taxación de 20 638 euros e un valor de mercado de 45 207,99 euros.

11) Vivenda esquerda na planta baixo cuberta (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. ■■■), cunha superficie de 80 m², un valor de taxación de 20 638 euros e un valor de mercado de 43 809,81 euros.

12) Vivenda letra ■ na planta baixo cuberta (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. ■■■), cunha superficie de 116 m², un valor de taxación de 29 483 euros e un valor de mercado de 61 119,36 euros.

13) Vivenda letra ■ na planta baixo cuberta (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. ■■■), cunha superficie de



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTIZIA

115 m², un valor de taxación de 29 483 euros e un valor de mercado de 59 854,82 euros.

Con data do 9 de novembro de 1989, Inmobiliaria San Saturnino solicitou do Banco Gallego un préstamo por importe de 300 000 euros con garantía hipotecaria constituída sobre todos os predios do edificio, salvo o local da planta soto. A devolución do préstamo e os xuros fíxose con diñeiro procedente da actividade de narcotráfico desenvolvida por ██████████ ██████████, non constando na contabilidade da empresa os importes correspondentes ás amortizacións. Esta hipoteca cancelábase o 3 de febreiro de 1999. Ese mesmo ano, con data do 19 de maio, Inmobiliaria San Saturnino solicitou un novo préstamo por importe de 300 506,05 euros con garantía hipotecaria constituída sobre os mesmos predios salvo os dous locais. Esta hipoteca foi cancelada o 29 de outubro de 2003. Con data do 29 de outubro de 2003, solicitouse un novo préstamo por importe de 300 000 euros con garantía hipotecaria constituída sobre os predios 9075, 9076 e 9084. En maio de 2007 constituíuse unha hipoteca sobre o predio núm. 9081 para garantir o pagamento do saldo resultante dunha conta de crédito, por importe de 120 365 euros. Foi cancelada o 31 de xaneiro de 2008.

Varios destes inmobles foron alugados a terceiras persoas e o pagamento dos alugueiros constituíu outra das principais fontes de ingresos de Inmobiliaria San Saturnino, que desta forma obtiña un rendemento de aparencia legal.

3.1.3.- No **ano 1990**, o 12 de novembro, Inmobiliaria San Saturnino adquiriu no ██████████ ██████████, Cambados, outro predio tamén denominado ██████████ ██████████, aínda que neste caso se trata do predio rexistral núm. ██████████. Na mesma data adquire o predio rexistral núm. ██████████. O valor de adquisición do primeiro

é de 360 euros e o do segundo de 1380 euros, aínda que o seu valor de mercado naquela data era de 33 584 euros.

3.1.4.- En **1996**, sendo xa administradora única da sociedade María Rosa [REDACTED], en virtude dunha escritura con data do 21 de maio de 1996, Inmobiliaria San Saturnino adquiriu a parcela [REDACTED] da urbanización [REDACTED], en [REDACTED], Vilagarcía de Arousa (Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa, predio núm. [REDACTED]), na cal hai construída unha vivenda unifamiliar de 531 m². O prezo de adquisición é de 90 000 euros aínda que o valor de mercado se estimou en 101 768,24 euros. Do prezo total aboouse no acto a cantidade de 37 035,54 euros e subrogouse a compradora na hipoteca que pesaba sobre o predio por un valor de 52 962,46 euros. A hipoteca cancélase o 12 de febreiro de 1999. Neste caso tampouco constan na contabilidade da empresa as amortizacións correspondentes ao crédito hipotecario.

3.1.5.- No **ano 1998**, en virtude dunha escritura do 12 de xuño, Inmobiliaria San Saturnino, a través da súa administradora, María Rosa [REDACTED], adquiriu o predio rústico denominado [REDACTED], no lugar do [REDACTED], en [REDACTED] Cambados, por un prezo de 850 000 pesetas (5108,60 euros), aínda que o seu valor de mercado naquela data era de 60 732 euros.

3.1.6.- Durante o **ano 1999**, Inmobiliaria San Saturnino, a través da súa administradora, María Rosa [REDACTED], levou a cabo as seguintes adquisicións:

- En virtude dunha escritura con data do 6 de xullo de 1999 comprou o predio rústico chamado [REDACTED] (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. [REDACTED]), no lugar do [REDACTED],



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

██████████, Cambados, por un prezo de 215 000 pesetas (1292,98 euros) e un valor de mercado naquela data de 25 737,60 euros.

- En virtude dunha escritura do 12 de agosto de 1999 comprou outro predio rústico no mesmo lugar, tamén chamado ██████████, pero neste caso trátase do predio rexistral núm. ██████████ do Rexistro da Propiedade de Cambados, por un prezo de 600 000 pesetas (3606,7 euros), aínda que o seu valor de mercado era de 42 903 euros.

- En virtude dunha escritura con data do 5 de xaneiro de 1999 comprou o predio rústico chamado ██████████ ██████████ no lugar de ██████████, Cambados (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. ██████████) por un prezo de dez millóns de pesetas (60 101,20 euros). Sobre este predio construíuse unha nave industrial destinada a lavado e engraxamento de automóbiles de 888 m² cuxo valor declarado de obra nova é de 120 202 euros; a obra foi concluída o 25 de maio de 2001 aínda que non se levou a cabo a inscrición rexistral da obra nova ata o 16 de abril de 2004 e o seu valor de mercado naquela data era de 222 060,14 euros.

- En virtude dunha escritura do 14 de xaneiro de 1999 adquiriu o predio rústico chamado ██████████ ██████████, no lugar de ██████████, Sanxenxo, resultante da agrupación de varios predios previamente adquiridos por Inmobiliaria San Saturnino. O predio resultante (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. ██████████) ten unha superficie de 5012 m² e sobre el construíuse unha vivenda unifamiliar de 437 m² (predio catastral núm. ██████████) que se terminou de edificar en 2005. O seu valor catastral é de 444 387 euros e o seu valor de mercado naquela data era de 879 572,22 euros.

3.1.7.- No **ano 2002**, cuns ingresos declarados de 105 071,50 euros e uns gastos declarados de 129 103,60 euros, Inmobiliaria San Saturnino, a través da acusada María Rosa [REDACTED], adquiriu:

- Un predio rústico chamado [REDACTED] no municipio de Sanxenxo, cunha superficie de 2417 m², adquirido o 19 de abril de 2002. O seu valor de compra foi de 29 500 euros, segundo consta na escritura desa mesma data, aínda que o seu valor de mercado naquel momento era de 56 447,98 euros.

- Unha praza de garaxe e un rocho na rúa [REDACTED], núm. [REDACTED], de Sanxenxo, cun valor de adquisición de 16 828,34 euros segundo consta na escritura con data do 2 de maio de 2002, aínda que o seu valor de mercado naquela data era de 22 033,30 euros.

3.1.8.- No **ano 2003**, cuns ingresos declarados de 123 453 euros e uns gastos de 384 447,40 euros (aínda que desta cifra 303 210 obedecen a adquisicións patrimoniais, polo que non son gastos do exercicio), levou a cabo unha serie de compras por un importe escriturado de 312 210 euros, aínda que o valor de mercado naquela data da totalidade das compras efectuadas era de 733 638,17 euros. Para facer fronte a estas cantidades só se solicitou financiamento alleo, mediante a constitución de hipotecas, por un importe de 300 000 euros; e debe terse en conta que este mesmo ano se cancelou outra hipoteca polo mesmo importe contraída en 1999. En concreto, ao longo do ano 2003, empregando diñeiro procedente do narcotráfico, Inmobiliaria San Saturnino, representada por María Rosa [REDACTED], adquiriu:

- Tres predios rústicos no lugar de [REDACTED], parroquia de [REDACTED] Sanxenxo, por un prezo conxunto de 68 260 euros. A venda faise en virtude dunha escritura con data do 5 de maio de 2003. A



parte vendedora é a mercantil Islafer, SL. Dous dos predios estaban inscritos no Rexistro da Propiedade: o chamado [REDACTED] [REDACTED] (parcela núm. [REDACTED], predio núm. [REDACTED], cunha superficie de 1598 m², e o denominado [REDACTED] [REDACTED] (parcela núm. [REDACTED], predio rexistral núm. [REDACTED]), de 790 m². O terceiro non figura inscrito no Rexistro da Propiedade e a súa referencia catastral é [REDACTED] denominado [REDACTED] [REDACTED], parcela [REDACTED]. Os tres predios forman parte do sector urbanizable [REDACTED]. Os valores de mercado dos referidos predios son os seguintes: o predio [REDACTED] [REDACTED] tiña naquelas datas un valor de 43 219,35 euros, o predio [REDACTED] [REDACTED] tiña entón un valor de 5720,69 euros e a parcela 138 (predio [REDACTED] [REDACTED]) tiña un valor de 141 017,32 euros. Desta forma, pese ao importe escriturado, o valor da operación ascendeu a un total de 189 957 euros.

- En virtude dunha escritura con data do 7 de novembro de 2003, adquiriu igualmente á mercantil Islafer, SL, un total de 25 predios rústicos, dos cales só se solicita a inscrición de dez, por un prezo global de 100 000 euros. Na escritura consta a seguinte forma de pagamento: entrégase naquela data un cheque por importe de 40 000 euros e aprázase o resto sen xuros de tal forma que se pagarían 30 000 euros o 25 de febreiro de 2004 e outros 30 000 euros o 25 de maio do mesmo ano. Pese ao importe da compravenda que se fixo constar na escritura, o valor de mercado só dos dez predios inscritos é de 198 043,17 euros. Trátase das parcelas do [REDACTED] cos seguintes números: [REDACTED] (predio rexistral núm. [REDACTED]), [REDACTED] (predio rexistral núm. [REDACTED], [REDACTED] (predio rexistral núm. [REDACTED], [REDACTED] (predio rexistral núm. [REDACTED]), [REDACTED] (predio rexistral núm. [REDACTED]), [REDACTED] (predio rexistral núm. [REDACTED]), [REDACTED] (predio rexistral núm. [REDACTED], [REDACTED] (predio rexistral núm. [REDACTED], [REDACTED] (predio rexistral núm. [REDACTED]) e [REDACTED] (predio rexistral núm. [REDACTED]).

- En virtude dunha escritura do 25 de setembro de 2003, adquiriu tamén da sociedade Islafer, SL, un total de nove predios polo prezo global de 34 950 euros, dos cales só se inscribe un, chamado [REDACTED]. Consta inscrito no Rexistro da Propiedade de Cambados co número [REDACTED] e correspóndese coa parcela núm. [REDACTED] de Sanxenxo.

- En virtude dunha escritura con data do 23 de xullo de 2003, Inmobiliaria San Saturnino, representada por María Rosa [REDACTED], adquiriu tamén á mercantil Islafer, SL, a vivenda situada na cuarta planta e designada coa letra [REDACTED] do edificio núm. [REDACTED] da rúa [REDACTED] de Pontevedra, de 105 m², así como o rocho [REDACTED] do mesmo edificio. Fíxose constar na escritura como prezo de venda o de 100 000 euros aínda que o valor estimado de mercado naquela data é de 217 756,26 euros.

- En virtude dunha escritura do 20 de agosto de 2003, Inmobiliaria San Saturnino, representada por María Rosa [REDACTED], adquiriu dous predios no lugar do [REDACTED] Cambados, por un prezo de 9000 euros. Trátase dos predios rexistrados números [REDACTED] e [REDACTED] do Rexistro da Propiedade de Cambados, cuxas superficies respectivas son 5432 e 419 m². O seu valor de mercado naquela data era de 92 932,40 euros.

3.1.9.- No **exercicio de 2004**, cuns ingresos declarados de 140 518,32 euros e uns gastos de 64 235,21 euros, Inmobiliaria San Saturnino declarou a obra nova a que xa se fixo referencia, consistente na construción dunha nave destinada a lavado e engraxamento de automóbiles, cunha superficie construída de 1000 m², sobre unha parcela de 2195 m² denominada [REDACTED], no lugar de [REDACTED], parroquia de [REDACTED], Cambados. Como se indicou anteriormente, o predio xa fora adquirido por



Inmobiliaria San Saturnino en 1999 por un prezo de 60 101 euros. O valor de mercado naquela data da indicada obra nova era de 222 060,14 euros. A referida nave foi arrendada á mercantil Servicio Rápido Chabre e o pagamento dos alugueiros constitúe outra das principais fontes de ingresos de Inmobiliaria San Saturnino, que desta forma obtén un rendemento de aparencia legal.

3.1.10.- No exercicio de 2005 Inmobiliaria San Saturnino tivo uns ingresos de 165 421 euros procedentes do alugueiro de varios dos inmobles de que é titular e uns gastos de 34 872,04, segundo consta na súa declaración de operacións con terceiros; no imposto de sociedades declarou uns ingresos de 207 637,16 euros e uns gastos de 106 091,83. No referido exercicio non levou a cabo ningunha adquisición de bens.

3.1.11.- No exercicio de 2006 Inmobiliaria San Saturnino tivo uns ingresos de 194 288,63 euros procedentes do alugueiro de varios dos inmobles de que é titular e uns gastos de 98 958,63 euros, segundo consta na súa declaración de operacións con terceiros; no imposto de sociedades declarou uns ingresos de 223 800,97 euros e uns gastos de 131 512,38 euros. No referido exercicio non levou a cabo adquisición de bens ningunha.

3.1.12.- No exercicio de 2007 Inmobiliaria San Saturnino tivo uns ingresos de 273 812,35 euros procedentes do alugueiro de varios dos inmobles de que é titular e uns gastos de 130 648,12 euros, segundo consta na súa declaración de operacións con terceiros; no imposto de sociedades declarou uns ingresos de 278 629,85 euros e uns gastos de 188 273,06 euros. No referido exercicio levou a cabo a adquisición dunha casa de planta baixa e piso alto na rúa ██████████, núm. ████, de Cambados (Rexistro da Propiedade de Cambados, predio número ██████), cunha superficie

de 513 m², por un prezo de 480 000 euros e un valor de mercado que, neste caso, foi estimado en 397 313,07 euros. Para o pagamento do prezo, Inmobiliaria San Saturnino obtivo por un lado un préstamo da propia María Rosa [REDACTED] [REDACTED], por un importe de 137 000 euros, e, por outro lado, un préstamo con garantía hipotecaria por importe de 384 800 euros.

María Rosa [REDACTED] [REDACTED] efectuou a declaración do IRPF nos exercicios anteriores ingresando cantidades que oscilaban entre 4000 e 14 000 euros, e adquiriu, entre outros, os seguintes bens: un vehículo BMW 750 IL matrícula [REDACTED] de segunda man, un Porsche 928 matrícula [REDACTED] de segunda man, ambos no ano 1999, un BMW X5 matrícula [REDACTED] de segunda man adquirido no 2003, unha embarcación auxiliar para o cultivo de bivalvos en 2004 e un dereito de uso sobre unha praza de garaxe (praza núm. [REDACTED]) do porto deportivo de Sanxenxo en 2005 por un prezo de 20 929,74 euros.

3.2.- A través de Josefa [REDACTED]

Ata o ano 2003 declaraba poucos rendementos de traballo e procedentes de alugueiros. A partir de entón, comezou a declarar os rendementos derivados de actividades económicas procedentes da explotación dun parque de cultivo de bivalvos que mercou daquela polo prezo de 18 662,50 euros.

Coa finalidade xa aludida de que os beneficios procedentes das devanditas actividades ilícitas de José Ramón [REDACTED] [REDACTED] se puidesen incorporar ao mercado legal, ela mesma mercou as seguintes propiedades:

- En virtude dunha escritura pública con data do 5 de outubro de 1999, adquiriu o baixo A dun edificio situado en [REDACTED],



Sanxenxo, de 86 m² de superficie (Registro da Propiedade de Cambados, predio núm. █████). O prezo que consta na escritura de compravenda é de 45 075,91 euros e finánciase mediante unha hipoteca por importe de 30 050,61 euros. Porén, o seu valor de mercado naquela altura foi estimado en 78 180,64 euros.

- En virtude dunha escritura pública do 9 de setembro de 2008, adquiriu o baixo █ do mesmo edificio sito no lugar de █████, Sanxenxo, de 86 m² de superficie (Registro da Propiedade de Cambados, predio núm. █████). O prezo que consta na escritura de compravenda é de 108 183,38 euros e finánciase mediante unha hipoteca por importe de 120 000 euros. O seu valor de mercado naquela data foi estimado en 184 630,07 euros.

- En virtude dunha escritura pública con data do 4 de agosto de 2005, adquiriu o dereito de uso e gozo temporal sobre a praza de garaxe núm. 11 do porto náutico de Sanxenxo por un prezo de 20 962 euros.

É titular dende 1995 dun local comercial na rúa █████ █ █████ de Sanxenxo de 104 m², cuxo valor catastral é de 31 128,93 euros, e dunha casa situada na circunvalación entre Portonovo e Sanxenxo de 145 m² sobre un soar de 300 m² e cuxo valor catastral é de 62 761,77 euros.

Os ingresos que por todos os conceptos vén percibindo Josefa █████ █████ ao longo deses anos de ningún modo xustificarian a posibilidade de adquirir por si soa os referidos inmobles. A renda declarada apenas daría para cubrir o consumo medio dunha familia e, con todo, os seus saldos bancarios son elevados, realiza achegas a fondos de pensións, contrata unha empresa de seguridade ou adquire en 2007 un vehículo BMW M5 de segunda man por un prezo de 16 722 euros.

Por outra parte, os dous baixos adquiridos no lugar de ■■■■, Sanxenxo, están situados xunto á parcela con vivenda unifamiliar adquirida por Inmobiliaria San Saturnino a que xa se fixo referencia, que é utilizada polo grupo familiar e que vén ocupando habitualmente José Ramón ■■■■ ■■■■ nos seus permisos penitenciarios.

3.3.- A través de Rosa María ■■■■

Dende o ano 2003 declara rendementos de actividades económicas procedentes dunha batea adquirida á súa avoa paterna.

Dada a súa relación familiar con José Ramón ■■■■ ■■■■, prestouse a adquirir determinados bens utilizando os cartos das actividades deste vinculadas co narcotráfico. En concreto, son os seguintes:

- En virtude dunha escritura pública con data do 6 de xuño de 2001, adquiriu o predio denominada ■■■■, no lugar de ■■■■, parroquia de ■■■■, Sanxenxo, cunha superficie de 27 áreas e 10 centiáreas, sobre o que existe unha vivenda que consta de planta soto, planta baixa, planta primeira e aproveitamento baixo cuberta, cun total de 858 m². Fixouse na escritura de compravenda un prezo de 150 253,03 euros que se financia cun préstamo hipotecario por esa mesma cantidade, aínda que o valor de taxación estipulado para a constitución do préstamo hipotecario solicitado foi de 358 436,86 euros. Para financiar a compra solicitou un préstamo que amortizou en pouco tempo. Está inscrito no Rexistro da Propiedade de Cambados, predio núm. ■■■■, e foi valorado en 411 632,68 euros.



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

- O día 26 de marzo de 2003 adquiriu da súa avoa paterna, ██████████ ██████████ ██████████, unha batea situada no polígono de Cambados para cultivo de ostra plana e vieira, por un prezo de 15 530 euros e mais 3005 euros pola concesión administrativa.

- En virtude dunha escritura pública do 18 de agosto de 2005, adquiriu o dereito de uso e gozo temporal sobre a praza de garaxe núm. 13 do porto náutico de Sanxenxo por un prezo de 20 880 euros.

Os ingresos que por todos os conceptos vén percibindo Rosa María ██████████ ██████████ ao longo deses anos de ningunha maneira xustificarian a posibilidade de adquirir por si soa os referidos inmobles. Así, no ano 2002, cuns rendementos totais de pouco máis de 20 000 euros, realizou porén amortizacións do préstamo hipotecario por máis de 42 000 euros; en 2003, cuns ingresos de 38 000 euros, realizou amortizacións do préstamo hipotecario por un importe de máis de 11 500 euros e aboou parte do prezo correspondente á adquisición da batea e a concesión administrativa do cultivo de bivalvos.

3.4.- A través de Jolva, SL

O mesmo día da súa constitución -o 4 de agosto de 1988-, empregando fondos procedentes do narcotráfico desenvolvido por José Ramón ██████████ ██████████, Jolva, SL, adquiriu un terreo de 12 906 m² fronte á praia de ██████████, Sanxenxo. O fondo figura inscrito no Rexistro da Propiedade de Cambados co número ██████████, e o seu valor catastral é de 175 073,22 euros.

Sobre este terreo, José Alberto ██████████ ██████████ e María Rosa ██████████ ██████████, esta última en representación de Inmobiliaria San Saturnino, veñen realizando unha serie de actuacións que

determinaron que o seu valor se incrementase exponencialmente. Así, o 21 de outubro de 2005, José Alberto ██████████ ██████████, actuando en representación da entidade Jolva, SL, presentou un plan parcial de desenvolvemento do solo urbanizable núm. 18 e o plan especial correspondente ao sistema xeral ██████████ adscrito ao solo urbanizable, que foi aprobado polo Concello de Sanxenxo o 7 de maio de 2007. O 30 de xuño de 2011 o Concello aprobou a constitución da entidade urbanística de xestión e a proposta de equidistribución polo sistema de concerto.

O predio foi achegado ao referido solo urbanizable e foi obxecto de reparcelación con outros sete predios máis. Foron adxudicados á mercantil Jolva, SL, e inscritos no Rexistro da Propiedade de Cambados con data do 6 de febreiro de 2012 por título de reparcelación, os seguintes predios:

- Predio núm. ██████████, de 118,75 m², edificable.
- Predio núm. ██████████, de igual superficie, edificable.
- Predio núm. ██████████, de igual superficie, edificable.
- Predio núm. ██████████ de 150 m², edificable.
- Predio núm. ██████████ de 118,75 m², edificable.
- Predio núm. ██████████, de 118,75 m², edificable.
- Predio núm. ██████████ de igual superficie, edificable.
- Predio núm. ██████████, de igual superficie, edificable.
- Predio núm. ██████████, de 175 m², edificable.



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

- Predio núm. █████, de 210 m², edificable.
- Predio núm. █████ de 138,25 m², edificable.
- Predio núm. █████, de 138,25 m², edificable.
- Predio núm. █████, de 210 m², edificable.
- Predio núm. █████, de 175 m², edificable.
- Predio núm. █████, de 138,35 m², edificable.
- Predio núm. █████, de 138,35 m², edificable.
- Predio núm. █████, de 138,35 m², edificable.
- Predio núm. █████, de 175 m², edificable.
- Predio núm. █████, de 641 m².
- Predio núm. █████, de 28 m², non edificable.
- Predio núm. █████, de 158 m², non edificable

En virtude dunha escritura con data do 14 de agosto de 2007, Inmobiliaria San Saturnino, representada por María Rosa █████ █████, transmitiu as súas participacións en Jolva, SL, á mercantil Arlequín Rojo, SL, cuxo representante legal e socio maioritario é igualmente José Alberto █████ █████, e fixouse como prezo de venda o de 1 200 000 euros. No entanto, a transmisión non se fixo realmente efectiva porque o pagamento do prezo se aprazou tres anos; e estableceuse que, se

transcorridos os tres anos non se aboaba, se prorrogaría por tres anos máis e que, se transcorridos os seis anos non se pagaba, a venda se resolvería e recuperaríase Inmobiliaria San Saturnino as súas participacións en Jolva, SL. En virtude dunha escritura do día 31 de xaneiro de 2012, acordaron un novo aprazamento ata o 30 de decembro de 2015, data en que o contrato quedaría resolto se non se producía o completo pagamento, o que non ocorreu.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- AS CUESTIÓNS PREVIAS

PRIMEIRO.- Exposición ao abeiro do artigo 786.2 da Lei de axuizamento criminal

Se ben algunhas cuestións xa foron resolvidas do xeito que consta nas correspondentes gravacións informáticas e actas do xuízo oral, cómpre agora completalas e resolver a totalidade das cuestións previas.

1.1.- O día 27 de febreiro de 2018 realizouse unha vista oral nesta mesma causa. Daquela, ao abeiro do previsto no artigo 786.2 da Lei de axuizamento criminal, o fiscal aproveitou para achegar a documental consistente nunha certificación do Rexistro Mercantil de Pontevedra relativa á entidade Burás, SL (antes Astilleros Sipra, SL), e noutra certificación actualizada do Catastro en relación cunha propiedade situada en [REDACTED], número [REDACTED] [REDACTED] Sanxenxo, a nome da entidade Inmobiliaria San Saturnino; e solicitou a ampliación da pericial na persoa de [REDACTED], todo isto coa finalidade que o mesmo fiscal explicou naquel momento.



Deseguido as defensas dos acusados tamén aproveitaron para expoñer as súas correspondentes cuestións previas. O letrado de José Ramón [REDACTED] solicitou a abstención de dous dos maxistrados que integraban o Tribunal; pediu a nulidade das actuacións, coa conseguinte retroacción delas, pola resolución dunha cuestión de competencia por parte dun tribunal do que formaban parte aqueles mesmos dous maxistrados, sen darlles, ademais, trámite de audiencia a todos os que xa estaban constituídos en parte naquelas; alegou o carácter prospectivo das dilixencias e a existencia doutros procedementos do mesmo carácter xa sobresidos; pediu que se declarase a prescrición dos feitos presuntamente delituosos; e alegou a vulneración do dereito de defensa pola imposibilidade de comunicación previa co seu defendido. Tamén achegou documental para indicar onde vivía o seu defendido a partir de decembro de 1987, a copia dun auto do 28 de marzo de 2012 nas dilixencias previas 170/2008 do Xulgado de Instrución número 2 de Vilagarcía de Arousa, e as sentenzas de separación do 25 de abril de 1989 e de divorcio do 31 de xaneiro de 1994 do matrimonio formado por José Ramón [REDACTED] e María Rosa [REDACTED].

A defensa de José Alberto [REDACTED] adheriuse ás cuestións previas formuladas pola anterior defensa e opúxose á documental achegada polo fiscal. A defensa de Rosa María [REDACTED] tamén se adheriu ás anteriores cuestións previas e engadiu que no escrito de acusación do fiscal se mudara o título de imputación á súa defendida no relativo á amortización dunhas cotas hipotecarias que nunca antes lle fora notificada; tamén achegou documental consistente nun informe sobre a crise financeira e bancaria en España no período 2008-2014, e opúxose á proba achegada polo fiscal. A defensa de Josefa [REDACTED]

adheriuse ás cuestións previas anteriores e achegou como documental a súa vida laboral.

E a defensa de María Rosa [REDACTED] [REDACTED], logo de tamén adherirse a todo o dito polos seus compañeiros, opúxose ao achegado e solicitado polo fiscal, e como documental achegou: un burofax de San Saturnino a Arlequín Rojo e a súa resposta; unha escritura pública do 22 de decembro de 1983 da venda da embarcación Kafi (antes La Ramona) a [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] por 2 800 000 pesetas, importe pagado por medio da entrega dun talón en tal momento; un documento privado do 26 de decembro de 1977 dun préstamo por importe de 650 000 pesetas e por tres anos que a María Rosa [REDACTED] [REDACTED] e a José Ramón [REDACTED] [REDACTED] lles concedera [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]; un poder notarial do 14 de setembro de 1990 outorgado por María Rosa [REDACTED] [REDACTED] como socia única de Inmobiliaria San Saturnino, SL, en favor de determinados procuradores e avogados; unha escritura pública do 4 de agosto de 1988, na cal aparecía Jolva, SL; outra do 20 de agosto de 2003, pola que [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] lle vendía por 9000 euros dous fondos rústicos no lugar do [REDACTED] [REDACTED], Cambados, denominados ambos [REDACTED]; o pagamento dun IBI; unha certificación do Concello de Sanxenxo relativa á inexistencia dun expediente de restitución da legalidade urbanística ou sancionador e a concesión dunha licenza para a construción dunha casa en [REDACTED], Sanxenxo; e unha acta de notoriedade notarial do 25 de maio de 1999.

A todo o anterior contestou, para opoñerse, o fiscal. E deseguido resolveuse do xeito que ben polo miúdo consta na acta da sesión do xuízo oral do 27 de febreiro de 2018 e na correspondente gravación informática -ás cales cómpre remitirse-, e acordouse continuar a vista o seguinte día 1 de marzo. Mais antes de retomarse a vista presentouse a recusación



de dous membros deste Tribunal. Tramitouse esta e resolveuse por un auto do 3 de xullo de 2018 da sala do artigo 77 da Lei orgánica do poder xudicial do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no sentido de rexeitar as amentadas recusacións, con expresa imposición das custas aos recusantes.

1.2.- Sinalouse outra vez para a **vista oral** da presente causa o **día 25 de outubro de 2018**. Procedeuse, como non podía ser doutro xeito, segundo o previsto no artigo 786.2 da LACrim. O fiscal considerou precluído o trámite das cuestións previas.

A defensa de José Ramón [REDACTED] alegou a cousa xulgada e a prescrición, e achegou a seguinte documental: a promoción de recurso de revisión presentada no Tribunal Supremo contra a sentenza pronunciada o 26 de xuño de 1993 pola Sección 2ª da Audiencia Nacional, no rolo 12/1992, sumario 8/1992 do Xulgado Central de Instrución número 5, por mor da sentenza do 18 de febreiro de 2003 do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos; a alta na Seguridade Social de Bélxica dende o 15 de xullo de 1986 ata o 31 de decembro de 1990; o permiso de residencia en Bélxica expedido o 12 de marzo de 1987 e válido ata o 9 de marzo de 1992; a disolución da sociedade BVBA Melina Trading o 3 de maio de 2005; a fotocopia do seu pasaporte, no cal constan entradas e saídas en Panamá entre setembro de 1989 e maio de 1990; a inscrición no Rexistro Civil do Consulado de España en Panamá o 17 de outubro de 1990 do nacemento dunha nena - [REDACTED] [REDACTED] - como filla de José Ramón [REDACTED] e [REDACTED] [REDACTED]; a fotocopia dun artigo do ano 1983 na revista *Interviú*; as contas anuais ao 31 de decembro de 1987 da empresa Melina Trading; e particulares das dilixencias previas 170/2008 do Xulgado de Instrución número 2 de Vilagarcía de Arousa.

A defensa de José Alberto ██████████ ██████████, adheríndose ao alegado pola anterior defensa, invocou a vulneración de todos os dereitos fundamentais e, en concreto, a indefensión pola falla de concreción da acusación do fiscal -alegación que queda contestada coa sinxela remisión á lectura das conclusións daquel- e a falla de contradición -que sempre existiu e máxime no xuízo oral-.

A defensa de Rosa María ██████████ ██████████, con idéntica adhesión ás anteriores alegacións, engadiu a vulneración do principio *non bis in idem* e pediu que se mudase o título de imputación á súa defendida no relativo á nova acusación pola amortización dun crédito hipotecario. E como documental achegou un testemuño das dilixencias previas 170/2008 do Xulgado de Instrución número 2 de Vilagarcía de Arousa, a vida laboral do seu marido, ██████████ ██████████, e as declaracións do IRPF deste dos anos 2004 a 2011. Así mesmo, renunciaba ao testemuño do seu referido esposo e de ██████████ ██████████.

A defensa de Josefa ██████████ ██████████, coa mesma adhesión ás anteriores cuestións, alegou o carácter prospectivo das dilixencias e a vulneración do dereito de defensa e da tutela xudicial efectiva. E a defensa de María Rosa ██████████ ██████████ non deixou de adherirse ao alegado polas anteriores defensas no seu informe na quenda de intervencións previas.

Proseguiu a **vista** o día **29 de outubro de 2018** coa lectura por parte do letrado da Administración de xustiza do seguinte acordo do Tribunal:

*En este momento, y con los datos de que dispone el tribunal, **no considera prospectiva** ni la iniciación, ni la*



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA

tramitación del procedimiento, sin perjuicio de su razonamiento en la sentencia que se dicte.

En cuanto a la **prescripción** será igualmente resuelta en la **sentencia**.

La **cosa juzgada**, sin perjuicio de su análisis en la sentencia por ser una cuestión relacionada con el fondo del asunto, y oído el informe del Ministerio Fiscal, no se considera, a priori, que concurra dicha, ni que se haya vulnerado el principio non bis in idem.

En cuanto al **juicio de revisión** contra la sentencia de la audiencia nacional planteado por la defensa del Sr. ■■■■■ ■■■■■, su análisis también será realizado en la sentencia por estar relacionado con el fondo del asunto.

Tampoco se aprecia que se haya producido ni **indefensión**, ni **vulneración del principio de contradicción** alegados por la defensa de José Alberto ■■■■■ ■■■■■, sin perjuicio de lo que se pueda valorar en la sentencia.

No se observa **vulneración** del principio **acusatorio** ni del derecho de **defensa** de la Sra. Rosa María ■■■■■ ■■■■■ porque el escrito de acusación del Ministerio Fiscal si recoge la acusación a la que se refiere la defensa, sin perjuicio de lo que pueda resultar del acto del juicio y que será examinado en la sentencia que se dicte.

Se tiene por hechas las remisiones de las partes a las pruebas que propusieron en la anterior sesión. En consecuencia, se acuerda la **admisión de los documentos** presentados por las partes que se unen, incluida la

documental presentada por el Ministerio Fiscal en la primera sesión del juicio, así como la pericial que también propuso. Se tiene por renunciado a los dos testigos que en su día propuso la defensa Rosa María [REDACTED]

Expostas as cuestións previas formuladas polas partes, antes do interrogatorio dos acusados cómpre agora entrar na súa análise e consideración. Agás a defensa de José Alberto [REDACTED], todas as demais, e o fiscal, **presentaron probas ao abeiro do artigo 786.2 da LACrim na vista oral realizada o 27 de febreiro de 2018**. Foron entón admitidas todas para a súa práctica e as documentais unidas ás actuacións. Deseguido presentouse a devandita recusación de dous dos tres maxistrados que formaban o Tribunal, o que obrigou á súa correspondente tramitación ata a súa definitiva resolución, para rexeitala, por un auto do 3 de xullo de 2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sinalouse así para a nova vista oral o 25 de outubro de 2018. Polo demais, resulta entón obvio que entre esta data e a do 27 de febreiro de 2018 mediaron case que oito meses.

Unha das interpretacións que se podía facer é que aínda non se dera comezo á práctica da proba, malia que, como reflectimos, si que nos pronunciamos sobre a solicitada no trámite do artigo 786.2 da LACrim. Podería pensarse que, como antes se solicitara a abstención e despois se presentou a recusación contra dous dos tres maxistrados do Tribunal, o resolto verbo dos devanditos medios probatorios quedaba aberto e en suspenso e condicionado ao resultado da recusación formulada. Entón, na nova vista oral, no utópico caso de que chegase a sinalarse dentro dos trinta días seguintes á anterior, ben por reputarse que aínda non comezara a práctica da proba, ben por agora



consolidarse e non existir o máis mínimo xénero de dúbida sobre os integrantes do Tribunal por mor do rexeitamento da recusación, perante eles si que se podían non só ratificar, senón presentar novos medios probatorios na quenda de intervencións previas no xuízo oral.



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTIZIA

Outra das interpretacións que se podería facer é que, como xa se admitira a pericial do fiscal e a documental del e das defensas coa súa correspondente unión ás actuacións, xa se dera comezo á práctica da proba, que se debería realizar do xeito concentrado que se esixe no artigo 788.1, primeiro parágrafo, da LACrim. E como, por mor da amentada recusación, entre un sinalamento e o outro dos indicados transcorreron bastantes máis de 30 días, deberíase comezar de novo (artigo 788.1, segundo parágrafo, da LACrim). Mesmo o transcurso deses máis de 30 días e a hipotética acollida da recusación abofé que obrigaría a facelo así. Se coa observancia deste último curto prazo de tempo se pretende evitar que se desnaturalice a operación de xulgar sobre a proba xa producida moito tempo atrás (por todas, a STS do 29 de marzo de 1999) e descartar a posibilidade de erros na ponderación de probas practicadas por mor do tempo transcorrido entre que son presentadas e se realiza a súa valoración -STS, Penal, Sección 1ª, do 23 de decembro de 2013 (ROJ: STS 6550/2013 - ECLI:ES:TS:2013:6550)-, resulta máis que prudente e aconsellable o comezo de novo da vista oral. Neste sentido, a STS 581/2000, do 7 de abril, lembra que a ineficacia sobrevida das probas practicadas no xuízo suspendido pola prosecución da vista fóra do prazo máximo de 30 días debe entenderse condicionada á posibilidade dun erro na valoración probatoria e que iso non sucedía no caso que trataba, xa que non se dera comezo á práctica de proba ningunha no seo do xuízo oral, pois nin tan sequera se dera lectura aos escritos de acusación e de defensa, de xeito

que dificilmente se puidera conculcar tal límite legal -e repárese en que no noso caso si que xa se pasou dabondo do referido trámite da lectura daqueles escritos do xeito que xa reflectimos-.

En todo caso, **optamos pola solución que consideramos máis beneficiosa e respectuosa para os dereitos de defensa de todas as partes.** Deste xeito, todas tiveron a oportunidade de solicitar os medios de proba que consideraron convenientes para as súas respectivas teses e intereses, foron admitidos e puideron participar de xeito activo na súa práctica e contradición. Polo demais, resulta curioso que o fiscal se opoña á proba das defensas, e viceversa, polo carácter serodio das achegadas de contrario e a indefensión que lles xera, cando cada un deles ben que aproveitou para achegar as súas no mesmo momento procesual da formulación das cuestións previas (artigo 786.2 da LACrim). Predicábase así a oportunidade, pertinencia e utilidade da proba propia e criticábase a outra por xusto o contrario, cando todos eles, en realidade, se comportaron dun xeito idéntico.

Abunda na resolución que adoptamos o seguinte. As cuestións previas da cousa xulgada e prescrición non constitúen ningunha novidade. Xa foran alegadas, dun xeito ou doutro, polas defensas na vista oral anterior á recusación. Pero, ademais, non existe ningún obstáculo para unha apreciación de oficio da cousa xulgada e mesmo para a súa invocación fóra dos momentos previstos nos artigos 666.2 e 786.2 da LACrim, que de ningún xeito se poden interpretar cun significado preclusivo (por todas, a STS, Penal, Sección 1ª, do 30 de novembro de 2016 - ROJ: STS 5279/2016 - ECLI:ES:TS:2016:5279-). E outro tanto no relativo á prescrición, xa que tamén constitúe unha xurisprudencia ben reiterada e conteste que se pode apreciar



de oficio en calquera estado do proceso (así, a STS, Penal, Sección 1ª, do 30 de novembro de 2015 -ROJ: STS 5254/2015 -ECLI:ES:TS:2015:5254-). A máis que evidente conexión da cousa xulgada co principio *non bis in idem* -considerado como vulnerado por unha das defensas-, que se pode entender implícito no artigo 25.1 da Constitución española, levaríanos á mesma conclusión da súa posible apreciación de oficio en calquera momento. E o suposto carácter prospectivo das dilixencias, as características das imputacións realizadas pola acusación, a afectación do principio acusatorio, as posibilidades de defensa, indefensión, etc., todo, absolutamente todo, foi alegado inicialmente polas defensas e contestado polo fiscal na vista anterior á presentación e resolución da recusación.

E no relativo ás dilixencias de proba achegadas polas defensas (de José Ramón ██████████ e de Rosa María ██████████) agora na vista posterior a esta última, proba consistente na documental que xa reflectimos, nin a máis mínima indefensión se pode entender que lle xera á acusación. Trátase, sen prexuízo da súa posterior valoración, de diversa documentación xa existente nas actuacións -así, o testemuño das dilixencias previas 170/2008 do Xulgado de Instrución número 2 de Vilagarcía de Arousa-, doutra relacionada coa preparación dun recurso de revisión noutra causa, das fotocopias dun pasaporte e dun artigo nunha revista do ano 1983, e da xustificación do, ao parecer, desenvolvemento de actividades lícitas en Bélxica -alta na Seguridade Social, contas anuais da empresa Melina Trading, etc.-, no caso do acusado José Ramón ██████████, en pretendida demostración da obtención legal do seu patrimonio; e, no caso da acusada Rosa María ██████████, tamén se trataba de documentación oficial -vida laboral e declaracións de IRPF do seu marido, ██████████-.

En todo caso, dende o achegamento da referida documental o xoves día 25 e a continuación da vista o luns día 29 de outubro de 2018, consideramos que calquera parte tivo tempo máis que suficiente como para, dada a natureza e contido daquela, poder artellar convenientemente a súa estratexia de defensa ou acusación consonte as teses que xa tiña expresado.

SEGUNDO.- Causa xulgada e non bis in idem

A **causa xulgada**, como garantía de todo acusado a defender o seu dereito a non ser xulgado penalmente máis dunha vez por uns mesmos feitos, ten unhas evidentes conexións co principio *non bis in idem*, que, como xa dixemos, debe entenderse implícito no artigo 25.1 da Constitución española (por todas, a STS, Penal, Sección 1ª, do 29 de novembro de 2017 -ROJ: STS 4273/2017 -ECLI:ES:TS:2017:4273-). Velaí a conveniencia e utilidade do seu tratamento conxunto. E como a alegación da causa xulgada se vincula, evidentemente, coa existencia doutras dilixencias previas anteriores, entón inevitablemente debemos facer referencia a estas.

O fiscal presentou perante os xulgados de instrución de Vilagarcía de Arousa unha denuncia polo delito de lavado de diñeiro contra ██████████, ██████████ ██████████, ██████████, ██████████, ██████████, ██████████, ██████████ ██████████, ██████████ ██████████ e ██████████ ██████████ ██████████. Reflectíase na devandita denuncia do fiscal que semellaba existir unha vinculación entre o grupo familiar dos ██████████ -en concreto, ██████████ ██████████ ██████████- e Rosa María ██████████ ██████████, filla de José Ramón ██████████ ██████████ ██████████), de xeito que esta aparecía como a auténtica titular de determinados activos: da boleira, cafetería e disco-pub que xiraban baixo o nome de Kaiser Center. Por mor do anterior, o



Xulgado de Instrución número 2 de Vilagarcía de Arousa, por un auto do 8 de febreiro de 2008, incoou as **dilixencias previas 170/2008**, que, a pedimento do mesmo fiscal, foron sobresidas provisionalmente e arquivadas pola xuíza instrutora mediante un auto do 28 de marzo de 2012. Na solicitude do fiscal reflectíase que a investigación se centrara na entidade Expansión Arosa, SL, por participar nela Rosa Mariá ██████████ ██████████, filla de José Ramón ██████████ ██████████. E que, malia a existencia de indicios da relación entre este último e o incremento patrimonial de que era titular o grupo familiar dos Gerardos e da participación de Rosa María ██████████ ██████████ naquela sociedade do grupo familiar, esta última non fora moi significativa nin permanente.

Durante a pendencia das dilixencias previas 170/2008 do Xulgado de Instrución número 2 de Vilagarcía de Arousa, o fiscal solicitou o 27 de maio de 2009 dos xulgados de instrución de Cambados a incoación doutras dilixencias previas en relación con María Rosa ██████████ ██████████ -exesposa de José Ramón ██████████ ██████████ e nai de Rosa Mariá ██████████ ██████████ e Inmobiliaria San Saturnino, SL, para o que achegaba, entre outras cousas, o informe emitido naquelas primeiras dilixencias de Vilagarcía de Arousa polo perito da AEAT ██████████ ██████████ ██████████ ██████████, para que, precisamente, se ampliase con respecto ás persoas física e xurídica nomeadas. O Xulgado de Instrución número 2 de Cambados, por un auto do 2 de xuño de 2009, incoou as **dilixencias previas 443/2009** e, asemade, acordou o seu sobresemento provisional e conseguinte arquivo. Solicitou o fiscal que se reabrisen estas dilixencias baseándose en que, segundo unha certificación da letrada da Administración de xustiza do Xulgado de Instrución número 2 de Vilagarcía de Arousa, nas dilixencias previas 170/2008 non figuraba como investigada nin como imputada María Rosa ██████████ ██████████. Mais

foi rexeitada a reapertura das referidas dilixencias 443/2009 do Xulgado de Instrución número 2 de Cambados por un auto do 27 de xaneiro de 2010, á súa vez confirmado por un auto do 23 de setembro de 2010 da Sección 4ª desta mesma Audiencia Provincial de Pontevedra. O fiscal, entón, solicitou un testemuño de particulares das dilixencias previas 170/2008 do Xulgado de Instrución número 2 de Vilagarcía de Arousa en relación cos feitos que o informe do amentado perito da AEAT lles atribuíu a María Rosa [REDACTED] e a Inmobiliaria San Saturnino, e incoáronse así, por mor dun auto do 22 de novembro de 2010, as dilixencias previas 1093/2010 do mesmo Xulgado de Instrución número 2 de Vilagarcía de Arousa, órgano xudicial que, asemade, se inhibía a favor dos xulgados de Cambados. O Xulgado de Instrución número 2 desta vila, por un auto do 7 de marzo de 2011, incoou as dilixencias previas 188/2011, que, deseguido, acumulou ás xa referidas 443/2009 para rexeitar aquela inhibición. Suscitouse así unha cuestión de competencia negativa entre os xulgados de instrución números 2 de Vilagarcía de Arousa e de Cambados, que, por un auto do 21 de xullo de 2011 desta mesma Sección 2ª da Audiencia Provincial de Pontevedra, foi resolvida a prol do de Cambados.

Así as cousas, e á marxe dos comentarios que se poidan realizar verbo da ortodoxia procesual do tramitado do xeito indicado, o certo é que **por ningures se albisca a existencia da cousa xulgada que foi alegada polas defensas.**

A STS, Penal, Sección 1ª, do 8 de maio de 2018 (ROJ: STS 1551/2018 - ECLI:ES:TS:2018:1551), con cita das SSTs 910/2016, do 30 de novembro, e 980/2013, do 14 de novembro, lembra o seguinte:



"... lo relevante a efectos de cosa juzgada es la identidad de los hechos, objetiva y subjetiva (SSTS de 21 de marzo de 2002, o 23 de diciembre de 1992): imputación de los mismos hechos a la misma persona, entendiendo los hechos con un sentido no puramente naturalista, sino matizado por la óptica jurídico-penal. Eso es lo que está vedado por la eficacia de la cosa juzgada. [...] El tema implicado de fondo es la definición del objeto del proceso penal: perfilar lo que es el "hecho" enjuiciado es decisivo a la hora de dilucidar si a estos efectos estamos o no ante "los mismos hechos". [...]

Sintetizando la doctrina jurisprudencial de esta Sala, la STS 846/2012, 5 de noviembre, recuerda que "... para que opere la cosa juzgada, siempre habrán de tenerse en cuenta cuáles son los elementos identificadores de la misma en el ámbito del proceso penal, y frente a la identidad subjetiva, objetiva y de causa de pedir, exigida en el ámbito civil, se han restringido los requisitos para apreciar la cosa juzgada en el orden penal, bastando los dos primeros, careciendo de significación, al efecto, tanto la calificación jurídica como el título por el que se acusó, cuando la misma se base en unos mismos hechos (STS de 16 de febrero y 30 de noviembre de 1995, 17 octubre y 12 de diciembre de 1994, 20 de junio y 17 de noviembre de 1997, y 3 de febrero y 8 de abril de 1998)".

Aplicando as anteriores premisas xurisprudenciais ao caso que agora nos ocupa, dun xeito doado comprobamos que **non existe a identidade subxectiva e obxectiva**. As dilixencias previas 170/2008 do Xulgado de Instrución número 2 de Vilagarcía de Arousa, se chegaron a dirixirse contra Rosa María ██████████ ██████████, foron en relación coa súa suposta vinculación persoal con

outras persoas -do denominado grupo familiar dos Gerardo- e patrimonial con outras entidades -Expansión Arosa-, e non co resto dos seus familiares e con José Alberto ██████████ ██████████ acusados na presente causa, nin coas entidades Inmobiliaria San Saturnino, SL, e Jolva, SL. Se entón naqueloutras dilixencias se facía referencia á súa relación con determinados bens -unha boleira, unha cafetería e un disco-pub que xiraban baixo o nome de Kaiser Center-, nesta causa indícanse outros moi distintos - a adquisición dunha propiedade en Rial, Adina, Sanxenxo, mediante un préstamo pagado ao pouco tempo; a adquisición dunha batea da súa avoa paterna, ██████████; a adquisición do dereito de uso e gozo temporal dunha praza de garaxe no porto náutico de Sanxenxo; amais do xeito de amortizar un préstamo hipotecario-. Como se pode comprobar, non teñen nada que ver unha e outra causa. E o feito de que tanto nunha causa como noutra figure José Ramón ██████████ ██████████, como pai da anterior, en nada empece o dito, pois, entre outras cousas, nin tan sequera chegou a estar como investigado nas dilixencias de Vilagarcía de Arousa.

Noutra orde de cousas, o sobresemento libre é unha resolución xudicial que, aínda baixo a forma dun auto, ao pronunciarse sobre a absoluta falta de tipicidade dos feitos obxecto da instrución ou a completa irresponsabilidade dos acusados (artigo 637 da LACrim), adquire efectos de cousa xulgada (artigo 675 da LACrim), e pode ser considerada como unha especie de sentenza absolutoria anticipada (entre outras, as SSTS do 31 de maio de 1977; do 16 de abril de 1979; do 13 de xuño de 1984; do 17 de maio de 1990; do 12 de novembro de 1991; do 20 de febreiro de 1992; do 15 de xullo de 1994; do 14 de febreiro de 1995; do 15 de outubro de 1998 e do 7 de xullo de 2000). Máis recentemente aínda, a STS, Penal, Sección 1ª, do 25 de outubro de 2016 (ROJ: STS 4622/2016 -



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

ECLI:ES:TS:2016:4622) sinala que a eficacia da cousa xulgada consiste naquela que producen as sentenzas de fondo e outras resolucións a elas asimiladas -como os autos de sobresemento libre-; polo tanto, non poden ser atacadas noutro proceso posterior relativo ao mesmo obxecto antes xulgado e xa definitivamente resolto. E engade esta última STS citada que non poden ter efecto de cousa xulgada os autos de sobresemento provisional nin os autos de arquivo pronunciados ao abeiro do artigo 779.1.1ª da LACrim. **Xa que logo, e ao ser un sobresemento provisional -que non libre- o acordado nas dilixencias de que se pretendía tirar a existencia de cousa xulgada para esta causa, a alegación de cousa xulgada resultaría de imposible estimación.**

O **principio non bis in idem** esixe (así, a recente STS, Penal, Sección 1ª, do 27 de setembro de 2018 -ROJ: STS 3488/2018 - ECLI:ES:TS:2018:3488-) como presuposto para a súa aplicación e, xa que logo, para a interdicción da dobre sanción:

a) Que exista a triple identidade de suxeito feito e fundamento, es decir, lo que tradicionalmente se coñece como concurrencia de eadem persona, eadem res y eadem causa pretendi en los expedientes concernidos, que, en este caso, serían el expediente administrativo y la causa penal.

b) Que no exista una relación de sujeción especial entre el suxeito y la Administración en cuanto al hecho de que se trate, pues si concurre tal relación se podía justificar la existencia de ambas sanciones: la penal y la administrativa.

Concurriendo la triple identidad y la no especial relación de sujeción especial del sujeto con la Administración, se prohíbe la doble sanción.

No relativo á posible vulneración do principio *non bis in idem*, véñse delimitando o seu contido como a prohibición de duplicidade das sancións nos casos en que se aprecie a tripla identidade do suxeito, feito e fundamento (SSTC 77/2010, do 19 de outubro, 236/2007, do 7 de novembro, e 2/2003, do 16 de xaneiro, e o ATS, Penal, Sección 1ª, do 24 de maio de 2018 - ROJ: ATS 7321/2018 - ECLI:ES:TS:2018:7321A-). **E, alén do xa dito para rexeitar a cousa xulgada, a verdade é que por ningures enxergamos onde puido existir o risco da dobre sanción, cando o único procedemento aberto por estes feitos é o presente, e ningún outro.**

Noutra orde de cousas, xa dixemos que o feito de resolver a cuestión de competencia negativa entre os referidos xulgados de instrución de Vilagarcía de Arousa e Cambados en nada, absolutamente en nada, afectou de xeito negativo as partes. Se se resolveu sen escoitar a algunha das que daquela estaban constituídas en parte nas dilixencias do primeiro dos nomeados xulgados, nada supuxo de negativo para a defensa dos seus intereses. Así o demostra que, malia teren que mudar de xulgado de instrución para a tramitación e, xa que logo, continuación da causa, soportar a ciencia e paciencia e de xeito activo participar nas dilixencias previas finalmente do Xulgado de Instrución de Cambados, consentir expresamente a competencia deste por todo o anterior e por, perante el, presentar os seus respectivos escritos ao abeiro dos artigos 650 e 781.1 da LACrim, aceptar o emprazamento perante esta Audiencia Provincial, etc., nunca alegaron o máis mínimo vicio procesual nin indefensión ata o serodio trámite da quenda de



intervencións previas no xuízo oral. En todo caso, a competencia desta Audiencia Provincial para o axuizamento dos presentes feitos resultaba inexorable e incontestable instruíse a causa calquera dos dous nomeados xulgados. E non explicitándose en que medida se puideron ver conculcados os dereitos de todo tipo das partes por mor da tramitación e resolución da devandita cuestión de competencia, non son admisibles as alegacións vertidas en tal sentido.

TERCEIRO.- O suposto carácter prospectivo das dilixencias

Deben excluírse as investigacións meramente prospectivas. Non se pode satisfacer a necesidade xenérica de prevención, o descubrimento de delitos, ou que se despexen as sospeitas sen unha base obxectiva que xurda dos encargados da investigación, so pena de quebrantamento dos máis elementais dereitos fundamentais. Debe operarse coa finalidade exclusiva de proceder á investigación dun delito concreto e á detención dos responsables, rexeitándose as intervencións predelituosas ou de prospección. O feito en que o presunto delito pode consistir non pode servir como fonte de coñecemento da súa existencia. A fonte de coñecemento e o feito coñecido non poden ser a mesma cousa (SSTC 197/2009, 167/2002 e 299/2000), sen que, ademais, a carencia fundamental da expresión dos elementos obxectivos indiciarios e a ausencia dos datos indispensables poida ser xustificada *a posteriori* polo éxito da investigación mesma (SSTC 167/2002 e 138/2002). Mais tampouco se pode esixir unha seguridade da actividade presuntamente delituosa nin unha, xa que logo, proba plena de cargo, senón determinar a necesaria ponderación para concluír que eran suficientes os datos obxectivos de que se fornecía ao xuíz instructor para xerar sospeitas razoables do desenvolvemento dunha actividade delituosa.

A STS, Penal, Sección 1ª, do 16 de xaneiro de 2018 (ROJ: STS 39/2018 - ECLI:ES:TS:2018:39) explicao sen dúbida moito mellor:

La doctrina constitucional y jurisprudencial de proscrición de las indagaciones prospectivas que se expresa en el motivo viene normalmente referida a actuaciones de instrucción que comporten una injerencia respecto de derechos fundamentales concretos como la intimidad o el secreto de las comunicaciones (art. 18 de la CE), en el sentido de exigirse que el órgano judicial exteriorice la existencia de los presupuestos materiales de la intervención, esto es, de los hechos o datos objetivos que puedan considerarse indicios de la existencia de un delito grave y de su conexión con los sujetos que puedan verse afectados por la medida de investigación injerente, al ser aquellos antecedentes el presupuesto habilitante de la intervención y el prius lógico del juicio de proporcionalidad que ha de realizarse. Esta misma jurisprudencia ha precisado que la naturaleza objetiva de dichos indicios es una exigencia que atiende a una doble garantía: ser accesibles a terceros, sin lo que no serían susceptibles de control, y que proporcionen una base real de la que pueda inferirse que se ha cometido o se va a cometer el delito, lo que excluye las investigaciones meramente prospectivas basadas en la necesidad genérica de prevenir o descubrir delitos o de despejar sospechas sin base objetiva de los encargados de la investigación penal (SSTC 259/2005, de 24 de octubre o 150/2006, de 22 de mayo, entre otras).



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA

Más allá de los supuestos en los que se acuerden diligencias de investigación que entrañen una limitación de los derechos fundamentales de los ciudadanos, lo que el recurso cuestiona es que el Estado, para una genérica prevención y persecución del delito, pueda actuar y someter a indagación a una persona, sin que concurra una justificación concreta.

La jurisprudencia de esta Sala ha destacado que la finalidad a la que ha de tender toda instrucción criminal es la de averiguar y hacer constar la perpetración de los delitos con todas las circunstancias que puedan influir en la calificación y la culpabilidad de los delincuentes, asegurando sus personas y las responsabilidades pecuniarias de los mismos (art. 299 LECrim). La actividad instructora viene configurada por la investigación directa de los hechos, con una función que es, en parte inquisitiva por el interés público por su esclarecimiento, y en parte acusatoria, en cuanto dirigida frente a una determinada persona. Por ello, considera que la simple notitia criminis es suficiente para que se ponga en marcha la investigación judicial del delito (SSTC. 169/90, 32/94), autorizándose incluso la imposición de determinadas restricciones en los derechos fundamentales, de manera que se posibilite la investigación y se impida la frustración de los fines que la misma persigue. No obstante, en la medida en que las diligencias acordadas en el curso de una investigación criminal se inmiscuyan o coarten los derechos fundamentales y libertades públicas de una persona, habrán de estar debidamente motivadas en la resolución judicial que así las acuerde, ser necesarias y adecuadas al fin que con las mismas se persigue y mantener una lógica correlación con la restricción

individual que comportan, pues, de lo contrario, se estaría legitimando, con la excusa de seguirse una instrucción criminal, una suerte de inquisición general incompatible con los principios que inspiran el proceso penal de un Estado de Derecho como el que consagra la Constitución española.

A que tamén pretendemos recta interpretación e aplicación ao presente caso da anterior doutrina xurisprudencial lévanos ao **rexeitamento do suposto carácter prospectivo das presentes dilixencias**. Se a sinxela *notitia criminis* é suficiente para poñer en marcha a investigación xudicial do delito, non outra cousa foi o que se fixo no presente caso, sen restrición, polo demais, de ningún dereito fundamental. Abonda con **remitírmonos a todo o iter procesual das actuacións que desembocaron na presente causa consonte o que reflectimos nos dous fundamentos de dereito que preceden a este para rexeitar que se realizasen unhas dilixencias meramente prospectivas**. É certo que o entón maxistrado xuíz de adscrición territorial do TSXG con destino no Xulgado de Instrución número 2 de Cambados, no seu auto do 26 de outubro de 2011, si que falaba de que se podía tratar dunha investigación prospectiva cando acordou o sobresemento libre para as adquisicións realizadas antes do 24 de maio de 1996 e o sobresemento provisional para as adquisicións realizadas despois. Mais, por un auto do 29 de maio de 2012, a Sección 4ª desta mesma Audiencia Provincial de Pontevedra revogou aquela resolución xudicial da instancia e mandou seguir as actuacións mediante a práctica das dilixencias solicitadas polo fiscal recorrente.



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTIZIA

CUARTO.- A prescripción

O delito de branqueo de capitais non pode cualificarse como un delito permanente (STS 707/2006, do 23 de xuño). Se así fose, unha vez executada a acción delituosa, os seus efectos permanecerían impedindo que o transcurso do tempo permitise a aparición do instituto da prescripción. Mais a execución de distintas condutas, que de xeito illado constituirían actos típicos de branqueo, aínda cando afecten a distintos bens que proceden dunha mesma actividade delituosa sostida no tempo, non dan lugar a varios delitos independentes de branqueo, un por cada acto típico, senón a un só delito executado mediante varias accións homoxéneas. Así, na STS 350/2014, do 29 de abril, rexeitábase a apreciación dun delito continuado afirmando que se trataría en realidade dun delito único con pluralidade de condutas homoxéneas. Na STS 120/2013, do 20 de febreiro, examinábase un caso en que se describía unha conduta delituosa desenvolvida no curso de nove anos, durante os cales os acusados compraron de xeito sucesivo diferentes propiedades como sistema de branqueo e, ademais, realizaron progresivamente nelas algunhas construcións relevantes como procedemento tamén de ocultación dos cartos adquiridos mediante o tráfico de drogas, e considerouse a existencia dun único delito de branqueo de capitais. Ben significativa ao respecto se amosa a STS, Penal, Sección 1ª, do 11 de marzo de 2016 (ROJ: STS 1171/2016 - ECLI:ES:TS:2016:1171), cando razoa:

En casos de esta clase, esta Sala, partindo de que "solo cabe hablar de consumación del lavado y del delito cuando los fondos que son su objeto ingresan y pueden ya operar en la economía real regular, después de haber puesto la distancia necesaria respecto de la fuente ilícita de obtención, ocultándola" ha entendido que no cabe apreciar

aisladamente la prescripción de actos concretos de blanqueo, sino que debe examinarse la actividad de lavado en su integridad y apreciar la prescripción, si fuera procedente, tomando como fecha de inicio del cómputo del plazo la de la última acción de blanqueo ejecutada. Así se desprende de la STS 350/2014, de 29 de abril, y de la STS nº 707/2006, de 23 de junio, en la que se dice que aunque el blanqueo no pueda considerarse un delito permanente, "ello no quiere decir que en las transformaciones sucesivas de capitales, no deba contarse como fecha "a quo" la de la última transformación".

No mesmo sentido se expresou este mesmo Tribunal na súa SAP, Penal, Sección 2ª, do 24 de febreiro de 2015 (ROJ: SAP PO 483/2015 - ECLI:ES:APPO:2015:483). E incluso indica o mesmo na presente causa o auto do 29 de maio de 2012 pronunciado pola Sección 4ª desta mesma Audiencia Provincial de Pontevedra, no cal xa se rexeitaba a mesma alegación da prescripción no relativo ás adquisicións ou operacións realizadas polos investigados con anterioridade ao 24 de maio de 1996 (data de entrada en vigor do actual Código penal).

No presente caso, **nos feitos probados desta mesma sentenza reflectimos toda unha morea de actos que, iniciados no ano 1988, chegan ata comezos do ano 2012 e, cando menos, a segunda metade do ano 2008,** accións que os acusados desenvolveron cara á ocultación ou encubrimento da orixe delituosa dos cartos que empregaban, o que permite concluír que a execución do delito que lles imputa a acusación pública se produciu ao longo de tan dilatado período de tempo. **En ningún momento entre un e outro acto dos executados polos acusados mediou prazo suficiente para estimar concorrente a prescripción** -que nin tan sequera por tal



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTIZIA

motivo alegan-, nin tampouco dende o último daqueles actos ata a incoación das dilixencias orixe da presente causa.

Non se pode entender a conduta de cada acusado dun xeito illado, prescindindo do feito de que a súa actuación se incardina na realizada polos outros acusados (así o ATS, Penal, Sección 1ª, do 29 de xuño de 2018 -ROJ: ATS 8092/2018 - ECLI:ES:TS:2018:8092A-), o que determina a conexión de delitos e procesual coa que foi xulgado todo o complexo delituoso, que obsta para a apreciación da prescrición (SSTS 984/2013, do 17 de decembro; 1 de febreiro de 1999 e 26 de marzo de 2013).

Xa que logo, non pode apreciarse a prescrición da actividade de branqueo na súa totalidade nin tampouco a de ningún dos actos de branqueo illadamente considerado.

QUINTO.- O principio acusatorio e a suposta variación na imputación de Rosa María [REDACTED]

Cando declarou como investigada -imputada daquela- confesou coñecer os feitos que se lle imputaban. E ao longo da súa declaración consta, no que agora nos interesa, que o que percibía da batea o dedicaba en exclusiva a pagar a hipoteca; que tamén pagaba mensualmente 800 euros por ela e a final do ano ou a principios do seguinte amortizaba co que sacaba da batea parte da hipoteca; que a casa de [REDACTED] a mercara no 2001 e que solicitara un préstamo hipotecario en La Caixa por 150 000 euros, que lle concederon e rematou de pagar en agosto de 2010; que en agosto de 2010 cancelou a hipoteca e que adoitaba chegar con dificultade a fin de mes, que nunca pagaba o día 1, e que a finais de 2010 a súa conta non podía ter un saldo de 55 000 euros; e que facía as amortizacións cos cartos da batea porque sempre tivo o apoio da súa nai.

No escrito de acusación do fiscal reflectíase, no relativo a Rosa María [REDACTED] [REDACTED] o seguinte: que declaraba rendas do traballo, dende 2001 para Astilleros Facho e dende 2003 rendementos de actividades económicas procedentes dunha batea adquirida da súa avoa paterna; que adquirira o 6 de xuño de 2001 o fondo [REDACTED] [REDACTED], en [REDACTED] [REDACTED] Sanxenxo, o prezo escriturado e o seu financiamento cun préstamo hipotecario -que amortizara en pouco tempo-, amais do valor de taxación para a concesión da hipoteca e a valoración do inmovible; a adquisición da batea e dunha praza de garaxe cos seus correspondentes prezos; que os ingresos que por todos os conceptos percibía non xustificaban a posibilidade de adquirir por si soa as referidas propiedades; e, en concreto, que no ano 2002, cuns rendementos totais de pouco máis de 20 000 euros fixera amortizacións do préstamo hipotecario por máis de 42 000 euros, no 2003, ingresando 38 000 euros, amortizara máis de 11 500 euros e pagara parte do prezo correspondente á adquisición da batea e á concesión administrativa do cultivo de bivalvos.

Pois ben, no escrito de acusación do fiscal constan as amortizacións hipotecarias realizadas por Rosa María [REDACTED] [REDACTED]. **E non se vulnerou o principio acusatorio, como esta alegaba, xa que á parte de que foi informada e prestou declaración por isto na fase de instrución da presente causa, cando presentou o seu escrito de defensa tivo a oportunidade de combater eses feitos da acusación e solicitar as probas para practicar antes ou no mesmo xuízo oral.** Neste sentido, a recente STS, Penal, Sección 1ª, do 18 de xullo de 2018 (ROJ: STS 2947/2018 - ECLI:ES:TS:2018:2947) ademais conclúe que non pode existir a pretendida vulneración do principio acusatorio cando se abriu o xuízo oral, o que ocorre neste caso por todos



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

aqueles feitos que se lle imputaban a Rosa María [REDACTED]. O que se proscribe é que a sentenza inclúa na declaración probatoria feitos -comportamentos ou condutas, sucesos ou acontecementos que se manifesten no exterior- de relevancia para os efectos do pronunciamento condenatorio que non fosen imputados polas acusacións e dos cales, por descoñecelos, o acusado non se puido defender. O que si que condiciona o contido da sentenza é a acusación de que debe responder e que debe coñecer o acusado para artellar a súa defensa (ademais da xa citada, as SSTS 625/2015, do 22 de decembro, e 1057/2011, do 20 de outubro). E máis que cumprido coñecemento tivo a referida acusada do que realmente se lle imputaba, e enmarcábase, en todo caso, a alusión do fiscal no seu escrito de conclusións provisionais ao xeito de realizar as amortizacións hipotecarias nos anos 2002 e 2003, no feito, ao seu xuízo, da falla de toda correspondencia entre a adquisición dos bens que sinalaba e o seu pagamento e a capacidade para así facelo, a teor dos ingresos que por todos os conceptos ao parecer percibía Rosa María [REDACTED].

Resólvense así definitivamente, para rexeitalas, as cuestións previas formuladas polas partes.

II.- AS CONCLUSIÓNS PROVISIONAIS E DEFINITIVAS DAS PARTES

SEXTO.- O fiscal modificou as súas conclusións provisionais e presentou un novo escrito coas súas conclusións definitivas o día 27 de novembro de 2018, do cal tiveron cumprido coñecemento as defensas dos acusados antes do comezo da derradeira vista oral da presente causa o día 30 de novembro de 2018. Neste momento, con alusión ao escrito presentado o día anterior, a

defensa de María Rosa [REDACTED] [REDACTED] opúxose ás conclusións definitivas da acusación pública por considerar que se vulneraba o seu dereito de defensa e a un xuízo xusto con todas as garantías (artigo 24 da Constitución española), con alusións á vulneración do principio acusatorio e á indefensión xerada pola introdución duns feitos que non puideron ser debatidos plenamente no xuízo oral de xeito contradictorio. Deseguido alegaba a mesma defensa que no escrito de conclusións provisionais do fiscal non se reflectía para nada a entidade Burás, SL, e que, xa que logo, non puidera practicar proba relativa a este particular. Engadía que resultaba sorpresiva agora a alusión do fiscal ao xeito de pagamento dos créditos hipotecarios solicitados por Inmobiliaria San Saturnino, SL, - que a devolución do préstamo e dos seus xuros se fixera cos cartos procedentes da actividade de narcotráfico desenvolvida por José Ramón [REDACTED] por non constaren na contabilidade daquela sociedade os importes correspondentes ás amortizacións- e que só puidera defenderse en relación cos inmobles que o fiscal lle atribuíra á sociedade ou á propia María Rosa [REDACTED] [REDACTED] -en concreto o situado en [REDACTED] número [REDACTED]- pero non respecto do situado en [REDACTED] número [REDACTED].

No apartado que no escrito de conclusións provisionais do fiscal se dedicaba ás accións executadas a través da entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL (1º.I), en concreto, no último parágrafo do número 1, reflectíase:

El valor de mercado de la referida propiedad, en la fecha de su adquisición, era de 228.503,78 euros. Estas instalaciones fueron alquiladas a la mercantil Astilleros O Facho constituyendo el pago de los alquileres una de las principales fuentes de ingresos de Inmobiliaria San



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTIZIA

Saturnino, que de esta forma obtiene un rendimiento de apariencia legal.

No escrito de conclusións definitivas presentado polo fiscal reflíctese:

El valor de mercado de la referida propiedad, en la fecha de su adquisición, era de 228.503,78 euros. Estas instalaciones fueron alquiladas inicialmente a la mercantil BURAS S.L., vinculada al grupo familiar y a partir de 1995 a la mercantil Astilleros O Facho constituyendo el pago de los alquileres una de las principales fuentes de ingresos de Inmobiliaria San Saturnino, que de esta forma obtiene un rendimiento de apariencia legal.

O referido subliñado, que respectamos por así constar no orixinal, constitúe a única novidade en tal particular. A mera mención a que, antes que a Astilleros Facho, as naves foran alugadas á entidade Burás, SL, non vulnera o principio acusatorio, nin a máis mínima sorpresa ou indefensión lle puido causar á defensa de María Rosa [REDACTED]. Quen mellor que ela -como practicamente única socia, representante legal e administradora de Inmobiliaria San Saturnino, SL- para saber de quen percibiu as rendas das naves do [REDACTED] antes e despois do ano 1995, e se sempre foron pagadas pola mesma arrendataria ou esta mudou no devandito ano. Por maior abastanza, a certificación do Rexistro Mercantil de Pontevedra relativa á referida entidade Burás, SL, (antes Sipra) achegouna o fiscal na primeira de todas as vistas orais realizadas na presente causa, isto é, o día 27 de febreiro de 2018. Dende esta data ata o 25 de outubro de 2018 -case que oito meses despois- María Rosa Pouso Navazas tivo tempo máis que sobrado para poder despregar toda defensa relativa á existencia da entidade Burás,

SL, e verbo de que dela percibiu rendas por alugueiros ata o ano 1995.

Dentro do mesmo apartado do escrito de conclusións provisionais do fiscal que se dedicaba ás accións executadas a través da entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL (1º.I), en concreto, no penúltimo parágrafo do número 2, reflectíase:

En fecha 9 de noviembre de 1989, Inmobiliaria San Saturnino solicitó del Banco Gallego un préstamo por importe de 300.000 euros con garantía hipotecaria constituida sobre todas las fincas del edificio, salvo el local de la planta sótano.

No escrito de conclusións definitivas presentado polo fiscal reflíctese:

En fecha 9 de noviembre de 1989, Inmobiliaria San Saturnino solicitó del Banco Gallego un préstamo por importe de 300.000 euros con garantía hipotecaria constituida sobre todas las fincas del edificio, salvo el local de la planta sótano. La devolución del préstamo y los intereses se hizo con dinero procedente de la actividad de narcotráfico desarrollada por ██████████ ██████████, no constando en la contabilidad de la empresa los importes correspondientes a las amortizaciones.

O referido subliñado, que respectamos por así constar no orixinal, constitúe a única novidade en tal particular. Ese engadido non pode máis que considerarse como unha das consecuencias que a acusación pública tirou da proba pericial practicada no acto da vista oral, que, e con especial relación a se o pagamento dos préstamos e hipotecas solicitados figuraba



ou non nos diversos informes periciais e na contabilidade da sociedade -Inmobiliaria San Saturnino, SL-, foi obxecto de específica controversia mesmo polo perito da defensa [REDACTED] [REDACTED]. Por maior abastanza, abonda con remitirse ao escrito de conclusións provisionais da acusación pública para decatarse da reiterada referencia a que José Ramón [REDACTED] [REDACTED], a través de Inmobiliaria San Saturnino, SL, e coa axuda de María Rosa e Josefa [REDACTED] realizaran toda unha morea de adquisicións de inmobles cos cartos procedentes das actividades do tráfico de estupefacientes desenvolvidas por aquel acusado, aos préstamos e hipotecas solicitados de xeito reiterado e incluso o mesmo día da cancelación dos anteriores, á diferenza e falta de proporción entre o importe das hipotecas e o das compras dos inmobles, etc. Amais disto, o fiscal o que engadiu do xeito indicado foi a falla de constancia da devolución dos préstamos e xuros na contabilidade da empresa - Inmobiliaria San Saturnino, SL-, que, evidentemente, figura en poder dela mesma e ben polo miúdo foi analizada polo perito da mesma defensa [REDACTED]

O dito anteriormente, para abreviar, resulta aplicable ao engadido que o fiscal realizou nas súas conclusións provisionais no apartado 1º.I, número 4, xa que se limitou a consignar *Tampoco constan en la contabilidad de la empresa las amortizaciones correspondientes al crédito hipotecario.*

Dentro do mesmo apartado do escrito de conclusións provisionais do fiscal que se dedicaba ás accións executadas a través da entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL (1º.I), en concreto, no último parágrafo do número 6, reflectíase:

En virtud de escritura de fecha 14 de enero de 1999 adquirió la finca rústica llamada [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], en el

lugar de █████, parroquia de █████ [sic], Sanxenxo, resultante de la agrupación de varias fincas previamente adquiridas por Inmobiliaria San Saturnino. La finca resultante (Reg. de Cambados, finca nº █████) tiene una cabida de 5.012 metros cuadrados y sobre ella se ha construido una vivienda unifamiliar de 286 metros cuadrados. Su valor de mercado en aquella fecha era de 167.798,84 euros.

No escrito de conclusións definitivas presentado polo fiscal reflíctese:

En virtud de escritura de fecha 14 de enero de 1999 adquirió la finca rústica llamada █████ █████, en el lugar de █████, parroquia de Adigna [sic], Sanxenxo, resultante de la agrupación de varias fincas previamente adquiridas por Inmobiliaria San Saturnino. La finca resultante (Reg. de Cambados, finca nº █████) tiene una cabida de 5.012 metros cuadrados y sobre ella se ha construido una vivienda unifamiliar de 437 metros cuadrados (finca catastral nº █████) que se terminó de edificar en 2005. Su valor catastral es de 444.387 euros y su valor de mercado en aquella fecha era de 879.572,22 euros.

O referido subliñado, que respectamos por así constar no orixinal, constitúe a única novidade en tal particular. Como se pode comprobar a partir da sinxela comparación e contrariamente ao que se alega, por ningures se reflectía █████ número █████ ou █████ Si sempre █████ █████ resultante (Reg. de Cambados, finca nº █████) tiene una cabida de 5.012 metros cuadrados y sobre ella se ha construido una vivienda unifamiliar, da cal, agora nas conclusións definitivas, se corrixe a súa superficie -437



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTIZIA

en lugar de 286 m²-, se facilita a súa referencia catastral -
[REDACTED]-, se informa que se rematou de edificar no
2005, se subministra o seu valor catastral -444 387 euros- e,
consecuentemente a todo o anterior, se muda o seu valor de
mercado -879 572,22 en lugar de 167 798,84 euros-.

As modificacións que se realicen nas conclusións definitivas non poden mudar esencial ou substancialmente os elementos fácticos do relato histórico que a acusación someta á consideración do Tribunal, e, entre outras cousas, non se realizou unha solicitude de condena alternativa. A práctica da proba pode facer efectiva a facultade de presentar conclusións definitivas diversas das provisionais que inclúan datos dos cales dependa a modificación da tipificación inicialmente proposta -se non implica unha variación substancial do obxecto do proceso- ou da participación, grao de execución ou circunstancias modificadoras da responsabilidade atribuída ao acusado. E isto é o que autoriza a lei procesual para o procedemento abreviado sen quebra da defensa, tal como deriva da posibilidade que se outorga ao acusado de solicitar os aprazamentos, formular as alegacións ou facer as propostas de novas probas a que se refire o artigo 788.4 da Lei de axuizamento criminal (STS, Penal, Sección 1ª, do 16 de maio de 2011 -ROJ: STS 3593/2011 - ECLI:ES:TS:2011:3593-).

Non existe vulneración automática do principio acusatorio derivada das modificacións realizadas pola acusación. Só no suposto de modificacións fácticas esenciais respecto da provisional, pero en ningún caso cando as modificacións son meramente accidentais, complementando ou aclarando os termos da acusación. Como lembraba a STS, Penal, Sección 1ª, do 4 de novembro de 2008 (ROJ: STS 5953/2008 - ECLI:ES:TS:2008:5953), o fiscal pode, e debe, modificar as súas conclusións á vista

do resultado da proba practicada no xuízo e son estas conclusións definitivas as que determinan efectivamente o obxecto da acusación. E engadía que tampouco se ocasionaba indefensión na maioría dos supostos de introdución de modificacións esenciais no escrito de conclusións definitivas, pois non se produce vulneración constitucional ningunha se o acusado exerceu o seu dereito de defensa contra a referida acusación modificada a partir do seu coñecemento.

Rexeitamos así as alegacións da defensa de María Rosa [REDACTED] [REDACTED] relativas á modificación por parte do fiscal das súas conclusións provisionais para convertelas en definitivas.

III.- A IMPUTACIÓN REALIZADA POLA ACUSACIÓN PÚBLICA

SÉTIMO.- O delito polo que acusa o fiscal é o **de branqueo de capitais procedentes do tráfico de drogas, do artigo 301 en relación co artigo 368**, ambos os dous do **Código penal**.

Aínda que semelle obvio, é mester subliñar que o delito de branqueo de capitais non é un delito de sospeita e que para a súa condena é necesaria a certeza, alén de toda dúbida razoable, baseada en parámetros obxectivos e racionais de que concorren todos e cada un dos seus compoñentes típicos. Xúlgase polo que se demostra que se fixo -ou se omite- e non polas meras rexoubas, por moito que estas estean estendidas e mesmo socialmente asimiladas como posibles. Debe rexeitarse calquera aproximación a un dereito penal de autor que conduciría a sancionar o suxeito por como se di que é e non polo que fixo, como esixe un dereito penal baseado na culpabilidade (así a STS, Penal, Sección 1ª, do 25 de setembro de 2018 -ROJ: STS 3164/2018 - ECLI:ES:TS:2018:3164-). Neste sentido, a STC



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

150/1991, do 4 de xullo, xa advertía que a Constitución española consagra sen dúbida o principio de culpabilidade como principio estrutural básico do dereito penal e que non sería constitucionalmente lexítimo un dereito penal de autor que determinase as penas en atención á personalidade do reo e non segundo a culpabilidade deste na comisión dos feitos (por todas, a STS, Penal, Sección 1ª, do 12 de abril de 2018 -ROJ: STS 1388/2018 - ECLI:ES:TS:2018:1388-).

O delito de branqueo de capitais queda moitas veces acreditado pola existencia dun altísimo nivel de vida dos acusados, pola pertenza a un núcleo ou grupo máis ou menos numeroso que manexa inxentes cantidades de diñeiro que precisa agromar ao mercado normal para disimular a súa orixe ilícita, e pola ausencia de toda explicación e acreditación de que o nivel económico dos acusados puidese ter unha orixe lícita, circunstancia esta que a eles lles corresponde para neutralizar a proba de cargo existente. E, como fío condutor de toda a estratexia, unha actividade clandestina e de ocultación que trata de dar unha aparencia de legalidade con fins de impunidad (no mesmo sentido, a STS 1864/2011, do 21 de marzo). Vertébrase así o delito de branqueo de capitais en tres fases sucesivas e enlazadas: a primeira fase, constituída pola colocación dos capitais no mercado; a segunda consiste na técnica de distracción para disimular a súa orixe delituosa; e a terceira vén dada pola reintegración en virtude da cal o diñeiro, xa branqueado, volve ao seu titular. Para isto adóitase erguer unha arquitectura aparentemente legal, con frecuencia a través da creación de empresas ou sociedades instrumentais.

O delito de branqueo de capitais eríxese como un delito autónomo e independente dos delitos precedentes, ata tal punto que non interesa coñecer nin os concretos delitos anteriores,

nin as súas condenas. Abonda coa existencia de datos ou indicios bastantes que, logo dunha valoración integrada e non desvirtuada por probas ou indicios de descargo, permita chegar á conclusión do coñecemento e consentimento do axente (así, a STS 1504/2003, do 25 de febreiro, asunto Pazo Baión). É mais, para a doutrina xurisprudencial tamén abonda co dolo eventual en relación co dobre elemento volitivo e intervolitivo que vertebra o dolo (SSTS 1070/2003, 2545/2001 e 483/2007).

A proba indiciaria non é unha proba máis insegura que a indirecta. É a única proba dispoñible para acreditar certos feitos internos da maior transcendencia, como a proba do dolo na súa dobre acepción de proba do coñecemento e proba da vontade. É unha proba tan garante como a proba directa, e, se cadra, máis, polo plus de motivación que esixe e que se transforma nun plus de garantía que permite un maior control dos razoamentos que arredor dela efectúe o Tribunal (STS 33/2005, do 19 de xaneiro).

A proba indiciaria resulta especialmente idónea para descubrir certo tipo de delitos como os de drogas e os de branqueo de capitais (SSTS 1505/2005 e 866/2005). Nos delitos como o de branqueo o usual será contar só con probas indiciarias, polo que cuestionar que sexan aptas para desvirtuar a presunción de inocencia do artigo 24.2 da Constitución española só produciría o efecto de lograr a impunidade respecto das formas máis graves de delincuencia, entre as que se encontran o narcotráfico e as grandísimas ganancias que se tiran deste, que están en íntima unión con el, como se recoñece expresamente na Convención de Viena de 1988 (así a STS 1637/2000, do 10 de xaneiro).

Dun xeito máis nidio e con maior autoridade se expresa a STS 1645/2011, do 10 de marzo:



Desde la perspectiva probatoria, que en realidad es la más relevante y dificultosa en este tipo delictivo, señala la Sentencia núm. 1637/2000 de 10 de enero, que la prueba directa prácticamente será de imposible existencia dada la capacidad de camuflaje y hermetismo con que actúan las redes clandestinas de fabricación y distribución de drogas así como de "lavado" del dinero procedente de aquella, por lo que la prueba indirecta será la más usual, y al respecto no estará de más recordar que ya el art. 3 apartado 3º de la Convención de Naciones Unidas contra el tráfico ilícito de estupefacientes y sustancias psicotrópicas de 20 de diciembre de 1988 -BOE de 10 de noviembre de 1990- previene de la legalidad de la prueba indiciaria para obtener el juicio de certeza sobre el conocimiento, intención o finalidad requeridos como elemento de los delitos que se describen en el párrafo primero de dicho artículo, entre los que está el de blanqueo de dinero, art. 3, apartado primero epígrafe b).

Sobre el modo en que debe analizarse la prueba indiciaria en esta modalidad delictiva y los parámetros e indicios que deben ser considerados, existe también una doctrina, ya consolidada en esta Sala, que se origina en la STS núm. 755/1997, de 23 de mayo, y se reitera en las de 15 de abril de 1998 núm. 356/1998 y 9 de mayo de 2001, núm. 774/2001.

Así se indica que "en los supuestos en que la acusación se formula por delito de blanqueo de capitales procedentes del tráfico de estupefacientes (art. 546 bis f, Código Penal 73; Art. 301.1.2 Código Penal 95), los indicios más determinantes han de consistir:

a) En primer lugar en el incremento inusual del patrimonio o el manejo de cantidades de dinero que por su elevada cantidad, dinámica de las transmisiones y tratarse de efectivo pongan de manifiesto operaciones extrañas a las prácticas comerciales ordinarias.

b) En segundo lugar en la inexistencia de negocios lícitos que justifiquen el incremento patrimonial o las transmisiones dinerarias.

c) En tercer lugar, en la constatación de algún vínculo o conexión con actividades de tráfico de estupefacientes o con personas o grupos relacionados con las mismas".

[...]

2.- Al respecto debemos recordar que, mediante las conductas que la doctrina y la jurisprudencia denomina de "blanqueo", se tiende a incorporar al tráfico legal los bienes, dinero, y ganancias en general obtenidos en la realización de actividades delictivas, de manera que superado el proceso de lavado se hiciera posible su disfrute jurídicamente incuestionado.

El antecedente de la actual regulación se encuentra en la reforma penal de la LO 1/1988, de 24 de marzo, que incorporó al CP de 1973 una modalidad de receptación específica (art. 546 bis f) referida al aprovechamiento de las ganancias obtenidas mediante el tráfico ilícito de drogas.



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA

La reforma realizada mediante la LO 8/1992, de 23 de diciembre, que, a su vez, incorporó al Código las previsiones de la Convención de las Naciones Unidas contra el Tráfico ilícito de estupefacientes y sustancias psicotrópicas, hecha en Viena el 10-12-1988, y de la Directiva del Consejo de 10 de junio de 1991 relativa a la prevención de la utilización del sistema financiero para el blanqueo de capitales (arts 34 bis.h y 344 bis.i CP 1973) mantuvieron el mismo referente, es decir, el tráfico ilícito de drogas y los beneficios obtenidos por ese medio delictivo.

El texto penal fue completado por el régimen administrativo del blanqueo, es decir por la L.19/1993, de 28 de diciembre, sobre determinadas medidas administrativas de prevención, modificada por la L.19/2003, de 4 de julio, sobre régimen jurídico de los movimientos de capitales y de las transacciones económicas con el exterior y sobre determinadas medidas de prevención del blanqueo de capitales. Su Reglamento fue aprobado por RD 925/1995.

Después, la Directiva 2001/97 UE del Parlamento y del Consejo de 4 de diciembre de 2001 vino a ampliar la prohibición de blanqueo de capitales procedentes de los delitos de tráfico de drogas -como hacía la Directiva 91/308-, incluyendo otros delitos graves y extendiendo el cumplimiento de determinadas obligaciones a ciertas actividades y profesiones de carácter no financiero, entre los que se incluyen los abogados, asesores fiscales y auditores.

La STS de S 18-12-2001, nº 2410/2001 recuerda que el art. 301 describe una variedad de conductas integradoras del tipo objetivo del delito:

1.- Adquirir, convertir o transmitir bienes sabiendo que provienen de la realización de un delito grave (art. 301.1 CP).

2.- Realizar actos que procuren ocultar o encubrir ese origen (núm. 1, art. 301 CP).

3.- Ayudar a quien ha realizado la infracción o delito base (que ha de ser grave) a eludir las consecuencias de sus actos (núm. 1 del artículo citado).

4.- Ocultar o encubrir la verdadera naturaleza, origen, ubicación, destino, movimiento o derechos sobre los bienes o propiedad de los mismos a sabiendas de su procedencia ilícita (núm. 2 del art. 301 CP 1995/16398).

En el plano subjetivo no se exige un conocimiento preciso o exacto del delito previo (que, de ordinario, sólo se dará cuando se integren organizaciones criminales amplias con distribución de tareas delictivas), sino que basta con la conciencia de la anormalidad de la operación a realizar y la razonable inferencia de que procede de un delito grave (p. ej. por su cuantía, medidas de protección, contraprestación ofrecida, etc.). Así la STS núm. 1637/2000 de 10 de enero destaca que el único dolo exigible al autor y que debe objetivar la Sala sentenciadora es precisamente la existencia de datos o indicios bastantes para poder afirmar el conocimiento de la procedencia de los bienes de un delito grave.



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

Noutras ocasións, e con relación a cantidades coa orixe no tráfico de drogas, téñense por indicios para os casos de branqueo os seguintes: a) a cantidade de capital que é lavado ou branqueado, como elemento de primeira aproximación; b) a vinculación ou conexión coas actividades ilícitas, neste caso, tráfico de estupefacientes, ou con persoas ou grupos relacionados con aquelas; c) aumento desproporcionado do patrimonio durante o período de tempo a que se refire a devandita vinculación ou o manexo de diñeiro que, pola súa elevada cantidade, dinámica das transmisións e por tratarse de efectivo, poña de manifesto operacións estrañas ás prácticas comerciais ordinarias; e d) inexistencia de negocios lícitos que xustifiquen o incremento patrimonial ou as transmisións pecuniarias (SSTS 7752/2010, do 16 de decembro, do 3 de maio de 2006, do 29 de xuño e do 19 de xaneiro de 2005, do 2 de decembro de 2004, do 14 de abril de 2003, do 6 de xuño de 2002, do 28 de setembro e do 9 de marzo de 2001, do 10 de febreiro de 2000 e do 14 de maio de 1998).

Máis recentemente aínda, a STS, Penal, Sección 1ª, do 21 de xuño de 2017 (ROJ: STS 2568/2017 - ECLI:ES:TS:2017:2568) teima na súa doutrina de que, para a posible condena por un delito de branqueo de capitais de procedencia ilegal -partindo da premisa de que non é precisa a condena previa polo delito base de que provén o capital obxecto de branqueo-, a proba indiciaria se amosa como o medio máis idóneo e, na maior parte das ocasións, único posible para ter por acreditada a súa comisión (SSTS do 4 de xullo de 2006, e do 1 de febreiro de 2007); e designa como indicios máis habituais nesta clase de infraccións os seguintes:

a) *La importancia de la cantidad del dinero blanqueado.*

b) *La vinculación de los autores con actividades ilícitas o grupos o personas relacionados con ellas.*

c) *Lo inusual o desproporcionado del incremento patrimonial del sujeto.*

d) *La naturaleza y características de las operaciones económicas llevadas a cabo, por ejemplo, con el uso de abundante dinero en metálico.*

e) *La inexistencia de justificación lícita de los ingresos que permiten la realización de esas operaciones.*

f) *La debilidad de las explicaciones acerca del origen lícito de esos capitales.*

g) *La existencia de sociedades "pantalla" o entramados financieros que no se apoyen en actividades económicas acreditadamente lícitas.*

No relativo ao indicio da posible comisión do delito de branqueo de capitais consistente na inexistencia de negocios lícitos que poidan explicar as operacións cos bens ou cargos ou a súa mera posesión, é mester subliñar que a transparencia do sistema financeiro, para o ben da vida mercantil, esixe que, ante unha imputación administrativa ou penal sobre a procedencia ilícita dos capitais, os investigados asuman a carga de facilitar os datos que dun xeito ben nido acrediten a súa verdadeira orixe. Non se trata de probar a propia inocencia, nunha inadmisíbel inversión da carga da proba. Mais, ante a existencia de proba de cargo vía indicios, considérase esixible o ofrecemento dunha explicación exculpatória que



elimine ou diminúa o efecto incriminatorio daqueles, polo que tanto o silencio dos acusados como as explicacións fantasiosas, inverosímiles e mesmo de manida invocación polas defensas -v. gr. a envexable sorte dalgúns no relativo á puntería para facerse de xeito reiterado cos premios da lotaría e similares xogos de azar- confirmarán e reforzarán a incriminación. Neste sentido se expresa a STS, Penal, Sección 1ª, do 5 de abril de 2018 (ROJ: STS 1284/2018 - ECLI:ES:TS:2018:1284), que mesmo conclúe ao respecto que a falta de explicación plausible equivale a que non hai explicación posible.

IV.- OS MEDIOS DE PROBA E A SÚA AVALIACIÓN

OITAVO.- Consistiron na declaración dos acusados, na testemuñal e na pericial a pedimento do fiscal e das defensas, relacionadas todas elas coa profusa documental que todas as partes achegaron a esta ben voluminosa causa ao longo do procedemento e mesmo no momento do xuízo oral. Deseguido reflectimos o resultado das devanditas probas persoais e presenciais.

NOVENO.- Os acusados

Logo de non admitiren os feitos que se lles imputaban e non recoñecerse culpables, as súas declaracións na vista oral desenvolvéronse no mesmo sentido. Deste xeito, só dun modo sumario faremos referencia ao declarado por eles.

9.1.- Declaración de José Ramón [REDACTED] ([REDACTED])

Tivo negocios de importación de tabaco con outro socio - [REDACTED] - en Bélxica. Tivo residencia legal tanto en Bélxica

como en Panamá, xa que neste país conseguía o tabaco máis barato, que logo vendían en África. Tamén foi comisionista dun negocio de madeira e comercial dunha empresa de exportación de roupa. No relativo á entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL, el non participou na súa constitución, non sabe nada do seu capital social nin dos seus ingresos, e, se figuraba como o seu administrador, foi por solicitude da súa cuñada - [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] -, dada a confianza que esta tiña con el. Nunca tomou decisións pola amentada sociedade, e nunca mercou nada para ela pola súa iniciativa. Se asinaba como administrador daquela era porque o chamaba o avogado [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] - e a pedimento da súa cuñada. Das adquisicións por parte da inmobiliaria en que figuraba el como administrador nada sabe, malia constar el como asinante nelas. Cesou como administrador no ano 1989 pero non se inscribiu o cesamento ata o ano 1991.

Noutra orde de cousas, no ano 1986 xa vivía en Bélxica, ía e viña a España cada semana ou quince días por mor da enfermidade do seu pai, que morreu o 24 de maio de 1986. Se ben se separou xudicialmente de María Rosa [REDACTED] [REDACTED] no ano 1989, dende o ano 1982 xa non estaba con ela e tiña outra parella dominicana - [REDACTED] -, con quen vivía no Grove. Comezou a gozar dos permisos penitenciarios en maio de 2011. Co obxectivo de facer máis forza para a súa concesión, as fillas solicitáronlle á súa nai que fixese de aval e incluso nalgunha ocasión esta foi con elas buscalo á saída do cárcere, mais con ela nunca tivo un vis a vis, senón con outra persoa. Dende xaneiro de 2012 ata abril de 2015 todos os permisos os pasou na vivenda de [REDACTED], propiedade de Inmobiliaria San Saturnino, SL. E para que lle concedesen a liberdade condicional logrou unha oferta de traballo en Astilleros Facho, SL.



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

9.2.- Declaración de María Rosa [REDACTED] [REDACTED] (exesposa do anterior)

Se ben se separou xudicialmente de José Ramón [REDACTED] [REDACTED] no ano 1989 e se divorciou no ano 1994, en realidade dende o 1982 xa estaban separados de feito. Porque llo solicitaron as súas fillas e porque así era máis doado que lle deran os permisos de saída penitenciarios a aquel, ela prestouse á correspondente acollida, e mesmo nalgunha ocasión cre que foi recollelo coas fillas á saída do cárcere. Negou que tivese un vis a vis con aquel.

Leva moitos anos traballando, xa que a súa vida laboral comezou no ano 1991 e dende o 1994 figura no réxime de autónomos. No ano 1997 xa tiña un barco con dobre tripulación, de mañá e tarde, e un parque de cultivo de ameixa e berberecho. A empresa Inmobiliaria San Saturnino, SL, foi constituída pola súa irmá [REDACTED] e outros socios, un deles a súa tía. Ela mercouna dous anos despois, no 1987, cos seus cartos persoais e os das súas empresas. Logo ampliou o seu capital social do mesmo xeito. Os principais ingresos da sociedade eran os alugueiros que tiña e as operacións de compravenda en que participaba.

Cando ela comprou a inmobiliaria xa era administrador José Ramón [REDACTED] [REDACTED]. Mantívose no tempo este porque ela non sabía onde localizalo e máis que cesar aquel voluntariamente foi ela quen lle revogou os poderes. Era ela a que tomaba as decisións na inmobiliaria. Para as adquisicións e construcións de naves e dun edificio en Cambados tivera que solicitar os correspondentes préstamos hipotecarios sobre os aínda meros planos daquel, e chegou a ter, a partir do ano 1996, tres créditos que si que figuraban na contabilidade da empresa e que

non tería que solicitar se tivese efectivo abondo. A vivenda que a inmobiliaria tiña en ██████████, ██████████, Sanxenxo non era dela, senón que fora achegada á sociedade por un dos seus socios e así era cando ela mercou a sociedade.

No demais, recoñeceu as adquisicións que ou ben ela ou ben a súa inmobiliaria realizaran segundo o escrito de acusación do fiscal, aínda que dando as explicacións correspondentes verbo de como se efectuaron as compravendas e negando en todo caso a máis mínima achega en tal sentido por parte de José Ramón ██████████

9.3.- Declaración de Rosa María ██████████ ██████████ (a filla maior dos dous anteriores)

Comezou a traballar no ano 1997 en Astilleros Facho, SL, e gañaba aproximadamente uns mil euros ao mes. A propiedade en ██████████ ██████████, Sanxenxo mercouna como investimento e pagouna cunha hipoteca que amortizou nuns dez anos e coas axudas da súa nai e da súa avoa, os seus aforros, os cartos da venda dun coche, etc. Mercoulle a batea á súa avoa -que lla quería regalar- por 15 000 euros e mais outros 3000 euros pola concesión, que pagou nuns tres meses mediante transferencias bancarias. Do mesmo xeito e xa cos ingresos provenientes da explotación da batea, mercou unha praza de garaxe no porto náutico de Sanxenxo.

Vive co seu marido e fillos coa súa nai. Cando lle prestaban cartos era por transferencia bancaria. Os seus avós paternos tiñana a ela e á súa irmá como autorizadas nas súas contas bancarias e, se figuraba tamén autorizada na de Inmobiliaria San Saturnino, SL, era para axudar a súa nai, para ir ao banco, etc. Os extractos bancarios das súas contas foron achegados por



ela ás actuacións. Nunca recibiu ningún ingreso de fondos descoñecidos. E non ocupa a vivenda que mercou, na cal non vive ninguén e que non está acondicionada para vivir.



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA

9.4.- Declaración de María Josefa [REDACTED] [REDACTED] (excuñada de José Ramón [REDACTED] [REDACTED], irmá de María Rosa [REDACTED] [REDACTED] e tía de Rosa María [REDACTED])

Foi socia fundadora, xunto con outros, da entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL. Daquela achegou un piso e uns 25 000 000 de pesetas. Estiveron todos de acordo en que figurase como administrador José Ramón [REDACTED] [REDACTED], ao que ela coñecía dende os 11 anos e que consideraba como un irmán, pero el non interviña e só acudía a asinar. Era ela quen levaba a inmobiliaria, que fixara o seu domicilio social na súa propia casa en [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], rúa [REDACTED] [REDACTED]. Mentres ela foi socia, mercaron un piso en [REDACTED], e outro no edificio [REDACTED], de Vilagarcía de Arousa. Dispoñían xa entón de inmobles alugados, da casa de [REDACTED], o piso na rúa [REDACTED], e cada socio tiraba da súa conta e aforros.

Dous anos despois vendeulle as súas participacións sociais na inmobiliaria á súa irmá María Rosa [REDACTED] [REDACTED] por oito millóns de pesetas, que foi a oferta que recibiu. E, se volveu como socia á inmobiliaria no ano 1995, foi para facerlle un favor á súa irmá co fin de que non se tratase dunha sociedade unipersoal. Cando mercou no ano 1999 tivo que solicitar unha hipoteca por cinco millóns de pesetas.

Separouse no ano 1995 e percibía unha pensión alimentaria para a súa filla por 25 000 pesetas, aínda que, ás veces, o seu exmarido lle daba máis. No ano 2003 mercou unha concesión de ameixa e berberecho por 18 000 euros co importe dos alugueiros

e os seus aforros, ao igual que un automóbil. Precisaba da praza de garaxe no porto deportivo de Sanxenxo por mor dun negocio que tiña no edificio O Pazo da mesma vila. Se mercou no ano 2008 outro inmovible en ██████ Sanxenxo, foi cunha hipoteca.

E, no relativo aos seus ingresos, declarou que, á parte de traballar dende os 15 anos, recibiu unha indemnización pola morte do seu primeiro marido -uns dous millóns de pesetas-, e ela mesma tivo un accidente de tráfico polo que lle recoñeceron unha pensión de incapacidade nos anos 2006 ao 2008 e a indemnización no ano 2009. Ademais, os importes das vendas que fixo de varios inmoables -o 23 de outubro de 1990, o 15 de setembro de 1992 e o 23 de abril de 1996- non figuraban no informe de ██████ ██████ ██████ ██████. Engadiu que cobra a pensión de viuvez e que seguía a traballar. E que nunca recibiu nada de ██████.

9.5.- José Alberto ██████ ██████ ██████ ██████ só declarou ao seu avogado. En esencia manifestou que se dedica á construción; que Jolva, SL, era a metade de Inmobiliaria San Saturnino e a outra metade del. Coñeceu a María Rosa ██████ ██████ cando el estaba a facer unha obra e despois mercaron un terreo non edificable en ██████ por uns doce millóns de pesetas. Catro anos máis tarde recualificaron o terreo. E que María Rosa nunca fixo ningunha xestión para Jolva, SL, e que logo lle vendeu a súa parte no devandito terreo.

DÉCIMO.- A testemuñal

Como ██████ ██████ ██████ ██████ foi solicitado como testemuña pola defensa de María Rosa ██████ e tamén como perito polo fiscal, neste apartado só mencionaremos os que compareceron exclusivamente como testemuñas.



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

O axente da Garda Civil con carné profesional [REDACTED] interveu como xefe de grupo de Patrimonio da Policía Xudicial. E tanto el como o tamén axente do mesmo corpo con carné profesional [REDACTED] foron encargados de facer un informe sobre unha determinada referencia catastral que lles deu o xulgado instrutor. En concreto, sobre un fondo duns trece mil metros cadrados en [REDACTED]. Referiron ambos que consultaron o catastro, o Rexistro da Propiedade e no Concello de Sanxenxo; que se trataba dunha parcela grande, logo parcelada como nunhas 14 parcelas de Arlequín Rojo, SL, unhas 17 de Jolva, SL, e outras do devandito concello, e que cando eles foron non había obras nin estaban divididas.

[REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], como delegada daquela da Axencia Tributaria de Galicia, declarou en relación cun requirimento que se lle fixo o 21 de outubro de 2013. E manifestou que o contido da valoración previa da Administración e da autoliquidación eran iguais, que se trataba dunha copia para o interesado e outra copia para a Administración e que o contido era substancialmente idéntico.

[REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] declarou que lle vendeu un piso a Josefa en [REDACTED], un primeiro en 2008, e que o prezo non o recordaba. Manifestou que o prezo que figura na escritura foi o que ela cobrou, nin máis nin menos e que a compradora pagou cun talón.

[REDACTED] era veciño de Josefa dende 1999. El pagou polo seu piso uns seis millóns de pesetas. Indicou que Josefa ten unha placa de sistema de seguridade e que outra veciña máis arriba tamén ten. Aclarou que se trata de vivendas desocupadas.

Carmen [REDACTED], esposa do anterior e veciña de Josefa, é dona do [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]. Mercouno no ano 1999, pagou seis millóns de pesetas, prezo oficial e que pagou. Indica que ela ten placas de sistema de alarma e máis arriba tamén teñen outros propietarios. Explicou que é unha zona turística e que só van no verán.

[REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], veciño de Josefa, é dono do [REDACTED]. Mercouno en agosto de 2000 por nove millóns e medio de pesetas, sen sobreprezo.

[REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] é irmá do anterior e veciña de Josefa. Mercou o ático o 20 maio de 2010 por 100 000 euros e, fóra disto, non pagou nada máis.

DÉCIMO PRIMEIRO.- As periciais

A) Periciais solicitadas polo fiscal

11.1.- [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] foi o autor de tres informes: o primeiro do 19 de novembro de 2007, o segundo do 28 de outubro de 2008 e o terceiro do 6 de marzo de 2012. A teor do que neles consta e da declaración do seu autor no xuízo oral, a súa actuación derivaba dun denominado Plan de investigación de residencias suntuarias desenvolvido no ano 2007 na zona do Salnés, que consistía na investigación da falla de correspondencia daquelas vivendas coas rendas declaradas polos seus propietarios ou usuarios. O obxecto do amentado plan foron uns 500 inmobles en Vilagarcía de Arousa e uns 400 en Cambados.

O **informe do 19 de novembro de 2007** realizouno por mor da solicitude de ampliación dun informe anterior no seo das



dilixencias da Fiscalía de Pontevedra 118/2007, sobre a información relativa a unha boleira e un disco-pub, titularidade patrimonial e investimentos en ambos os dous negocios, que presuntamente poderían pertencer a Rosa María [REDACTED] [REDACTED], dentro da relación desta co denominado grupo familiar dos [REDACTED], e, sobre todo, con [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]. Neste informe, como resultaba obvio, facíase mención a que Rosa María [REDACTED] [REDACTED] era filla do matrimonio formado por José Ramón [REDACTED] [REDACTED] e María Rosa [REDACTED] [REDACTED]. Tamén se reflectía que Rosa María [REDACTED] [REDACTED] aparecía como titular dun inmovible en [REDACTED] [REDACTED], Sanxenxo, adquirido o 6 de xuño de 2001; que este mesmo día constituíra unha hipoteca polo prezo da compravenda que aínda estaba a amortizar; que dende o 2001 investía 1800 euros anuais nun plan de pensións; que adquirira o 25 de setembro de 2003 un terreo rústico, que non se logrou identificar, da súa avoa paterna; unha praza de amarre -que logo se demostrou ser unha praza de garaxe- no porto deportivo de Sanxenxo o 18 de agosto de 2005 pola cantidade de 18 000 euros; outros préstamos hipotecarios; e diversos vehículos de motor ao seu nome ou da súa familia.

Como sociedades vinculadas mencionábanse Inmobiliaria San Saturnino, SL, Jolva, SL -cuxo administrador era José Alberto [REDACTED] [REDACTED]-, e Astilleros Facho, SL, que se consideraba que pertencía a José Ramón [REDACTED] [REDACTED]. Como rendas de Rosa María [REDACTED] [REDACTED], o informante reflectía dende o 1997 as retribucións polo seu traballo en Astilleros Facho, SL, coincidentes nalgúns anos coas procedentes doutras empresas e coas derivadas dunha actividade pesqueira.

E, logo dunha serie de consideracións verbo do relacionado con [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], os demais integrantes do seu grupo familiar, sociedades vinculadas -Arousa Crisis, SL, DNI, La

Bohème, London, Quid, Expansión Hostelera de Arosa, SL, Expansión de Arosa, SL, Iniciativas Gesarvi, SL, e moitas máis- , remataba o perito por subliñar as relacións de Rosa María [REDACTED] [REDACTED] con Kaiser Center, Expansión Arosa, SL, Expansión Hostelera de Arosa, SL, con dous restaurantes dos cales percibiu retribucións salariais, e a transmisión dun automóbil a [REDACTED].

O **informe do 28 de outubro de 2008** xa o fixo o perito no seo das dilixencias previas 170/2008 do Xulgado de Instrución número 2 de Vilagarcía de Arousa. A orixe destas fora, como xa reflectimos, a presentación polo fiscal dunha denuncia polo delito de lavado de diñeiro contra [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] e Rosa María [REDACTED] [REDACTED]. Reflectíase na devandita denuncia do fiscal que semellaba existir unha vinculación entre o grupo familiar dos Gerardos -en concreto, [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]- e Rosa María [REDACTED] [REDACTED], filla de José Ramón [REDACTED] [REDACTED] ([REDACTED] [REDACTED]), de xeito que esta aparecía como a auténtica titular de determinados activos: da boleira, cafetería e disco-pub que xiraban baixo o nome de Kaiser Center. O resultado das amentadas dilixencias -sobresemento provisional a pedimento do propio fiscal- xa tamén o reflectimos.

No devandito informe reflectíanse como rendas de Rosa María [REDACTED] [REDACTED] dende 1999 as procedentes de Astilleros Facho, SL, compaxinadas nos anos 2000 e 2001 coas provenientes de Expansión Hostelera de Arosa, SL, El Pampero Gallego, SL, e Don Genaro Villagarcía, SL, e a partir do ano 2003 coas dunha actividade pesqueira. No relativo aos datos patrimoniais, reiterábase o expresado no informe do 19 novembro de 2007. Do



seu marido -[REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]- reflectíanse as rendas de traballo por conta allea na actividade pesqueira. E deseguido informábase das sociedades -Inmobiliaria San Saturnino, SL, Astilleros Facho, SL, e Expansión de Arosa, SL-.



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTIZIA

No apartado dedicado ás conclusións, de Rosa María [REDACTED] [REDACTED] reflectíase, en esencia, o seguinte: que a única relación dela co obxecto do informe era a súa intervención na constitución de Expansión de Arosa, SL, xa que da análise do seu patrimonio persoal e das súas rendas non se desprendían datos que revelasen a incongruencia das fontes de financiamento declaradas; que Inmobiliaria San Saturnino, SL, que posuía un gran número de propiedades, pertencía case integramente á súa nai -María Rosa [REDACTED] [REDACTED]- e que unha boa parte desas propiedades se adquiriran había moito tempo; que a investigación das compras máis recentes e do financiamento dese patrimonio debería realizarse noutro procedemento; e que a intervención daquela na constitución de Expansión de Arosa, SL, e a transmisión das súas participacións sociais nesta o 16 de novembro de 2000 podían reflectir o investimento de fondos ocultos que, á falta de máis información, non resultaban coherentes coa renda e patrimonio de que gozaba.

E o **informe do 6 de marzo de 2012** primeiro foi mandado á Fiscalía -para a súa unión ás dilixencias 94/2012- e despois por esta enviado ao Xulgado de Instrución número 2 de Vilagarcía de Arousa para a súa incorporación ás dilixencias previas 443/2009. No encabezamento do devandito informe dicíase que foran verificados toda unha serie de feitos en relación con María Rosa [REDACTED], Rosa María [REDACTED] e Josefa [REDACTED] [REDACTED] por constar ser titulares dun patrimonio que, en principio, non aparecía xustificado polos ingresos que percibían. Destaca do seu informe, no relativo a María Rosa

██████████ ██████████, que as rendas que percibía procedían, fundamentalmente, dos parques de cultivo de bivalvos con cuxas concesións se fixera. Malia a natureza da actividade e o volume de vendas, só dispuxera dun empregado dende 2004. Ademais, percibía un alugueiro por un apartamento de Vilagarcía de Arousa e, en menor medida, algúns ingresos de capital mobiliario.

No relativo a Rosa María ██████████ ██████████, dende 1997 percibía retribucións do traballo persoal en Astilleros Facho, SL. No 1999 constitúe, con outro, a entidade Expansión de Arosa, SL, no ano 2000 percibe retribucións de Expansión Hostelera de Arosa, SL, e dende o 2001 traballou para dúas sociedades con restaurantes en Vilagarcía de Arousa: El Pampero Gallego, SL, e Don Genaro Villagarcía, SL. No 2003 a súa avoa paterna, ██████████ ██████████ ██████████, transmítelle unha batea dedicada ao cultivo da ostra plana e a vieira, a cuxa actividade se dedicará dende novembro do mesmo ano. E solicitou un préstamo hipotecario o 6 de xuño de 2001 con ocasión da compra do chalé de ██████████ ██████████, Sanxenxo, por importe de 150 000 euros, que o 31 de decembro de 2010 presentaba un saldo pendente de 5936,51 euros.

En canto a Josefa ██████████ ██████████, o perito refería que non vivía coas anteriores no edificio da rúa ██████████ ██████████, de Cambados, senón no complexo inmobiliario de ██████████ ██████████, Sanxenxo, cuxa titularidade asumira en parte e doutros inmobles; adquirira un punto de amarre -en realidade unha praza de garaxe- nesta última vila e, como a súa irmá María Rosa e a súa sobriña Rosa María, desenvolvía unha actividade económica similar. Traballou por conta allea con rendas limitadas que incrementou co arrendamento dun local comercial adquirido na ██████████ ██████████ ██████████ ██████████ Sanxenxo, onde se explotaba unha cafetería. No 2002 adquirira, como a súa irmá María Rosa, unha concesión administrativa para



a explotación dun parque de cultivo de bivalvos, e a partir do 2006 percibe unha pensión do ISM (Instituto Social da Mariña). Contratara a instalación e mantemento dunha central de alarmas para a súa vivenda en [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] mentres que a destinada á súa irmá no número [REDACTED] a contratara Inmobiliaria San Saturnino, SL. E só lle constaba a obtención en outubro de 1999 dun préstamo de 30 050,61 euros, que xa non existía, e doutro hipotecario o 9 de setembro de 2008 por importe de 120 000 euros con ocasión da compra da outra parte da planta baixa da casa de [REDACTED] e que o 31 de decembro de 2010 presentaba un saldo pendente de 53 963,19 euros.

E, no relativo a Inmobiliaria San Saturnino, SL, o perito informou de que se trataba da sociedade onde estaba depositada a maior parte do patrimonio inmobiliario do grupo familiar, aínda que a totalidade do seu capital pertencía a María Rosa [REDACTED] [REDACTED]. Ademais doutros datos e circunstancias que xa constan e reflectimos, a única actividade económica que desenvolvía a sociedade -agás a promoción da edificación dun dos edificios da súa propiedade- era o arrendamento de parte dos inmobles que formaban parte do seu activo, conservando a outra parte para uso dos propietarios. O patrimonio inmobiliario da sociedade -34 propiedades en total- como inmovilizado material estaba valorado por debaixo do valor catastral e o perito xa refería que o seu valor de mercado podía alcanzar cifras moi superiores. A fonte de ingresos da sociedade viña dada polo arrendamento das instalacións a Astilleros Facho, SL, e outros arrendamentos, fundamentalmente o de varios departamentos do edificio situado na [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] de Cambados, obxecto de promoción no seu día, e do local de [REDACTED] que estivera alugado a Servicio Rápido Charbe, SL, e algún outro piso, e, a partir do ano 2007, o arrendamento da cafetería [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]. Constaban varios

créditos, un por importe de 90 151 euros, coincidente coa adquisición do chalé e fondos de ██████ onde está o inmovible de Rosa María ██████ ██████, e outro por importe de 384 800 euros, relacionado co devandito negocio ██████ ██████. A conclusión do perito era que a sociedade se constituíra para asumir a titularidade do terreo e instalacións onde estaba situada a empresa Astilleros Facho, SL, que se adquirira con financiamento descoñecido. E que a partir deste momento utilizaba as rendas procedentes destes estaleiros para realizar investimentos inmobiliarios e percibir á súa vez novos rendementos derivados destes e acumular un patrimonio, parte do cal se destinaba a uso familiar.

En canto a Jolva, SL, constituírase en 1988 para asumir a titularidade dun terreo en ██████, Sanxenxo. As participacións sociais que en Jolva, SL, tiña Inmobiliaria San Saturnino, SL, foron vendidas por esta o 14 de agosto de 2007 a Arlequín Rojo, SL, representado polo seu administrador, José Alberto ██████ ██████, por un importe de 1 200 000 euros, que lle suporía á devandita inmobiliaria un beneficio de 1 189 482,29 euros. Mais deseguido o perito facía unha serie de consideracións en relación coas estipulacións daquela compravenda de participacións sociais, que concluían con que esta carecía por completo de todo sentido para Inmobiliaria San Saturnino, SL, xa que durante seis anos non podía vender as súas participacións sen ningún tipo de compensación, e Arlequín Rojo, SL, tiña eses mesmos seis anos para decidir se compraba ou non as participacións sociais sen prestación ningunha a cambio.

De Astilleros Facho, SL, referiu o perito que a constituíran no 1995 dous dos seus traballadores - ██████ ██████ ██████ ██████ e ██████ ██████ ██████ - e que José Ramón ██████ ██████ foi



retribuído por esta entidade nos anos 1999, 2000 e 2001. Lembraba o perito que dos estaleiros, que pagaban o alugueiro a Inmobiliaria San Saturnino, SL, tamén cobrou Rosa María [REDACTED]



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

Deseguido o perito pasaba a reflectir o patrimonio dos acusados para concluír que se trataba dun patrimonio enorme e todos os recursos que constaban para a súa acumulación procedían do mesmo patrimonio, sen que se detectasen fontes alleas onde poder encontrar a súa orixe. Indicaba tamén que, incluso considerando tales rendementos, non podería xustificarse a acumulación patrimonial. E, como colofón, expresaba que todas as rendas declaradas polos integrantes do grupo procedían do propio patrimonio e eran insuficientes para xustificar a súa tenza; que non existía constancia da existencia de recursos alleos legais que puidesen dar orixe ao patrimonio; que os elementos integrantes deste se destinaban tanto a uso e gozo dos membros da familia como a achegar fondos destinados ao seu mantemento; e que para el concorrián indicios suficientes para considerar que a orixe do patrimonio detectado estaba nas actividades delituosas de José Ramón [REDACTED] ([REDACTED]).

O autor dos devanditos informes considerou, xa no xuízo oral, a Inmobiliaria San Saturnino, SL, como unha sociedade patrimonial que non realizaba actividade económica e na que tan só se colocara un patrimonio. A orixe desta descoñecía e no seu desenvolvemento non aparecían xustificadas os investimentos que facía. Tampouco se amosaban coherentes as rendas co patrimonio que declaraba. E que todo isto puidera descubri-lo mediante a consulta da correspondente base de datos de que dispoñía. Mais, deseguido, a preguntas de todas as partes, insistiu en que nin a realizara nin se trataba dunha investigación exhaustiva,

senón dentro do programa en que se movía -o de vivendas suntuarias- e que utilizaba os instrumentos da súa base de datos. Que antes do ano 1995 non sabía de nada relacionado co alugueiro das dúas naves no lugar do ██████████, Cambados. Limitouse aos inicios de Inmobiliaria San Saturnino, SL, e investigou un pouco de Astilleros Facho, SL, pero non ao detalle.

A preguntas da defensa de José Ramón ██████████, aclarou que só investigou o patrimonio e os seus titulares, nada máis, para que logo a Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) o enviase a onde considerase; que investigou se algunha fonte de financiamento podía xustificar o patrimonio de Inmobiliaria San Saturnino, SL, tendo en conta quen a constituíu, quen era o seu administrador, as relacións familiares, etc., pero non investigou o seu administrador, actividades económicas deste, etc. Mesmo cando se lle preguntou se sería relevante para o resultado das conclusións do seu informe ter investigado as actividades económicas de José Ramón ██████████ ██████████, respondeu que si sería relevante se vise unha fonte de financiamento económico que viñese de calquera persoa. E á pregunta de se neste caso o que non determinou é que houbera unha fonte de financiamento proveniente de José Ramón ██████████ ██████████, contestou que non lle constaba ningunha fonte de financiamento. E á pregunta de se chegara a constatar se algunha fonte de financiamento proviña de José Ramón ██████████ ██████████, contestou que non, por suposto que non.

Deseguido, a preguntas da defensa de María Rosa ██████████ ██████████, insistiu o autor dos informes en que con eles non pretendía sacar ningunha conclusión, só tirar uns feitos para poñelos en coñecemento da Administración para que esta procedese. Que antes do ano 1993 tampouco sabía que ingresos tivera María Rosa



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA

██████████ ██████████, que se houbera algún dato anterior aparecería. Non fixo unha investigación alén dos seus datos e non investigou a súa carreira profesional nin laboral. Analizou as bases de datos, impostos de sociedades, o IVE, operacións con terceiros, retencións, etc., pero non lle pareceu interesante requirir a contabilidade de Inmobiliaria San Saturnino, SL, porque a súa investigación non se producía sobre o obrigado tributario. Tratábase así dunha información previa que facía que unha persoa puidese ser incluída nun plan de inspección e ser obxecto desta. Sería entón con motivo da inspección cando se requirirían todos os datos. Era unha inspección previa para constatar que concorrián as circunstancias que aconsellaban xa realizar unha investigación máis profunda. Ese informe seu era algo preliminar, previo. As contas bancarias tampouco foron consultadas porque se partiu tan só dos datos declarados por Inmobiliaria San Saturnino, SL. Non se encontrou ningún ben oculto nesta sociedade porque non foi investigada máis alá da súa base de datos. Se se relacionaba Astilleros Facho, SL, con José Ramón ██████████ ██████████ e a súa familia, era debido aos datos de Vixilancia Aduaneira e da policía.

A preguntas da defensa de Rosa María ██████████, contestou que o seu estudo era unha visión dos datos de relevancia. Non houbo unha investigación profunda. Non se pediu a contabilidade, non se requiriu ningunha información externa, tan só sinxelamente se trataba de establecer a relación que había entre as persoas e o contorno, segundo a súa base de datos. Non consultou o Rexistro da Propiedade, as notaría, nada máis que a súa base de datos, dende a que pode acceder ás contas correntes e aos seus saldos, mais que non comprobou nin analizou as contas correntes, movementos bancarios, e as nóminas de Rosa María ██████████, só as declaracións impositivas. Tampouco consultou as escrituras públicas. Indicou que era notorio que Astilleros

Facho, SL, era de José Ramón [REDACTED] [REDACTED]. Que o seu informe era un estudo previo sobre un patrimonio, non unha inspección. E que si que variaría o seu estudo se tivese coñecemento dos movementos económicos relacionados coa explotación da batea.

A preguntas da defensa de María Josefa [REDACTED] contestou que non sabía nada de dúas adquisicións realizadas por ela - unha na [REDACTED] [REDACTED] de Sanxenxo e outra na circunvalación de Portonovo-. El iniciou o seu estudo no ano 1993 e de aí para atrás non sabía nada. Tampouco sabía nada dunha venda daquela no ano 1990 por case un millón e medio de pesetas, doutra no ano 1992 por uns sete millóns de pesetas, nin detectou unha escritura pública do 23 de abril de 1996 verbo doutra venda por uns tres millóns de pesetas, o que lle resultaba ben estraño polo carácter público da venda. Tampouco constatou a existencia dunha póliza de crédito do ano 1998 do Banco Simeón pola cantidade de medio millón de pesetas. Sabía que outra dos peritos - [REDACTED] - non tivera en conta o que cobrara os anos 2006, 2007 e 2008 por unha pensión de incapacidade do ISM. E que, se fixese un novo informe con todos estes novos datos, ingresos, pensións, vendas, etc., dende logo que mudaría o resultado completamente, nun sentido ou noutro.

11.2.- [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], como técnica de Facenda, realizou un informe o 20 de outubro de 2014. A súa encomenda, por mor dun auto do 5 de setembro de 2013 do xuíz instructor, foi a de realizar un estudo económico que fixese unha relación do histórico de ingresos e gastos da entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL, co obxecto de determinar se era posible xustificar a adquisición da totalidade do seu patrimonio e se os patrimonios dos demais investigados estaban igualmente xustificadas cos seus respectivos ingresos. O seu informe, ao



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTIZIA

que cómpre remitirse, indica en esencia o que reproducimos de seguido.

María Rosa [REDACTED] recibía os seus ingresos, fundamentalmente, dunha explotación relacionada coa acuicultura e dos alugueiros de bens inmobles, en concreto, dun piso en Vilagarcía de Arousa. Figuraba de alta no IAE (imposto de actividades económicas) dende o 1 de xaneiro de 1992 na epígrafe correspondente á actividade agrícola. Dende o 1 de agosto de 1991 estaba incluída no réxime especial da agricultura, gandería e pesca e determinaba o rendemento neto da súa actividade económica para os efectos do IRPF (imposto sobre a rendas das persoas físicas) baixo a modalidade simplificada do réxime de estimación directa. Tras reflectir os ingresos netos percibidos nos distintos exercicios -anos 2000 a 2010- e subliñar diversas cuestións neles -achegas a plans de pensións, adquisicións de dous vehículos de segunda man, vendas de valores na bolsa, adquisición dun inmovible rústico relacionado co cultivo de bivalvos, presentacións de declaracións polo IRPF, adquisición dunha embarcación auxiliar para o cultivo de bivalvos a Astilleros Facho, SL, presentación por primeira e única vez no ano 2005 da declaración sobre o patrimonio, alta dun traballador no cultivo de bivalvos, adquisición do dereito de uso dunha praza de garaxe no porto náutico de Sanxenxo-, o seu patrimonio inmobiliario -un inmovible na rúa Hospital número 9 de Cambados, un apartamento na [REDACTED] número [REDACTED] de Vilagarcía de Arousa, e a praza de garaxe no [REDACTED] de Sanxenxo-, os saldos bancarios dos anos 2008 a 2010, a súa condición de socia e administradora única de Inmobiliaria San Saturnino, SL, e que lle concederan a esta dous préstamos por un total de pouco máis de 130 000 euros que non devindicaron

xuros, remataba por concluír que non había tanta incongruencia entre o patrimonio que posuía e a renda que viña declarando.

No tocante a Rosa María [REDACTED] [REDACTED], os seus ingresos proceden, principalmente, de rendementos do traballo, en concreto e a partir do 2001, de Astilleros Facho, SL, e dende o 2003, ano en que adquire unha batea da súa avoa paterna, [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], de rendementos de actividades económicas. Logo de reflectir os ingresos netos percibidos nos distintos exercicios -anos 2000 ao 2010- e de subliñar diversas cuestións neles -achegas a plans de pensións, adquisición no ano 2001 dun inmovble en [REDACTED] [REDACTED], Sanxenxo, por importe de 150 253,03 euros, e contratación dunha hipoteca polo mesmo importe, pagamentos desta hipoteca, a adquisición no ano 2003 da devandita batea por uns 18 535 euros, adquisición e venda no ano 2004 dun automóbil de segunda man, adquisición dunha praza de aparcamento no porto deportivo de Sanxenxo, adquisición doutro vehículo de motor tamén de segunda man, que no ano 2009 non ten imputacións de vendas nin de compras e non declara rendementos de actividades económicas, que resulta agraciada cun premio da lotaría do Nadal por importe de 30 488,28 euros-, o seu patrimonio inmobiliario -unha propiedade denominada [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], situada en [REDACTED], [REDACTED], Sanxenxo, o dereito de uso e gozo da amentada praza de aparcadoiro, e a concesión administrativa para o cultivo de ostra plana e de vieira- e os saldos bancarios dos anos 2008 ao 2010, a perita concluía que a renda de Rosa María [REDACTED] [REDACTED] non semellaba xustificar o seu nivel de vida, de gastos nin a adquisición do chalé de [REDACTED] [REDACTED], Sanxenxo. Esta compra financiárase cun préstamo hipotecario, pero as amortizacións efectuadas -sen xustificación posible dados os ingresos declarados- neses anos determinaban que estivese practicamente cancelado.



Josefa ██████████ ██████████ figura de alta no IAE na epígrafe correspondente a actividades agrícolas dende o 12 de maio de 2003 e dende entón aparece incluída no réxime especial de agricultura, gandería e pesca do IVE; e, para os efectos do IRPF, tamén dende aquela determina o rendemento neto da súa actividade na modalidade simplificada do réxime de estimación directa. Dende o 15 de setembro de 2008 está dada de alta na obrigaón de practicar retencións sobre rendementos do traballo que satisfai. No 2003 inicia a actividade económica de explotación do cultivo de bivalvos tras a adquisición dunha batea; a partir dese momento declara rendementos de actividades económicas e ata daquela os seus ingresos basicamente consistían nos arrendamentos e cativos rendementos do traballo durante os exercicios 1993 ao 1996. Dende o 2006 cobra unha pensión do ISM no concepto de rendementos do traballo. Tras reflectir os ingresos netos percibidos nos distintos exercicios -anos 2000 a 2010- e subliñar diversas cuestións neles -achegas a plans de pensións, pagamentos dun préstamo hipotecario contraído no 1999, imputacións de pagamentos, adquisición dunha concesión administrativa para o cultivo de bivalvos, cotizacións sociais como autónoma, o cobro da pensión do ISM, adquisición dun vehículo de segunda man, pagamento doutro préstamo hipotecario contraído no 2008, dar de alta un traballador asalariado co correspondente pagamento dos salarios, a contratación dunha empresa de seguridade-, o seu patrimonio inmobiliario -casa en ██████████ ██████████ ██████████ Cambados, dous pisos nos baixos ██████████ e ██████████ dun edificio situado en ██████████, Sanxenxo, o dereito de uso e gozo temporal dunha praza de garaxe no ██████████ ██████████ de Sanxenxo, un local comercial na rúa ██████████ ██████████ de Sanxenxo, unha casa na ██████████ entre Portonovo e Sanxenxo- e os saldos bancarios dos anos 2008 ao 2010, a perita remataba por

concluir que o patrimonio acumulado, o nivel de vida que supoñía o anterior, os saldos bancarios, vehículos, medidas de seguridade, etc. non se amosaban coherentes coa renda de que aparentemente dispoñía, xa que esta non lle alcanzaría nin para cubrir o consumo medio dunha familia consonte o INE (Instituto Nacional de Estatística). En especial, subliñaba a perita, que no exercicio do 2010 declarara perdas na actividade económica e contaba cun saldo nas contas bancarias de 131 385,53 euros, o que supoñía un incremento de 81 463,76 euros con respecto ao saldo do exercicio anterior.

Jolva, SL, constituírase o 4 de agosto de 1988 para asumir a titularidade dun inmovible en [REDACTED] número [REDACTED], de Sanxenxo. Estivo participada ata o 2007 ao 50% por Inmobiliaria San Saturnino, SL, e por [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], SL, sendo o seu administrador José Alberto [REDACTED] [REDACTED]. No referido ano 2007, Inmobiliaria San Saturnino, SL, vendeu por 1 200 000 euros as súas participacións sociais en Jolva, SL, a Arlequín Rojo, SL, da cal tamén era administrador José Alberto [REDACTED] [REDACTED], mais non se detectou ningún movemento en efectivo acreditativo de tal circunstancia, fundamentalmente, pola constante ampliación do prazo de pagamento do prezo e a entrega de novos compromisos de pagamento. Tras reflectir que Jolva, SL, tributaba no imposto de sociedades conforme ao réxime de sociedades transparentes ata o exercicio 2006, que non presentaba imputacións de ingresos en ningún exercicio e os gastos declarados nos anos 2008 ao 2010, concluía a perita que non había ningún dato que testemuñase que a sociedade desenvolvía algunha actividade, e que tiña un patrimonio neto consonte as declaracións do imposto sobre sociedades presentadas de 81 545,32 euros, que permanecía invariable durante todos os exercicios que comprobara.



No atinente a Inmobiliaria San Saturnino, SL, verbo da súa constitución e vida posterior ata a data de realización do informe da perita [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], á parte do que xa reflectimos con anterioridade, cómpre remitirse ao que de xeito cronolóxico e ben exhaustivo recolle ela no seu informe. Só cómpre subliñar que, sendo María Rosa [REDACTED] [REDACTED] a súa socia e administradora única, a súa filla Rosa María [REDACTED] [REDACTED] tamén figura como autorizada nas contas bancarias. E que as fontes de ingresos da entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL, ao longo dos distintos exercicios eran fundamentalmente dúas: o alugueiro das instalacións a Astilleros Facho, SL (do cal percibía os seus emolumentos salariais Rosa María [REDACTED] [REDACTED]), vinculada ao grupo familiar, e outros alugueiros de inmoables, como pisos ou locais do edificio situado na [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] ou o local de [REDACTED], alugado a Servicio Rápido Charbe (entidade a que, por certo, lle vendeu un dos coches que mercou Rosa María [REDACTED] [REDACTED]). Logo a perita expresaba no seu informe os ingresos e gastos dos exercicios 2001 ao 2010, as declaracións polos impostos de sociedades, IVE, hipotecas constituídas, o patrimonio anterior a 2001 cos seus respectivos valores de adquisición e de mercado (1 152 687,93 e 1 973 623,12 euros) e as contas anuais da sociedade, para rematar concluindo que a acumulación patrimonial de Inmobiliaria San Saturnino, SL, non estaría xustificada coa actividade produtiva que realizaba, sen que se puidesen acreditar os recursos que xerou ese patrimonio ao longo dos anos.

Logo da cumprida e exhaustiva declaración -máis de dúas horas e media- no acto da vista oral, a mesma perita [REDACTED] [REDACTED] en esencia veu a manifestar o seguinte: as fontes do seu informe foron a documentación existente nas actuacións, o anterior informe do 6 de marzo de 2012 de [REDACTED] [REDACTED]

██████████ ██████████, os informes das valoracións inmobiliarias, as bases de datos da Axencia Tributaria, e os datos bancarios (movementos, depósitos, fondos de investimento, etc.).

A preguntas do fiscal, fixo as seguintes aclaracións:

Non tivera acceso aos saldos bancarios dos investigados, tan só aos movementos -por exemplo, depósitos ou fondos de investimento-.

Os ingresos de María Rosa ██████████ ██████████ eran os alugueiros e os procedentes dunha explotación relacionada coa acuicultura. Como patrimonio tiña un piso na rúa ██████████ de Cambados, outro en Vilagarcía de Arousa e unha praza de garaxe en Sanxenxo. Non encontraba xustificadas nin un depósito nin unha conta bancaria que a propia María Rosa declarara na única declaración de patrimonio que fixera por importe de 125 000 euros. Non encontrou xustificación para este depósito nin para a procedencia dos préstamos que ela lle concedía a Inmobiliaria San Saturnino, SL, segundo aparecía nas contas anuais desta última nos anos 2005 e 2008 por un total de case que 130 000 euros, que de ningún modo se xustificarían cos seus ingresos e patrimonio persoal. Deuse de alta por primeira vez no IAE no ano 1992 e gran parte do seu patrimonio tiña a través de Inmobiliaria San Saturnino.

No relativo a Josefa ██████████ ██████████, a perita indicou que non xustificaba o patrimonio que tiña, nin o seu nivel de vida, compras de vehículos, etc. A partir do 1993 e ata 2003 tivera uns ingresos de cativa contía. Os gastos foron superiores aos ingresos en moitos anos. Non encontrou xustificación a como pagou a batea por un total de 18 000 euros. Tampouco para o pagamento no 2005 dunha praza de garaxe, para a compra duns



baixos no mesmo inmovble en [REDACTED], Sanxenxo, dun local nesta mesma vila e, en fin, para ningunha das adquisicións que realizara. A circunstancia de que ela ou o seu exesposo vendesen determinadas propiedades non afectaría as conclusións a que chegou no seu informe, nin tampouco o feito de percibir no ano 2009 unha indemnización por un accidente de tráfico.

No caso de Rosa María [REDACTED] [REDACTED] manifestou que adquirira no ano 2001 o fondo [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], nese mesmo ano percibía rendementos por traballos en Astilleros Facho, SL, e que no 2003 mercara unha batea, amais dunha praza de aparcamento en Sanxenxo. Aclarou que Inmobiliaria San Saturnino, SL, no 2003 realizara unha serie de adquisicións a Islafer e, entre estas, un fondo denominado tamén Pradocelo. O que adquirira Rosa María no 2001 tamén se denomina [REDACTED]. A valoración de Valmesa era a relativa á vivenda que había na propiedade que adquirira a inmobiliaria, pero esa vivenda non existía no predio da inmobiliaria, senón que era a que adquirira Rosa María no 2001. Velaí a confusión. A adquisición por parte desta fora por uns 150 000 euros e de ningunha maneira se xustificaban as anteriores adquisicións de Rosa María cos seus ingresos nin tampouco as amortizacións tan rápidas do préstamo que tiña.

No relativo a Jolva, SL, a perita explicou que se trataba dunha sociedade sen actividade e que resultaba ben estraña a escritura de transmisión das participacións sociais de Inmobiliaria San Saturnino, SL, a Arlequín Rojo, SL, polo calendario de pagos e porque non se transmitía a propiedade daquelas.

No que atinxe á entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL, os seus fundamentais ingresos proviñan dos alugueiros. Non

encontrara xustificación a como se pagaran as naves dos estaleiros do [REDACTED] nin había constancia do préstamo hipotecario nin de débedas a longo prazo para pagar aquelas, pois non aparecían na contabilidade da sociedade. En todo caso, a hipoteca non sería suficiente para xustificar a adquisición daquelas naves. E, se non aparecían as débedas na contabilidade da empresa, era debido a que había un activo que suporía uns ingresos e os xuros pagábanse á marxe da contabilidade. Se non aparecían as débedas entón sería porque non se quería que aparecese a contrapartida con que se estaban a pagar. Indicou tamén que os valores de adquisición dos inmobles eran inferiores aos de taxación e aos de mercado. E, en fin, que non se xustificaba o patrimonio da sociedade cos seus ingresos.

A preguntas das defensas, aclarou o seguinte. Se algún informe tivo en conta para facer o seu foi o que [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] fixera no 2012, non os anteriores, aínda que poida que os vise. Considerou inxustificada o patrimonio de María Rosa [REDACTED] [REDACTED] en relación cos seus ingresos. A circunstancia de que puidese coñecer as amortizacións dos préstamos en nada mudaría o seu informe, porque, entre outras cousas, habería que comprobar a orixe dos fondos empregados para aquelas amortizacións.

11.3.- Outro perito que interveu foi [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]. Realizou un informe de valoración duns terreos rústicos no [REDACTED] [REDACTED], Cambados. Por non dispoñer da súa identificación catastral, fixo a súa valoración presumindo que eran as mesmas propiedades que aparecían na nota rexistral. Por iso manifestou que o seu non era un informe de valoración propiamente dito, senón unha mera estimación de valor medio do que podían valer aqueles terreos; partía dos estudos de



mercado que elaboraba a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia en concellos próximos, collía as testemuñas máis parecidas e obtiña así o amentado valor medio do que podía valer o metro cadrado nesa bisbarra, e nesa área. Logo recoñeceu que non foi ao terreo, que só se trataba dunha mera estimación e non duns valores reais, e que, se puidese identificar os fondos, o seu informe podería mudar. E engadiu que el non viu a escritura pública de compravenda do fondo rexistral número 13669 (doc. 7 achegado pola defensa de María Rosa [REDACTED] [REDACTED]), que non o taxou pericialmente e que non encontraba explicación para a diferenza tan abismal entre algunhas valoracións.

11.4.- [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] tamén foi solicitada como perita. Como arquitecta técnica foi a perita taxadora da entidade Valmesa. No acto do xuízo oral declarou, en esencia, o seguinte. Realizou varios informes para a Axencia Tributaria. O seu foi un labor de campo recollendo datos para logo introducilos no correspondente programa de ordenador de Valmesa, e, xa que logo, non constituía o traballo total, pois deseguido outros dous taxadores [REDACTED], da Coruña, e [REDACTED], de Madrid- ían detrás dela e confirmaban e facían a correspondente valoración final.

Deseguido, a preguntas do fiscal sobre determinados inmobles - nave industrial no [REDACTED]; un edificio que daba á rúa [REDACTED] e á [REDACTED] [REDACTED], de Cambados; outros dous inmobles en [REDACTED], Sanxenxo; outra nave en [REDACTED], Cambados; unhas parcelas en [REDACTED] [REDACTED], Sanxenxo; dous baixos en [REDACTED], Sanxenxo; etc.- limitouse a dicir que ela ía polos sitios, facía fotografías, e trataba de situar os inmobles no planeamento. Non lembraba as visitas aos lugares polos que era interrogada, si que nunca visitaba por dentro os inmobles nin se introducía no seus

recintos, e remitiuse a que, se figuraba a súa sinatura nos informes, significaba que iría. Que ela calculaba o valor baseándose en testemuñas comparables da zona e outros inmobles similares e que non sabía nada das valoracións retrospectivas, xa que non as fixera ela. A fixación do ano de edificación dos inmobles era un pouco estimativa e en función do seu aspecto exterior.

Logo, a preguntas das defensas, engadiu que o seu traballo tivo que facelo en tres días e que, evidentemente, se tivese máis tempo, se puidese entrar nas propiedades e no interior dos inmobles, poderían mudar as súas valoracións. As testemuñas utilizadas ás veces -por exemplo, no relativo ás naves dos estaleiros do ██████- para realizar o seu traballo estaban noutras zonas sen mar e noutros concellos distintos - Cuntis, Gondomar, Arbo, Campo Lameiro ou Marcón, en Pontevedra-. Podería haber algunha confusión con respecto á identificación dalgunha das propiedades. Supoñía o ano de construción dos inmobles polo seu mero aspecto exterior, mais descoñecía con exactitude, non entrara neles, non sabía se algún estaba alugado, etc. E, no relativo a un fondo rústico denominado ██████ ██████ ██████, en ██████ ██████, Sanxenxo, non tiña a súa valoración, non a recordaba e mesmo non foi quen de encontrala entre as fichas con que se conformou a correspondente peza separada desta mesma causa.

11.5.- ██████ ██████ ██████, perito de Valmesa, declarou na vista oral que recibiran un encargo da Axencia Tributaria. Un dos peritos ía ao lugar onde se encontraban as propiedades que había que valorar, enviaba os resultados á empresa, na Coruña facían unha supervisión e outra despois en Madrid. A Axencia Tributaria achegáballes información dos bens. Quen foi, neste caso, ver os lugares foi ██████ ██████ ██████ ██████ ██████, el



non. Utilizáronse en xeral os métodos de comparación ou por reposición. Se se empregaba este último era porque non había datos de mercado para facer a comparación. As testemuñas dos informes iniciais búscanas eles e quedan na base dos datos do sistema. Algunhas aportaríaas o técnico e outras xa estarían nas bases de datos da empresa. Se figuraba a súa sinatura, significaba que el participou.

O Sigpac era unha ferramenta para a medición das parcelas e construcións, e, xa que logo, unha aproximación. Para fixar o ano de edificación baseábanse no aspecto exterior e na antigüidade no catastro se figuraba. Para o caso das infraccións urbanísticas, consultaban no Concello e na avaliación xa o tiñan en conta. Non se valoraba entón por comparación, senón por reposición. Negou que tivese limitado o tempo para a realización dos informes. O feito de que se visitasen os interiores dos lugares ou inmobles non afectaría as taxacións ou nuns casos si e noutros non.

No relativo a se o predio rexistral que constaba na f. 3270 das actuacións era o mesmo que Valmesa reflectía na súa ficha 5, nas follas 111 á 116, contestou que non se trataba do mesmo fondo. Mais deseguido aclarou que podía deberse a que se lle acabaran de exhibir os datos rexistrais dun predio distinto do que valoraron. No informe figuraba o predio que valoraran. O que, posto en relación co tamén aclarado pola perita ██████████ ██████████ no relativo á adquisición do fondo ██████████ ██████████ por parte de Rosa María ██████████ ██████████, eliminaba calquera posibilidade de confusión. Se as valoracións de dous baixos na mesma vivenda eran distintas, fora debido a que se fixeran en distintas épocas -1999 e 2008-.

11.6.- ██████████ ██████████ ██████████ é o director técnico de Valmesa, sociedade de taxación, sometida ao control do Banco de España.

No relativo aos informes, referiu que os lugares os visitara a arquitecta técnica [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], e logo este traballo fora supervisado pola Delegación da Coruña - [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]- e finalmente en Madrid por el mesmo. El sería así o segundo supervisor de todo o anterior traballo dos seus dous mencionados compañeiros. O método comparativo que empregaran consistía en cotexar os inmobles que había que avaliar cos máis homoxéneos posibles dentro do universo de mostras que manexaban (seleccionados pola taxadora e o supervisor da zona) e no caso dos solos urbanizables polo método residual (estimación do desenvolvemento urbanístico, o que se pode construír, restando os gastos de construción, licenzas, honorarios técnicos, etc.). E o valor retrospectivo obedecía á variación dos prezos da vivenda en función das vendas no ano 1989. Se calcularon que unha das vivendas se rematara de construír no 2005, fora polos materiais empregados que estaban á vista, e o feito de que no catastro figurase como ano de construción o de 1984 era debido a que este ano era o da primeira construción e non o da renovación, mellora e ampliación, traballos que concluíran o referido ano 2005. No caso do solo urbanizable, lembraba que constaba como solo urbanizable sectorizado para desenvolver un plan parcial para residencias familiares. Negou que se lles acoutase o tempo para facer os informes, e sostivo que, de entrar nos distintos inmobles, a valoración sería a mesma ou podería variar, aínda que non sabía en que grao. O feito de que as naves estivesen fóra de ordenación tampouco afectaría a taxación xa que non todo o que queda fóra de ordenación urbanística queda xa invalidado como valor de mercado do inmovible. E, que ante a ausencia de testemuñas semellantes, acudirían á valoración polo método de reposición ou custo, calculando canto custaría facer as naves a teor do prezo do solo, voo e custo de construción delas.



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

11.7.- Da tamén pericial de ██████████ ██████████ ██████████, arquitecto municipal do Concello de Sanxenxo daquela e na actualidade, tirouse a súa ratificación no informe que fixera sobre unha propiedade en ██████████ a nome de Jolva, SL, e das súas vicisitudes urbanísticas. Engadiu que, efectivamente, no ano 2005 o acusado José Alberto ██████████ ██████████, en representación de Jolva, SL, presentara no Concello un plan parcial de desenvolvemento do solo urbanizable que consistía na ordenación deste, a apertura de vías, a delimitación das parcelas, zonas verdes, etc. Tanto ese plan parcial como o especial foron aprobados polo Concello no 2007. E no 2011 aprobouse o sistema de actuación sobre ese solo. Non se presentou aínda ningunha solicitude de licenza de construción e durante a exposición pública do expediente tan só fixera alegacións unha comunidade de montes do lugar.

B) Periciais solicitadas pola defensa de María Rosa ██████████

11.8.- A ██████████ ██████████ ██████████ ██████████, arquitecto, encargoulle os seus servizos unha empresa auditora -Horwath Auditores España, SLP-. O método que utilizou para o seu traballo foi o de comparación por consideralo o máis fiable.

No acto do xuízo oral declarou, en esencia, o seguinte. Criticou os informes de Valmesa, porque non viron os inmobles e non comprobaron se tiñan cargas, servidumes ou se estaban alugados ou se estaban fóra de ordenación. Isto incidiría sobre as súas valoracións. El si que os visitou e tirou as correspondentes fotografías. As testemuñas utilizadas por Valmesa non eran admisibles por situarse, no relativo ás naves do ██████████ e de ██████████, en concellos que non estaban na costa, e,

no relativo ás prazas de garaxe do edificio da ██████████ ██████████ ██████████ de Cambados, noutros edificios sen número. As parcelas no solo urbanizable terían un valor moi inferior por ser moi pequenas e por dubidar de que se puidese desenvolver o correspondente plan de urbanización. Non se explica outras valoracións de Valmesa, como, por exemplo, as distintas de dous baixos estremeiros no mesmo inmovible en ██████████, Sanxenxo. As valoracións de Valmesa eran de oferta e non reais, e ben sabido é que serían negociables en caso de compra. E que el non tivo acceso aos valores polos que se escrituraron os inmoibles, como, por exemplo, o caso das naves do ██████████ e de ██████████.

11.9.- ██████████ ██████████ ██████████, economista e auditor de contas da empresa Crowe Howart, realizou dous informes: un relativo a María Rosa ██████████ ██████████ e outro sobre Inmobiliaria San Saturnino, SL. No referente á primeira, considerou coherente o seu patrimonio cos seus ingresos e mesmo dixo que no ano 2010 tiña un remanente duns 38 000 euros. No informe verbo de Inmobiliaria San Saturnino, SL, en contestación ao informe realizado pola perita ██████████ ██████████ ██████████, indicou que esta non considerara nada do ano 2001 para atrás; que a sociedade tiña no 2001 un fluxo de caixa de case que 216 000 euros. Segundo el, cumpría distinguir ben, entre os valores contables, o de adquisición e o de mercado. O valor de adquisición debía ser o escriturado e para o valor de mercado el seguiu os valores establecidos por un terceiro -o perito ██████████ ██████████ ██████████ ██████████-. Referiu que a AEAT considerou dous inmoibles que non tiñan nada que ver -o de ██████████ ██████████ e o de ██████████ ██████████ ██████████- e duplicara outro -a nave de ██████████-. O fluxo de caixa da sociedade no ano 2010 demostraba que os ingresos e os gastos si eran coherentes. Contaba cunha reserva de 272 858,63 euros. Non detectara a máis mínima sospeita de ilicitude nos ingresos da entidade



Inmobiliaria San Saturnino, SL, antes do ano 2001 e aclarou que o seu informe era do ano 2000 en adiante. A hipoteca do ano 1989 non sabe por que non estaba contabilizada e, logo de examinar os cadros do informe de [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], non lograba saber se estaba contabilizada ou non a devandita hipoteca. O informe da AEAT non cualificaba por ningures o desfase patrimonial da inmobiliaria, ignoraba os saldos anteriores dos investigados, as súas condicións persoais (estado civil, se convivían sós ou con outros familiares, se compartían gastos, se tiñan fillos, o feito de vivir en Galicia e non noutro lugar, etc.).

Xa a preguntas do fiscal, referiu que os importes da declaración de obra nova os sacara da información do Concello, da documentación presentada perante el; que non se decatara de a que inmuebles se refería cando el reflectiu que a Axencia Tributaria non incluía a súa adquisición por importe de 117 377,66 euros; que non comparou os valores contables cos das taxacións de [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] porque non era obxecto do seu informe; tampouco o relativo á hipoteca sobre todos os pisos do edificio da [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], de Cambados; Rosa María [REDACTED] [REDACTED] tiña unha conta bancaria conxunta coa súa irmá [REDACTED] [REDACTED] e a nai, María Rosa [REDACTED] [REDACTED], que o 31 de decembro de 1999 tiña un saldo individual para cada unha duns 21 568,15 euros; no caso de Josefa [REDACTED] [REDACTED], non estaba de acordo co criterio utilizado pola Axencia Tributaria na dedución por gasto de consumo persoal ou familiar polos motivos que indicou; e que das achegas por importe anual de 4000 euros que a Josefa lle facía a súa irmá María Rosa, efectivamente, o perito non tiña documentación por basearse nunha mera manifestación verbal de Josefa.

DÉCIMO SEGUNDO.- Avaliación dos medios de proba en relación co delito de branqueo de capitais que se lles imputa aos acusados

Unha vez que reflectimos a imputación realizada polo fiscal e adiantamos unhas poucas consideracións xurídicas, doutrinais e xurisprudenciais verbo dela, e escolmamos o resultado dos medios probatorios, sobre todo dos practicados na vista oral, cremos que é o momento de avaliar en conxunto todo o anterior.

De entrada cómpre lembrar que **o acusado José Ramón [REDACTED] [REDACTED] foi condenado en dúas ocasións como autor responsable dun delito contra a saúde pública, na súa modalidade de tráfico de drogas:** por unha sentenza do 14 de xullo de 2004 da Sección 1ª do Penal da Audiencia Nacional e por outra anterior, do 26 de xuño de 1993, da Sección 2ª do Penal da Audiencia Nacional. En relación con esta última, o referido acusado presentou o 24 de outubro de 2018 perante a Sala 2ª do Tribunal Supremo (TS) unha solicitude de autorización de interposición dun recurso de revisión por mor da sentenza do 18 de febreiro de 2003 do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

Descoñecemos se a Sala 2ª do TS xa autorizou ou rexeitou a solicitude de José Ramón [REDACTED] [REDACTED] para presentar o correspondente recurso de revisión. Pero, aínda que lograse a devandita autorización, presentase o recurso de revisión e mesmo se este chegase no seu día a ser acollido, en nada afectaría para o presente caso. Á marxe de que aínda subsistiría a outra condena do 14 de xullo de 2004, ben sabido é, e xa aludimos a tal particular, que **para a hipotética condena por un delito de branqueo de capitais de procedencia ilegal non se precisa a condena previa polo delito base de que provén o capital obxecto de branqueo** (por todas, a STS, Penal,



Sección 1ª, do 21 de xuño de 2017 -ROJ: STS 2568/2017 - ECLI:ES:TS:2017:2568-). Nin a lei nin a xurisprudencia esixen a proba de que os bens obxecto de branqueo proceden dun delito polo que se pronunciou unha sentenza condenatoria. A lei non fala dun delito en concreto, senón de actividade delituosa, e a xurisprudencia non esixe que o feito precedente fose declarado como delito por unha sentenza firme. Neste sentido, a STS, Penal, Sección 1ª, do 9 de abril de 2015 (ROJ: STS 2199/2015 - ECLI:ES:TS:2015:2199) sinala que non se precisa da condena polo delito previo, nin sequera a identificación deste, ao poder basearse a relación dos bens coas actividades delituosas anteriores incluso por elementos tales como detencións ou informes policiais, sempre que o seu contido presente a suficiente consistencia (STS 330/2013). Ao non ser necesaria, pois, unha acreditación cumprida das circunstancias do delito previo, abonda coa certeza da procedencia dos cartos de operacións de tráfico de drogas aínda que non se puidesen esclarecer as súas circunstancias e coordenadas espacio-temporais.

Xa avanzamos que, ante unha imputación administrativa ou penal sobre a procedencia ilícita dos capitais, **os investigados asumen a carga de facilitar os datos que dun xeito ben nido acrediten a súa verdadeira orixe**. Reiteramos agora que non se trata de probar a propia inocencia, nunha inadmisíbel inversión da carga da proba. Mais, ante a existencia de proba de cargo vía indicios, considérase esixíbel o ofrecemento dunha explicación exculpatoria que elimine ou diminúa o efecto incriminatorio daqueles, polo que tanto o silencio dos acusados como as explicacións fantasiosas, inverosímiles e mesmo de manida invocación polas defensas -v. gr. a envexable sorte dalgúns no relativo á puntería para facerse de xeito reiterado cos premios da lotaría e similares xogos de azar- confirmarán e

reforzarán a incriminación. Neste sentido se expresa a STS, Penal, Sección 1ª, do 5 de abril de 2018 (ROJ: STS 1284/2018 - ECLI:ES:TS:2018:1284), que mesmo conclúe ao respecto que a falta de explicación plausible equivale a que non hai explicación posible.

Cando existen **indicios suficientemente relevantes** por si mesmos da comisión dun determinado delito e o acusado non proporciona explicación lóxica ningunha da súa conduta, o tribunal pode colixir racionalmente que esta explicación alternativa non existe e pronunciar unha sentenza condenatoria baseada en indicios (así, as SSTEDH, do 6 de febreiro de 2006, caso Murray contra o Reino Unido, ou a do 20 de marzo de 2001, caso Telfner contra Austria). Do mesmo xeito, tamén se considera razoable a esixencia de que persoas relacionadas co tráfico de estupefacientes, ou mesmo condenadas por este tipo de feitos, deban acreditar a orixe lícita dos seus cuantiosos, inxustificados e súbitos incrementos patrimoniais, ou que, se é o caso, proceden de fontes alleas ao devandito tráfico, sen que se vulnere así o artigo 6 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos (neste sentido, a STEDH do 23 de setembro de 2008, caso Grayson e Barnham contra o Reino Unido).

Noutra orde de cousas, a **proba pericial é de libre apreciación ou consonte os principios da sa crítica**. Os informes periciais non resultan vinculantes porque non son en si mesmos manifestacións dunha verdade indiscutible, agás cando se basean en leis ou regras científicas incontrovertibles. Os peritos aprecian, mediante as súas máximas de experiencia especializadas e propias da súa profesión e preparación, feitos ou circunstancias que adquiriron polo estudo ou a práctica ou a través de ambos os dous sistemas de obtención de coñecementos, e que o xuíz pode non ter por causa da súa específica



preparación xurídica. Por iso, o perito describe as persoas e cousas obxecto da súa pericia, explica as operacións ou verificacións que realizou e fixa as súas conclusións (artigo 478 da LACrim). O destinatario do informe pericial é o xuíz ou tribunal e a eles compete estudar o seu contido, avaliar as súas explicacións orais ás súas preguntas e ás de todas as partes, e facelo seu ou non íntegra ou parcialmente.

É mester deixar constancia de que [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], subinspector da AEAT con numa [REDACTED], interveu na presente causa na dobre condición de testemuña e de perito, que resulta posible e mesmo se vén recoñecendo xurisprudencialmente (por todas, a STS, Penal, Sección 1ª, do 5 de decembro de 2012 (ROJ: STS 8701/2012 - ECLI:ES:TS:2012:8701)). Tamén como perita interveu a técnica de Facenda [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]. En relación co valor probatorio dos ditames periciais emitidos polos inspectores da AEAT, constitúe ben reiterada doutrina xurisprudencial (por todas, as SSTS 611/2009, do 29 de maio e 192/2006, do 1 de febreiro) que a súa vinculación laboral coa referida axencia, que teñan a condición de funcionarios públicos, e que estean relacionados co Estado titular do *ius puniendi* non xera interese persoal que os inhabilite, polo que nin constitúe causa de recusación nin determina perdas de imparcialidade. Neste sentido se manifestan as SSTS 494/2014, do 18 de xuño, e 413/2016, do 13 de maio, que pregoan a imparcialidade respecto daqueles funcionarios de Facenda que dende o inicio están integrados nos grupos de investigación a carón do fiscal. Así, segundo a última STS:

Sobre el tema de la imparcialidad de los peritos funcionarios de la Hacienda Pública y sobre la aceptación por la sentencia del informe pericial emitido por un perito considerado parcial por haber auxiliado al

Ministerio Fiscal en la investigación pre procesal existe muy reciente jurisprudencia de la Sala II del TS a la que nos remitimos, haciendo al respecto cita de las STS no 990/2013 de 30.12.2013, ponente Sr. Luciano Varela Castro, en la que por ejemplo se expresa con rotundidad que la mera adscripción a la estructura de la Fiscalía de los quienes luego intervienen como peritos en la causa penal no es tipificable en ninguno de los supuestos del artículo 468 de la Ley de Enjuiciamiento Criminal, argumentando que el perito funcionario, pese a esa adscripción, no tiene ningún interés subjetivo en la suerte de la causa. Y está vinculado a la objetividad impuesta por el artículo 2 de la Ley de Enjuiciamiento Criminal...”

Ningunha anomalía existe no feito de que o xuíz de instrución ou o órgano decisorio admitan a pertinencia duns informes técnicos ofrecidos por quen, pola súa proximidade aos feitos investigados, polo seu cualificado nivel de formación en materias contables, financeiras, tributarias e, en fin, polos principios constitucionais que deben inspirar a súa actuación, estea nas mellores condicións de facer realidade o asesoramento que requiren algunhas formas de delincuencia. A incuestionable capacidade dos funcionarios ao servizo da Facenda pública para asumir a condición de peritos amósase así fóra de calquera dúbida.

Así, a STS 20/2001, do 28 de marzo, apuntaba que a imparcialidade dos peritos xudiciais informantes viña determinada pola súa condición de funcionarios públicos cuxa actuación debía estar dirixida a servir con obxectividade os intereses xerais. Tamén a STS 643/1999, do 30 de abril, subliñaba que a admisión como perito dun inspector de Finanzas do Estado nun delito fiscal non vulneraba os dereitos



fundamentais do acusado, atendendo precisamente a que, como funcionario público, debía servir con obxectividade os intereses xerais, sen prexuízo, obviamente, do dereito da parte a propoñer unha proba pericial alternativa á ofrecida polo fiscal. A STS 31/2012, do 19 de xaneiro, xa rexeitou a queixa relativa á falta de virtualidade probatoria dos informes da AEAT e, polo tanto, confirmou a súa validez como proba de cargo para alzar a presunción de inocencia, remitíndose á STC 147/2009. Trátase, en fin, dunha pericial de peritos funcionarios públicos altamente cualificados e especializados, con moitos anos de experiencia na súa actividade, realizada con máxima pulcritude profesional, prudencia e obxectividade nas súas conclusións.

E, no relativo ás **taxacións dos inmobles** - [REDACTED] e [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] -, a existencia de posibles pequenos erros ou omisións na realizada pola devandita entidade, como o feito de que non visitasen por dentro os inmobles - evidentemente cando se produciron as taxacións e non cando foron as adquisicións-, e as demais críticas efectuadas polo segundo e as defensas dos acusados abofé que non eliminan o que consideramos carácter máis obxectivo e imparcial da levada a cabo por ata tres persoas distintas da devandita empresa, unida a unhas máximas de experiencia por todos sabidas, correspondentes ás épocas de adquisición dos distintos bens taxados. Pola estimación retrospectiva que se realizou, poida que parte dos bens non acadasen a valoración económica realizada por [REDACTED] e tampouco a inferior de [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]. Mais, en moitas ocasións, o dato obxectivo do prezo polo que se escrituraban e as taxacións realizadas polas entidades bancarias para a concesión dos distintos préstamos e hipotecas lévannos a decantarnos de novo pola consideración das taxacións inmobiliarias de [REDACTED].

Pois ben, negados polos acusados os feitos que se lles imputaban e mesmo subministradas por eles determinadas explicacións para xustificar o seu correspondente patrimonio, xeito e medios de vida, a cerna do asunto consistía en determinar se isto resultaba crible dentro duns parámetros de normal posibilidade ou se todo tiña a súa orixe na procedencia dos cartos das operacións de tráfico de drogas a que se dedicou e polas que foi condenado José Ramón [REDACTED], e tamén, en menor medida, José Alberto [REDACTED]. Para isto contouse, fundamentalmente e amais de coa documental, coa proba pericial solicitada e practicada polas partes. E, no relativo á procedencia dos cartos, a pedimento do fiscal, coa pericial de [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] e [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]. E por solicitude de María Rosa [REDACTED] [REDACTED], coa pericial de [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]. E tanto unha como outra pericial se apoiaron respectivamente nas tamén periciais dos membros de Valmesa - [REDACTED] [REDACTED], [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] - e de [REDACTED] [REDACTED].

DÉCIMO TERCEIRO.- No escrito de conclusións definitivas do fiscal partíase da afirmación de que, froito das actividades de tráfico de estupefacientes, José Ramón [REDACTED] [REDACTED] se fixera ao longo dos anos cunha importante cantidade de cartos. E que, co obxecto de que estes de ilícita procedencia accedesen ao mercado legal, levará a cabo unha serie de accións a través de dúas entidades -Inmobiliaria San Saturnino, SL, e Jolva, SL- e coa colaboración dos outros acusados -María Rosa [REDACTED] [REDACTED], Rosa María [REDACTED] [REDACTED], Josefa [REDACTED] e José Alberto [REDACTED]-.

- **Inmobiliaria San Saturnino, SL**



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZIA

Esta sociedade constituíranse o 1 de xuño de 1985 os matrimonios formados por [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] e [REDACTED] [REDACTED] e por [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] e [REDACTED] [REDACTED] e a acusada Josefa [REDACTED] [REDACTED]. O primeiro dos nomeados matrimonios achegou en tal momento unha casa de planta baixa e alta con terreo en [REDACTED], Sanxenxo, valorada en tres millóns de pesetas. O segundo matrimonio, o terreo [REDACTED] [REDACTED], situado na [REDACTED] [REDACTED] de Cambados, valorado en 1 800 000 pesetas. E a acusada Josefa [REDACTED] [REDACTED], unha vivenda situada no [REDACTED] do portal [REDACTED] do número [REDACTED] da [REDACTED] [REDACTED] de Cambados, gravada con varias hipotecas e valorada en 1 730 000 pesetas. No mesmo momento da constitución da amentada sociedade limitada, os socios nomearon como administrador e xerente o acusado José Ramón [REDACTED].

O 23 de xuño de 1987 os socios de Inmobiliaria San Saturnino, SL, cederon as súas participacións sociais á acusada María Rosa [REDACTED] [REDACTED], que pagou por elas en efectivo 8 000 000 de pesetas.

O 1 de febreiro de 1988 María Rosa [REDACTED] [REDACTED], como socia única de Inmobiliaria San Saturnino, SL, aumentou o capital social desta mediante o achegamento en efectivo de 13 000 000 de pesetas. E o 11 de setembro de 1991 volveu a aumentar o capital social mediante o metálico doutros 2 200 000 pesetas.

E o 31 de decembro de 1991 inscribiuse no Rexistro Mercantil o cesamento de José Ramón [REDACTED] [REDACTED] como administrador xerente de Inmobiliaria San Saturnino, SL, e pasou a desempeñar este labor a socia única María Rosa [REDACTED].

No 1996 María Rosa [REDACTED] [REDACTED] vendeu dez das súas participacións sociais en Inmobiliaria San Saturnino, SL, ao seu pai, [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], e este, á súa vez, o 25 de xuño de 1998 vendeullas á acusada Josefa [REDACTED]

Cómpre subliñar que Inmobiliaria San Saturnino, SL, se converteu dende a súa creación no ano 1985 no eixo central de toda a actividade delituosa relacionada cos acusados. Repárese en que, ademais das persoas indicadas, e, xa que logo, da socia fundacional Josefa [REDACTED] [REDACTED], do administrador José Ramón [REDACTED] [REDACTED], e da única socia e administradora María Rosa [REDACTED] [REDACTED], a tamén acusada Rosa María [REDACTED] [REDACTED] estaba autorizada para o manexo e a disposición das contas da devandita sociedade, e o tamén acusado José Alberto [REDACTED] [REDACTED] -como representante de José Agüín Magdaleno, SL- xunto con José Ramón [REDACTED] [REDACTED] -como representante de Inmobiliaria San Saturnino, SL- crearon o 4 de agosto de 1988 a entidade Jolva, SL. Inmobiliaria San Saturnino, SL, era así a cerna de toda a estrutura creada e participada por todos os acusados.

Resulta incomprendible e nada creíble que, se José Ramón [REDACTED] [REDACTED] era o administrador de Inmobiliaria San Saturnino, SL, dende a súa constitución o 1 de xuño de 1985 por, ao parecer, expreso desexo dunha das socias fundadoras -a súa cuñada Josefa [REDACTED] [REDACTED]-, dous anos máis tarde -o 23 de xuño de 1987- se faga coa totalidade da sociedade a muller daquel -María Rosa [REDACTED] [REDACTED]-, a sabendas de que precisamente o seu marido era o seu administrador. Se dende o ano 1982 entre José Ramón [REDACTED] [REDACTED] e María Rosa [REDACTED] [REDACTED] xa non existía ningunha relación e mesmo ela non sabía onde estaba el, non se encontra unha doada explicación xa non só para o referido feito de que ela merque unha empresa da que é



administrador o seu marido -separado de feito, entón-, senón tampouco para a circunstancia de que se manteña esta situación xa incluso separados xudicialmente -a sentenza de separación é do 25 de abril de 1989- durante máis de catro anos -o cesamento como administrador foi o 31 de decembro de 1991-. Mesmo, se a devandita sentenza de separación se pronunciou de mutuo acordo, como así foi, coas conseguíntes negociacións para a proposta de convenio regulador, a presentación dela e a posterior ratificación de ambos os dous en presenza xudicial, semella que entre eles non existía a pretendida dificultade de localización e contacto que se alega. E tamén se pronunciou por mutuo acordo a sentenza de divorcio o 31 de xaneiro de 1994.

Deste xeito, a tamén pretextada tardanza de María Rosa [REDACTED] en cesar como administrador de Inmobiliaria San Saturnino, SL, a José Ramón [REDACTED] por non saber como localizalo non é admisible. Resulta que si que o localizaban, quen e como fose, para asinar como administrador nas notarías as correspondentes escrituras públicas dos anos 1988 a 1991, isto é, antes e despois de separados matrimonialmente, e a única socia da inmobiliaria que representaba non daba con el. Polo mesmo conduto que se lograba o concurso e presenza do referido acusado para actuar como administrador podía aproveitarse para que cesase como tal. E, se dende a separación matrimonial cesaba a posibilidade de vincular os bens do outro cónxuxe (artigo 83 do Código civil, tanto na súa redacción vixente daquela como na actual), semella que se daba o paradoxo de que o acusado José Ramón [REDACTED], se cadra, si que podería vincular coa súa administración os bens dunha sociedade propiedade única e exclusiva da súa exmuller María Rosa [REDACTED], o que, a todas luces, tamén se ofrece como inverosímil.

Por último, se máis que cesar José Ramón [REDACTED] [REDACTED] como administrador de Inmobiliaria San Saturnino, SL, foi ela, segundo a propia María Rosa [REDACTED] [REDACTED], quen lle revogou os poderes, non foi sen tempo que o fixo o derradeiro día do ano 1991, cando a sociedade xa era súa dende había máis de catro anos e medio. E, por maior abastanza, repárese en que, na maior parte dos permisos de saída que gozou José Ramón [REDACTED] [REDACTED] dende o 10 de xuño de 2011 ata o 11 de abril de 2015, a persoa por el mesmo designada para acompañalo e responder por el -coa conseguinte posición de garante- non era outra que María Rosa [REDACTED] [REDACTED], ademais, en calidade de *parella*, e que o domicilio designado polo propio preso para a súa estancia en todos os permisos era o situado en [REDACTED], [REDACTED] de Sanxenxo, lugar de residencia de toda a familia. Deste xeito, con independencia de quen fose recoller o preso á saída do cárcere -as fillas, [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], [REDACTED] [REDACTED] ou a propia María Rosa [REDACTED] [REDACTED], como así consta no informe do Centro de Inserción Social de Algeciras-, era esta última a que no expediente da Administración penitenciaria o propio preso designaba para acompañalo e responder por el.

No escrito de acusación do fiscal reflectíase deseguido que, a través de Inmobiliaria San Saturnino, SL, José Ramón [REDACTED] [REDACTED], co auxilio de María Rosa [REDACTED] [REDACTED] e da súa cuñada Josefa [REDACTED] [REDACTED] fora destinando cantidades de diñeiro procedentes do narcotráfico á adquisición dunha serie de inmobles:

1.- O 5 de febreiro de **1988**, Inmobiliaria San Saturnino, SL, representada por José Ramón [REDACTED] [REDACTED], mercara un piso no número [REDACTED] [REDACTED] dereita, da rúa [REDACTED] [REDACTED], de Pontevedra



(Registro da Propiedade de Pontevedra, predio núm. [REDACTED]), con dous rochos baixo cuberta (Registro da Propiedade de Pontevedra, predios núms. [REDACTED] e [REDACTED]). A superficie do piso era de 89 m² e o seu valor de mercado naquel entón o de 64 282,40 euros. O 7 de febreiro de 1992 constituíuse sobre o inmovible unha hipoteca para garantir un préstamo de 82 939,67 euros euros, e fixouse como valor de taxación daquela o de 66 111,33 euros.

Cando Inmobiliaria San Saturnino, SL, mercou o devandito piso con dous rochos baixo cuberta na [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], de Pontevedra, o representante legal e administrador daquela sociedade era o acusado José Ramón [REDACTED] [REDACTED] e, como tal, interveu na amentada adquisición. Dende o 23 de xuño de 1987 -había, pois, máis de medio ano- a esposa de José Ramón [REDACTED] [REDACTED] a tamén acusada María Rosa [REDACTED] [REDACTED], era a socia única de Inmobiliaria San Saturnino, SL, xa que, lémbrese, non se separaron ata o 25 de abril de 1989 e non se divorciaron ata o 31 de xaneiro de 1994. E, entre a separación e o divorcio, o 31 de decembro de 1991 foi cando José Ramón [REDACTED] cesou como administrador de Inmobiliaria San Saturnino, SL. Xa que logo, naquel entón José Ramón [REDACTED] [REDACTED] sendo administrador e representante legal da sociedade, casado coa súa única socia, María Rosa [REDACTED] [REDACTED] levou a cabo a referida compra nesta cidade de Pontevedra. Se, segundo o propio José Ramón [REDACTED], dende o ano 1982 xa non estaba coa súa muller e vivía con outra no Grove, non se encontra unha explicación doada, racional e lóxica para o feito de que tres anos máis tarde aceptase ser o administrador de Inmobiliaria San Saturnino, SL, constituída no ano 1985, entre outros, pola súa cuñada Josefa [REDACTED] [REDACTED], e que no 1987 pasou a ser da titularidade exclusiva da súa esposa, María Rosa [REDACTED] [REDACTED] -con quen entón non se levaba-, aguantase ata o último día do

ano 1991 como administrador da devandita sociedade e, xa que logo, o 5 de febreiro de 1988 asinase, como tal, a compra do referido piso cos dous rochos baixo cuberta nunha rúa ben céntrica desta cidade de Pontevedra. Tamén é relevante que, cando José Ramón █████ █████ asinou esta compra, xa non estaba na entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL, a súa cuñada Josefa █████, quen, segundo ambos pola mutua confianza, fora a orixe do seu nomeamento como administrador, senón, única e exclusivamente, a súa muller, María Rosa █████ █████, da cal, lémbrese, malia vivir afastado, aínda non estaba separado. E sen a máis mínima suspicacia, cautela nin prevención, a pedimento entón daquela ou dalgúns dos seus asesores -falouse do avogado falecido █████ █████ █████ █████-, mercou para a sociedade a devandita propiedade urbana. E non cadra moito coa lóxica, nin resulta minimamente crible, este pretendido comportamento colaborativo *gratis et amore* e mesmo altruísta por non albiscarse o máis mínimo beneficio de calquera tipo para el.

No relativo ás valoracións, Valmesa taxou o valor de mercado do piso e os dous rochos nun total de 64 282,40 euros, mentres que o perito da defensa █████ █████ █████ █████ o fixo en 44 696 euros. Consideramos moito máis axustada a primeira das valoracións, entre outros motivos, polo feito de que tan só catro anos despois da compravenda o banco a taxou en 66 111,33 euros, como xa reflectimos. E, por certo, cómpre lembrar que, nese momento, no ano 1992, Inmobiliaria San Saturnino, SL, xa se xuntaba con dúas hipotecas: a primeira concedida o 9 de novembro de 1989 por importe de 300 000 euros, que gravaba, agás o local █████ █████, o resto dos predios do edificio situado na █████ e no número █████ da rúa █████, de Cambados; e esta segunda, por importe de 82 939,67 euros,



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

que gravaba o piso da rúa [REDACTED] [REDACTED], desta cidade de Pontevedra.

Por unha escritura pública do 4 de xaneiro de 1988, Inmobiliaria San Saturnino, SL, mercou a propiedade rústica [REDACTED] [REDACTED], no lugar do [REDACTED] [REDACTED] Cambados (Registro da Propiedade de Cambados, predio núm. [REDACTED]). O prezo escriturado foi de 980 000 pesetas (5880 euros). Sobre este fondo inscribíronse dúas obras novas:

- Unha nave de 965 m², que se declarou en virtude dunha escritura de obra nova do 10 de maio de 1989 cun valor de 180 000 euros.

- Outra nave de 1203 m² rematada no 1989, aínda que non se inscribiu a obra nova ata o 3 de xullo de 1999 cun valor de 30 000 euros.

O valor escriturado de adquisición (5880+180 000+30 000) supoñía un total de 215 880 euros. Mais o valor de mercado destas propiedades cando se adquiriron, segundo o gabinete técnico da Axencia Tributaria, era de 228 503,78 euros. Porén, para o perito [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] todo valería daquela uns 133 257,19 euros, cantidade que, por resultar incrivelmente inferior ao prezo escriturado e supostamente pagado en total pola inmobiliaria -inferior ata en 83 000 euros-, rexeitamos de plano como posible.

As instalacións foron alugadas, primeiro, a [REDACTED], SL. Neste particular é mester aclarar que o 16 de novembro de 1988 [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] (pai do acusado José Alberto [REDACTED]) e [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] (nai do acusado José Ramón [REDACTED] [REDACTED]) constituíran a entidade Sipra, SL -segundo o

fiscal, debido a [REDACTED] [REDACTED]-, sendo nomeado en tal intre administrador xerente daquela o mesmo José Ramón [REDACTED]. O 16 de marzo de 1989 cesou este como administrador e nomeouse outra persoa. E foi por mor dunha xunta xeral ordinaria do 15 de abril de 1989 cando a devandita Sipra, SL, pasou a nomearse Burás, SL, e inscribiuse así no Rexistro Mercantil de Pontevedra o 27 de decembro de 1990. Logo foi administrador dela o acusado José Alberto [REDACTED] [REDACTED] ata que este, como socio único de Burás, SL, a dissolveu o 10 de outubro de 1995 coa correspondente inscrición rexistral o 4 de marzo de 1996. E a partir de 1995 as naves e instalacións foron alugadas á empresa Astilleros Facho, SL, ano en que a constituíron [REDACTED] [REDACTED] e [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], se ben, máis que creala para acumular patrimonio, foi para xerar rendementos a prol do grupo familiar vinculado a José Ramón [REDACTED] [REDACTED], pois este e a súa filla Rosa María [REDACTED] [REDACTED] cobraban daqueles estaleiros, e o alugueiro -uns 2200 euros mensuais- pagábase a San Saturnino, SL.

Cómpre reiterar aquí o xa dito verbo da intervención de José Ramón [REDACTED] [REDACTED] como administrador de Inmobiliaria San Saturnino, SL. E que, segundo María Rosa [REDACTED] [REDACTED], o préstamo con garantía hipotecaria que, por importe de 300 000 euros, a inmobiliaria solicitara o 9 de novembro de 1989 sobre os predios, agás o local do soto, do devandito edificio da avenida [REDACTED] [REDACTED] e da rúa [REDACTED], de Cambados, tamén se aplicou, con inexplicable carácter retroactivo entón, para a adquisición e construción das naves dos estaleiros do [REDACTED]. Mais da existencia destes dous créditos hipotecarios e do seu xeito de pagamento non se deixou pegada ningunha na contabilidade da empresa Inmobiliaria San Saturnino, SL, xa que os peritos da acusación non encontraron nada que demostrase como se financiaron a compra e construción das referidas naves



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZIA

e mesmo apuntaron que o importe do crédito sería insuficiente para acreditarlo.

2.- No ano 1989, Inmobiliaria San Saturnino, SL -da cal xa era socia única María Rosa [REDACTED] e aínda administrador José Ramón [REDACTED] - inscribiu no Rexistro da Propiedade de Cambados unha escritura do 7 de novembro de 1989 de división horizontal dun edificio con entrada polo número [REDACTED] da avenida [REDACTED] e polo número [REDACTED] da rúa [REDACTED], de Cambados, do cal era propietaria. Tratábase da obra nova cuxa construción promovera a propia inmobiliaria, que se reservaba a titularidade dos pisos e locais resultantes. E, por mor da división horizontal, resultaron os seguintes trece inmobles, segundo se pode constatar no informe pericial de [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], coas conseguíntes valoracións, incluídas as do perito da defensa [REDACTED] :

	Predio rexistral	Prezo adquisición*	Valor na data de adquisición	Valor MJ [REDACTED]
[REDACTED] almacén	[REDACTED]		88 205,39	39 958,54
[REDACTED] local comercial	[REDACTED]	153 310,00	100 219,27	75 387,91
[REDACTED] [REDACTED]	[REDACTED]	47 172,00	90 992,33	41 703,25
[REDACTED] [REDACTED]	[REDACTED]	47 172,00	90 992,33	41 703,25
[REDACTED] [REDACTED]	[REDACTED]	47 172,00	90 094,84	41 703,25
[REDACTED] [REDACTED]	[REDACTED]	20 638,00	45 207,99	16 758,00
[REDACTED] [REDACTED]	[REDACTED]	20 638,00	43 809,81	16 236,10
R/ [REDACTED]	[REDACTED]	29 483,00	61 662,86	29 565,40

R/ ██████████	██████	29 483,00	59 621,04	28 586,49
R/ ██████████	██████	29 483,00	61 662,86	29 565,48
R/ ██████████	██████	29 483,00	59 621,04	28 586,49
R/ ██████████	██████	29 483,00	61 119,36	26 904,93
R/ ██████████	██████	29 483,00	59 854,82	26 167,81
TOTAL		513 000,00	913 063,94	442 826,90

A perita ██████████ ██████████ ██████████ indicaba que os referidos valores de taxación eran os atribuídos na escritura pública de constitución da primeira hipoteca por ser da mesma data que a división horizontal. E, efectivamente, ocorreu que, aos dous días da inscrición no Rexistro da Propiedade de Cambados da escritura de división horizontal do anterior edificio situado na ██████████ número ████████ e na rúa ██████████, da mesma vila, isto é, o 9 de novembro de 1989, Inmobiliaria San Saturnino, SL, solicitou do Banco Gallego un préstamo por importe de 300 000 euros con garantía hipotecaria constituída sobre todos os predios do mesmo edificio, agás o local da planta do soto. Por iso, fronte á valoración meramente estimativa do perito da defensa ██████████ ██████████ ██████████ ██████████, imponse a obxectiva correspondente aos valores da taxación para os efectos da constitución da hipoteca sobre aqueles bens inmobles. Tanta diferenza entre o valor de mercado na data de adquisición e a taxación do perito da defensa (470 237 euros) e mesmo a inferior entre o taxado por este e o que figuraba na escritura de constitución de hipoteca (70 173 euros) só, en boa lóxica, se podían deber ao emprego en tal operación de fondos agachados pola súa ilícita procedencia relacionados coa actividade do narcotráfico, á cal se dedicaba daquela o entón administrador da sociedade. E, por riba, a devolución do préstamo e os xuros fíxose cos cartos procedentes da mesma actividade de narcotráfico desenvolvida por José Ramón ██████████ ██████████, xa que na contabilidade da empresa por ningures figuran os importes das correspondentes amortizacións.



Esta hipoteca cancelouse o 3 de febreiro de 1999 -en menos de dez anos-. E o 19 de maio de 1999, Inmobiliaria San Saturnino, SL, solicitou un préstamo por importe de 300 506,05 euros con garantía hipotecaria constituída tamén sobre os mesmos predios, agás os dous locais. Esta hipoteca foi cancelada o 29 de outubro de 2003 -en pouco máis de catro anos- e constituíuse na mesma data sobre os predios 9075, 9076 e 9084 outra hipoteca voluntaria en garantía dun crédito concedido por importe de 300 000 euros. O 31 de decembro de 2010 o capital pendente de amortización por este préstamo ascendía a 82 295,15 euros e cancelouse en 2011 -aos oito anos-. E en maio de 2007 constituíuse unha hipoteca sobre o predio 9081 para garantir o pagamento do saldo resultante dunha conta de crédito por importe de 120 365 euros, hipoteca que foi cancelada o 31 de xaneiro de 2008 -aos oito meses-.

Varios destes inmobles, efectivamente, foron alugados a terceiras persoas que pagaban os correspondentes alugueiros que fornecían de ingresos a Inmobiliaria San Saturnino, SL.

No relativo ás amortizacións das referidas hipotecas que gravaban o edificio situado na avenida ■■■ número ■■ e na rúa ■■■ número ■■, de Cambados, ou os referidos predios resultantes del, xa razoamos que, á forza, os respectivos capitais e xuros setiveron que pagar cos cartos procedentes da mesma actividade de narcotráfico desenvolvida por José Ramón ■■■ ■■■, xa que na contabilidade da empresa por ningures figuran os importes das correspondentes amortizacións. Non se colixe así só do resultado dos informes periciais dos funcionarios da AEAT -sobre todo, o de ■■■■-, senón que non cómpre deducir outra cousa do resultado da tamén proba pericial da defensa -■■■■■-.

Así, a primeira informou de que non encontrara xustificación ningunha a como se pagaran as naves dos estaleiros do [REDACTED]: nin había constancia do préstamo hipotecario nin de débedas a longo prazo para pagar aquelas, pois non aparecían na contabilidade da sociedade. En todo caso, a hipoteca non sería suficiente para xustificar a adquisición daquelas naves -e do edificio-. E, se non aparecían as débedas na contabilidade da empresa, era debido a que había un activo que suporía uns ingresos, e os xuros pagábanse á marxe da contabilidade. Se non aparecían as débedas, entón sería porque non se quería que aparecese a contrapartida con que se estaban a pagar. E indicou que a circunstancia de que puidese coñecer as amortizacións dos préstamos en nada mudaría o seu informe, porque, entre outras cousas, habería que comprobar a orixe dos fondos empregados para aquelas amortizacións.

E, por outra parte, o perito da defensa [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], que tivo en conta, entre outras cousas, as contas anuais, os informes de auditorías, os libros diarios e maior dende 1999 ata 2010, balances de sumas e saldos, as escrituras de compravendas dos inmobles, dos contratos de préstamos e créditos con garantías hipotecarias, todo isto de Inmobiliaria San Saturnino, SL, e mesmo incluía outro crédito do ano 2007 por importe de 95 000 euros, por ningures reflectía de que xeito e con cargo a que partida se pagaban os capitais e xuros de toda a morea de préstamos, créditos e hipotecas solicitados pola inmobiliaria. E é moi estraña a omisión da entidade de consignar o anterior polas inherentes consecuencias fiscais e tributarias de todo tipo, agás que, como informou Salud León López, se non se facían constar as débedas na contabilidade da empresa, era debido a que había un activo que suporía uns ingresos, e o capital debido e os seus xuros pagábanse á marxe

da contabilidade, para que, precisamente, non agromase de onde saían os cartos. Así de sinxelo.

3 a 12.- A partir de aquí, e, en concreto, dende o día 12 de novembro de **1990**, a Inmobiliaria San Saturnino, SL, realizou os actos que declaramos probados e que no escrito de acusación do fiscal figuran nos números 3 ao 12 do apartado 1º da súa primeira conclusión definitiva.

En relación con todo o anterior e, xa que logo, coas accións que o fiscal denominaba executadas a través da entidade San Saturnino, SL, informou o perito da defensa [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]. O seu cadro resumo, no que respecta ás propiedades da devandita inmobiliaria, foi o seguinte:

NÚM. INSP.	NÚM. DOC.	EXP. VALMESA	REF. AEAT	REFERENCIA CATASTRAL	PROPIEDAD	TIPO INMOBIL	LOCALIZACIÓN	MUNICIPIO	VALORACIÓN AXENCIA TRIBUTARIA 04/12/2013	VALORACIÓN VALMESA 14/10/2013	A NOSA VALORACIÓN 14/10/2013	A NOSA VALORACIÓN RETROSP.	OBSERVACIÓNS
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	SAN SATURNINO, SL	PISO	[REDACTED]	CAMBADOS	120.774,00 €	144.798,00 €	73.129,39 €	25.236,95 €	FÓRA DE ORDENACIÓN VIXENTE, ALUGADO
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	SAN SATURNINO, SL	VIVENDA CON LOCAL COMERCIAL	[REDACTED]	CAMBADOS	260.533,16 €	260.533,16 €	157.095,31 €	239.570,35 €	ACCESIBILIDADE, ALUGADO
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	SAN SATURNINO, SL	PISO	[REDACTED]	CAMBADOS	89.897,00 €	106.311,00 €	54.509,31 €	20.762,60 €	SITUACIÓN ZONA VIDA NOCTURNA EN CAMBADOS, ALUGADO
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	SAN SATURNINO, SL	NAVE INDUSTRIAL	[REDACTED]	CAMBADOS	234.271,49 €	322.433,78 €	213.370,82 €	146.948,48 €	FÓRA ORDENACIÓN VIXENTE
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	SAN SATURNINO, SL	ROCHO	[REDACTED]	SANXENXO	4.098,60 €	4.098,60 €	3.157,80 €	2.305,19 €	ALUGADO
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	SAN SATURNINO, SL	GARAXE	[REDACTED]	[REDACTED]	26.084,00 €	26.084,00 €	18.309,00 €	13.365,57 €	ALUGADO
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	SAN SATURNINO, SL	ACAROADO	[REDACTED]	VILAGARCÍA DE AROUSA	210.376,08 €	219.801,82 €	179.648,00 €	83.177,02 €	
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	SAN SATURNINO, SL	PISO	[REDACTED]	VILAGARCÍA DE AROUSA	70.930,80 €	80.873,76 €	62.354,64 €	17.521,65 €	FÓRA DE ORDENACIÓN, ALUGADO
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	SAN SATURNINO, SL	GARAXE, PISO	[REDACTED]	PONTEVEDRA	22.554,24 €	22.554,24 €	17.754,96 €	22.657,10 €	RÚA PERPENDICULAR A
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	SAN SATURNINO, SL	E ROCHO	[REDACTED]	[REDACTED]	164.583,92 €	170.642,00 €	123.714,65 €	157.872,26 €	LOUREIRO CRESPO E A PATIO INTERIOR, ALUGADO
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	SAN SATURNINO, SL	PREDIO SOLO NON URBANIZABLE	[REDACTED]	SANXENXO	29.656,59 €	77.326,00 €	63.355,74 €	46.249,69 €	PARCELA CON BAIXA EDIFICABILIDADE
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	SAN SATURNINO, SL	SOLO URBANIZABLE SECTORIZADO SU1	[REDACTED]	SANXENXO	177.380,28 €	177.380,28 €	129.228,99 €	102.737,05 €	PARCELAS SOLO URBANIZABLE SECTORIZADO SU21, PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO NON APROBADO OU NON REDACTADO
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]			[REDACTED]		67.971,96 €	67.971,96 €	49.520,43 €	43.330,38 €	
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]			[REDACTED]		13.982,22 €	13.982,22 €	10.351,04 €	9.057,16 €	
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]			[REDACTED]		18.949,14 €	18.949,14 €	14.028,05 €	12.274,54 €	
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]			[REDACTED]		13.165,74 €	13.165,74 €	9.746,60 €	8.528,28 €	
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]			[REDACTED]		9.219,42 €	9.219,42 €	6.825,14 €	5.972,00 €	

■	■	■	■			■		10.614,24 €	10.614,24 €	7.857,72 €	6.875,51 €	
■	■	■	■			■		7.620,48 €	7.620,48 €	5.641,44 €	4.936,26 €	
■	■	■	■			■		14.118,30 €	14.118,30 €	10.451,78 €	9.145,31 €	
■	■	■	■			■		15.785,28 €	15.785,28 €	11.685,84 €	10.225,11 €	
■	■	■	■			■		54.908,28 €	54.908,28 €	40.002,99 €	35.002,62 €	
■	■	■	■			■		0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	■
■	■	■	■			■		54.363,96 €	54.363,96 €	39.606,43 €	31.487,11 €	SOLO URBANIZABLE SECTORIZADO SU21
■	■	■	■			■		7.195,84 €	7.195,84 €	4.067,56 €	3.233,71 €	SOLO RÚSTICO FÓRA DE SU21
■						■		4.190,00 €	4.190,00 €	2.141,09 €	1.676,69 €	
■						■		12.256,00 €	12.256,00 €	6.262,82 €	4.183,56 €	
■						■		54.360,00 €	54.360,00 €	25.005,60 €	19.581,89 €	
■						■		4.190,00 €	4.190,00 €	2.141,09 €	1.055,34 €	DIFERENZA NO VALOR DO SOLO RÚSTICO CON RESPECTO Á NAVE DE
■				Non localizadas no Catastro		■		16.800,00 €	16.800,00 €	8.584,80 €	4.231,45 €	■
■						■		20.430,00 €	20.430,00 €	10.439,73 €	7.000,88 €	
■						■		36.150,00 €	36.150,00 €	16.629,00 €	11.108,17 €	

Chegados a este punto, debemos lembrar que a imputación aos acusados do delito de branqueo de capitais partía da premisa de que, froito das actividades de tráfico de estupefacientes, José Ramón ■■■■ se fixera ao longo dos anos cunha importante cantidade de cartos e que, para agachar a súa ilícita procedencia e acceder ao mercado legal, coa axuda dos outros acusados, realizara as accións que ata o de agora reflectimos a través da empresa Inmobiliaria San Saturnino, SL. E, como un indicio racional de criminalidade en tal sentido, a acusación empregou a diferenza entre os valores de adquisición dos inmobles e os máis altos da súa taxación e os de mercado. Neste sentido, os peritos da AEAT -■■■■ ■■■■ ■■■■ ■■■■ e ■■■■ ■■■■ ■■■■- seguiron, á súa vez, a pericial dos membros de ■■■■ -■■■■ ■■■■ ■■■■ ■■■■ ■■■■ ■■■■, ■■■■



██████████ e ██████████ -. E as defensas de María Rosa ██████████ ██████████, Rosa María ██████████ ██████████ e Josefa ██████████ ██████████ contradixeron aquela pericial da acusación co informe realizado por ██████████ ██████████ ██████████ -da entidade Horwath Auditores España, SLP-, que, á súa vez, se baseaba na tamén pericial de ██████████ ██████████ ██████████ ██████████. Así pois, no relativo á taxación das propiedades, tratouse de analizar e comparar as valoracións deste último e as daqueles tres anteriores peritos de Valmesa.

O labor dos peritos de Valmesa desenvolveuse do seguinte xeito: unha visitaba o lugar e logo introducía os datos no ordenador da empresa -██████████ ██████████ ██████████ ██████████-, outro na Coruña revisaba o traballo da anterior -██████████ ██████████ ██████████- e outro en Madrid supervisaba todo -██████████ ██████████ ██████████-. No caso de ██████████ ██████████, el encargouse de todo. Se quen facía o traballo de campo por Valmesa -██████████ ██████████ ██████████ ██████████- se limitou a ir polos lugares, sen entrar nos seus recintos, e, sen visitar por dentro os inmobles, tirar fotografías e tratar de situar as propiedades no correspondente planeamento, o perito ██████████ ██████████ ██████████ ██████████ non só tamén visitou os lugares e tiraba fotografías, senón que ademais se introduciu neles e visitou os interiores dos correspondentes inmobles, como dun xeito ben doado se pode colixir da sinxela contemplación das fotos que achegou cos seus particularizados informes.

Outra diferenza que se notou foi no relativo ás testemuñas utilizadas polos referidos peritos da acusación e da defensa. Se Valmesa utilizou en ocasións testemuñas discutibles (así, as relativas á comparación con outros lugares situados no interior e non na costa de Pontevedra, alusión a outras sen referencias concretas da súa situación, a aplicación dos mesmos valores nos



seus coeficientes para obter o prezo homoxeneizado, etc.), o perito ██████████ deu boa conta, expresa e concreta, das testemuñas que utilizou para a valoración por comparación dos inmobles. Os peritos de Valmesa descoñecían se algún dos inmobles estaba alugado, fóra da ordenación vixente, se tiña cargas ou servidumes, etc., circunstancias estas que si reflectiu o perito da defensa como evidentemente afectantes ao resultado da taxación final. Tamén é mester subliñar que as valoracións de Valmesa foron, ao parecer, das denominadas de oferta de venda e, xa que logo, non as reais correspondentes ao resultado das negociacións, case que sempre á baixa, entre comprador e vendedor dos inmobles.

Así as cousas, quizais se puidese concluír coa preferencia e maior calidade da pericial da defensa con respecto á da acusación. Porén, a obxectividade en moitos casos dos prezos de adquisición que se fixeron constar nas diversas escrituras públicas, a máxima de experiencia de que aquel prezo se debía ter como un mínimo do que partir polas coñecidas -aínda que polos directamente interesados sempre negadas- como entregas a maiores de cartos en b, por abaixo, na man, en efectivo, en sobre á parte, etc., por non aludir aquí a outras de significado pexorativo, e a tamén máxima de experiencia da realidade inmobiliaria daquela época por todos coñecida pola zona do Salnés -Sanxenxo, Cambados e Vilagarcía de Arousa- e Pontevedra determinannos, dentro das regras da sa crítica, a fiarnos máis das taxacións periciais da acusación e a decantarnos por elas e non polas das defensas.

E todo isto, sen necesidade de ter que pasar obrigatoriamente xusto polas contías das taxacións de Valmesa, o que, se é o caso, podería influír na pena de multa inherente ao delito de branqueo de capitais, mais non afectaría a auténtica cerna do



asunto consistente en se toda a actividade dos acusados tiña a súa orixe nos beneficios da dedicación ao narcotráfico por parte de José Ramón [REDACTED].



Ao referido grupo de bens abrangidos entre os números [REDACTED] e o [REDACTED] do escrito de acusación só cómpre aludir sumariamente. Así, destacamos a ben rechamante diferenza entre o prezo de adquisición e a valoración dos fondos mercados o 12 de novembro de 1990, da cal ben ás claras se pode tirar que boa parte do prezo se pagou cos cartos procedentes do narcotráfico; a adquisición do 21 de maio de 1996 por parte de Inmobiliaria San Saturnino, SL, que antes percorreu o núcleo de persoas xa mencionadas -José Alberto [REDACTED] [REDACTED], parentes de José Ramón [REDACTED] [REDACTED] e, por fin, a inmobiliaria-; a subrogación na hipoteca que xa pesaba sobre esta vivenda unifamiliar fixo que entre este ano 1996 e 1999 a sociedade mantivese vivas ata tres hipotecas e, increíblemente, ningunha apareceu nas súas contas; a diferenza abismal entre o prezo de determinadas adquisicións e a súa valoración de mercado -por exemplo, uns 55 000 euros no caso do fundo [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], o que volve a reflectir que, á forza, se lavaron os cartos da diferenza para mercalo-; o mesmo nas adquisicións do ano 1999 e, dentro destas, aquela sobre a que despois se construíu a vivenda unifamiliar que se rematou no ano 2005; etc., para non repetir todo o que ata aquí xa reflectimos.

E, se todo isto fai referencia ás valoracións dos bens adquiridos por Inmobiliaria San Saturnino, SL, como indicio de que por enriba dos prezos escriturados á forza tivo que desembolsar bastantes máis cartos ca os que aquela e a súa administradora María Rosa [REDACTED] [REDACTED] deron xustificado legalmente dunha forma minimamente crible, tamén se debía cumprir coa acreditación, dende o punto de vista da acusación,

de que aqueles cartos procedían de José Ramón [REDACTED], e, en concreto, dos relacionados cos beneficios que lle reportaba a súa dedicación ás actividades de narcotráfico. Sen necesidade, a estas alturas, de reiterar a negación de todos os acusados en tal sentido, coa atribución a si mesmos dunha vida laboral esforzada e exemplar, o certo é que así quedou demostrado por mor de todo o ata aquí dito (manexo de inxentes cantidades de cartos de non demostrada procedencia legal, pagamentos en efectivo, préstamos e hipotecas pagadas sen a máis mínima pegada na contabilidade da inmobiliaria, etc.).

Neste sentido, o perito [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], da empresa Horwath Auditores España, SLP, en relación tamén coa Inmobiliaria San Saturnino, SL, informou de que o valor contable dos inmobles da sociedade non era 1 445 773,60 euros, senón 1 697 115,97 euros (diferenza de 251 382,37 euros). A razón, segundo el, era que no importe da AEAT, contrariamente ao que se dicía, si que xa se tivera en conta o impacto das amortizacións. E que no informe da AEAT faltaba por incluír un inmovible, en concreto, o rexistrado contablemente dentro da epígrafe de inmovilizado material -piso [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]-. Verbo das valoracións dos inmobles da sociedade, o referido perito da defensa fixábaos en 1 651 498,40 euros, fronte aos 2 111 428,69 euros da perita da AEAT. As razóns que daba debíanse á comparación do valor de adquisición reflectido pola AEAT cos das escrituras de compravenda ou construción, á consideración do valor de taxación para outros temas - préstamos, hipotecas, declaracións de obra nova, etc.- e non ao de adquisición, á duplicidade de valoracións -caso da nave de [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], Cambados-, ao erro na consignación do valor de adquisición -caso dun dos fondos [REDACTED] [REDACTED] Cambados-, ao emprego do valor investido en lugar do de adquisición -caso dun rocho e unha praza de garaxe na rúa



██████████, de Sanxenxo-, ás diferenzas no valor de conversión de pesetas a euros, a erros de valoración nos inmobles construídos pola sociedade - ██████████ ██████████ e rúa ██████████, Astilleros Facho, SL, e unha nave en ██████████- e á non inclusión dun inmovible construído tamén pola sociedade que, porén, non foi quen de identificar na vista oral. En fin, a diferenza entre o valor contable e o valor de adquisición dos inmobles cifrábaa en 45 617,57 euros, que consideraba razoable. Deseguido criticaba a valoración dos inmobles segundo o valor de mercado realizada pola AEAT polos erros no seu contraste cos de Valmesa, e polos erros desta na identificación dalgún deles - por exemplo, os fondos de ██████████ e ██████████ ██████████ Sanxenxo-. E, por último, a partir da análise do fluxo de caixa de Inmobiliaria San Saturnino, SL, durante os exercicios do 2001 ao 2010, consideraba acreditada a xustificación da adquisición da totalidade do seu patrimonio.

Mais discrepamos, dentro sempre das regras da sa crítica, do anterior informe pericial. Ademais de todo o que ata aquí dixemos, o domicilio social de Inmobiliaria San Saturnino situouse, primeiro, na rúa ██████████ ██████████, ██████████ ██████████, Cambados, e a partir do 2004, no piso segundo da ██████████ ██████████ ██████████, número ██████████, de Cambados. As fontes de ingresos fundamentais para a perita ██████████ ██████████ ██████████ eran basicamente dúas: o arrendamento das instalacións á empresa Astilleros Facho, SL, e outros arrendamentos de inmobles, como os pisos ou locais do edificio onde despois fixou definitivamente o seu domicilio social, ou o do local de ██████████ alugado a Servicio Rápido Charbe. A mesma perita ██████████ ██████████ ██████████ deseguido reflectía os ingresos, gastos, maior valor de inmovilizado, declaracións do imposto sobre sociedades, o resumo anual do IVE e as adquisicións de inmobles realizadas por Inmobiliaria San Saturnino, SL, durante os exercicios 2001 ao 2010, as hipotecas

constituídas pola sociedade, a referencia ao patrimonio adquirido antes do ano 2001 e ás contas anuais, para chegar á seguinte conclusión: *Tal y como se señala en el informe previo de la Inspección (o da autoría de ██████████ ██████████ ██████████ ██████████) nos encontramos con una acumulación patrimonial en la sociedad que no estaría justificada con la actividad productiva que realiza sin que puedan acreditarse los recursos que han generado ese patrimonio a lo largo de los años.*

E cómpre lembrar que as fontes do informe de ██████████ ██████████ ██████████ foron, como ela mesma manifestou, a documentación existente nas actuacións, o informe anterior de ██████████ ██████████ ██████████ Oscoz do 6 de marzo de 2012, os informes das valoracións inmobiliarias de Valmesa, as bases de datos da Axencia Tributaria, e os datos bancarios (movementos, depósitos, fondos de investimento, etc.). E que, no relativo a Inmobiliaria San Saturnino, SL, non encontrara xustificación a como se pagaran as naves dos estaleiros de ██████████: nin había constancia do préstamo hipotecario nin de débedas a longo prazo para pagar aquelas, pois non aparecían na contabilidade da sociedade. En todo caso, a hipoteca non sería suficiente para xustificar a adquisición daquelas naves. E, se non aparecían as débedas na contabilidade da empresa, era debido a que había un activo que suporía uns ingresos e os xuros pagábanse á marxe da contabilidade. Se non aparecían as débedas, entón sería porque non se quería que aparecese a contrapartida con que se estaban a pagar. E que a circunstancia de que que puidese coñecer as amortizacións dos préstamos en nada mudaría o seu informe, porque, entre outras cousas, habería que comprobar a orixe dos fondos empregados para aquelas amortizacións.



Para seguir a mesma orde que o fiscal no seu escrito, aquí dentro do apartado dedicado ás accións exercitadas a través de Inmobiliaria San Saturnino, SL, aludíase especificamente a que María Rosa ██████████ realizara a declaración do IRPF nos exercicios anteriores ingresando cantidades que oscilaban entre 4000 e 14 000 euros e mercara, entre outros, os seguintes bens: un vehículo BMW 750 IL, matrícula ██████████, de segunda man e un Porsche 928, matrícula ██████████, de segunda man, ambos no ano 1999; un BMW X5, matrícula ██████████, de segunda man, adquirido no 2003; unha embarcación auxiliar para o cultivo de bivalvos en 2004; e un dereito de uso sobre unha praza de garaxe -praza número 12 do porto deportivo de Sanxenxo- no ano 2005 polo prezo de 20 929,74 euros.

Para o perito ██████████ ██████████ ██████████, no informe da AEAT había erros na cuantificación do gasto medio por fogar (diferenza de 60 661,25 euros) e en relación co importe consignado dos préstamos realizados por María Rosa ██████████ ██████████ á entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL (diferenza de 3920,53 euros). Entre outras cousas, non se tivera en conta que a María Rosa, ás súas fillas Isabel e Rosa María e ao marido desta última, ██████████ ██████████, lles tocara a primitiva o 23 de decembro de 2010 -3811,04 euros-. E concluía que os ingresos declarados por María Rosa eran coherentes coa adquisición do patrimonio indicado durante os exercicios obxecto de análise (anos 2001 ao 2010). Aínda así, a mera manifestación de María Rosa ██████████ ██████████ de que entre o ano 2000 e o 2007 lle achegaba á súa irmá Josefa ██████████ ██████████ uns 4000 euros ao ano amósase orfa de todo mínimo indicio de principio de proba. Por ningures existe constancia, de xeito documental ou de calquera outro minimamente fidedigno, de tan sinxela manifestación, nin por parte de quen supostamente daba aquela cantidade nin por parte de quen non menos

pretendidamente a recibía. É certo que, nun principio, a propia perita ██████████ considerou que *no existe, en este caso, tanta incongruencia entre el patrimonio que detenta y la renta que ha venido declarando*. Mais na vista ben que rectificou.

A dispoñibilidade económica tanto de María Rosa ██████████ ██████████ como da entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL, abofé que traía a súa causa dos labores de narcotráfico a que se dedicaba José Ramón ██████████, dada a evidencia dunha disposición de fondos que non resultaba dunha actividade lícita demostrada. O volume de cartos manexado, ou o seu esaxerado importe e o incremento inusual do patrimonio en relación coas fontes lícitas de ingresos que se investigaron, xunto coa inexistencia doutra actividade lucrativa que fose distinta daquela constitutiva de delito que si quedou acreditado que era susceptible de xerar tales beneficios, demostra que os anteriores actos se idearon, executaron e consumaron dentro do designio da comisión do delito de branqueo de capitais. En todo caso, a cerna da acusación contra María Rosa ██████████ ██████████ referíase á súa intervención no seo da referida sociedade máis que como persoa individual á marxe daquela.

Constitúe unha máxima de experiencia (así, e por todas, a STS 1310/2003, do 15 de outubro) que a aparición de inxentes e desproporcionadas cantidades de cartos no ámbito persoal e familiar dos que se dedican ao tráfico de estupefacientes, sen unha explicación minimamente racional da súa procedencia, permite racionalmente inferir a súa procedencia daquel tráfico. E non outra cousa é o que aquí sucedeu coa directa relación entre a sociedade -Inmobiliaria San Saturnino, SL- e os dous acusados José Ramón ██████████ e María Rosa ██████████.



- Accións executadas a través de Josefa [REDACTED]

Segundo o fiscal e con base, fundamentalmente, no informe da perita [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], ata o ano 2003 declarara uns cativos rendementos de traballo e procedentes de alugueiros. A partir de entón comezou a declarar rendementos derivados de actividades económicas procedentes da explotación dun parque de cultivo de bivalvos adquirido daquela por un prezo de 18 662,50 euros. En concreto, o fiscal imputáballe que, pola súa relación familiar con José Ramón [REDACTED] [REDACTED], se prestara a adquirir determinados bens utilizando así cartos procedentes das actividades vinculadas co narcotráfico. Referíase especificamente ás seguintes circunstancias: a compra en 1999 e 2008 de dous baixos situados no mesmo edificio en [REDACTED] Sanxenxo, a carón dunha parcela cunha vivenda unifamiliar propiedade de Inmobiliaria San Saturnino, SL, na cal pasaba os seus permisos penitenciarios José Ramón [REDACTED] [REDACTED]; a consabida diferenza entre os prezos escriturados nas compravendas dos baixos -45 075,91 e 108 183,38 euros-, o seu financiamento a través de hipotecas por importes de 30 050,61 e 120 000 euros, e os seus tamén respectivos valores de mercado -78 180,64 e 184 630,07 euros-; a adquisición o 4 de agosto de 2005 dun dereito de uso e gozo temporal sobre unha praza de garaxe no [REDACTED] [REDACTED] de Sanxenxo por importe de 20 962 euros; que era dona dende o 1995 dun local comercial na rúa [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], de Sanxenxo, cun valor catastral de 31 128,93 euros e dunha casa situada na [REDACTED] entre Portonovo e Sanxenxo cun valor catastral de 62 761,77 euros. Segundo a acusación, os ingresos que percibía Josefa [REDACTED] [REDACTED] non xustificaban a posibilidade de adquirir todo o anterior. A renda que declaraba daríalle escasamente para cubrir o consumo medio dunha familia e, porén, os seus saldos bancarios eran elevados, realizaba achegas a fondos de pensións, contratara

unha empresa de seguridade, e adquirira no 2007 un vehículo BMW M5 de segunda man por un prezo de 16 722 euros.

Se as anteriores valoracións dos inmobles foron realizadas por Valmesa, para o perito [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] a taxación foi a seguinte:

NÚM. INSP.	NÚM. DOC.	EXP. VALMESA	REF. AEAT	REFERENCIA CATASTRAL	PROPIEDAD	TIPO INMOBLE	LOCALIZACIÓN	MUNICIPIO	VALORACIÓN AXENCIA TRIBUTARIA 04/12/2013	VALORACIÓN VALMESA 14/10/2013	A NOSA VALORACIÓN 14/10/2013	A NOSA VALORACIÓN RETROSP.	OBSERVACIÓN
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	JOSEFA POUSO NAVAZAS	PISO	[REDACTED]	SANXENXO	125.360,90 €	139.608,29 €	86.918,67 €	48.674,46 €	FÓRA DE ORDENACIÓN VIXENTE, PLANTA BAIXA SEN TERRAZAS
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	JOSEFA POUSO NAVAZAS	PISO	[REDACTED]	SANXENXO	127.661,10 €	132.256,50 €	88.513,51 €	123.564,86 €	FÓRA DE ORDENACIÓN VIXENTE, PLANTA BAIXA SEN TERRAZAS
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	JOSEFA POUSO NAVAZAS	PRAZA DE GARAXE	[REDACTED]	SANXENXO	4.997,40 €	4.997,40 €	3.778,08 €	5.274,20 €	FÓRA DE ORDENACIÓN VIXENTE

Por outra parte, o perito [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] tamén encontrou erros na cuantificación do gasto medio por fogar (diferenza de 93 000,11 euros), ademais de aludir a que Josefa [REDACTED] [REDACTED] estivera vivindo cos seus pais coa conseguinte mingua nos gastos, e ás achegas anuais por importe de 4000 euros que supostamente lle facía a súa irmá María Rosa [REDACTED] [REDACTED]. Verbo destas, cómpre reiterar o xa dito no caso da súa irmá María Rosa [REDACTED] [REDACTED] no sentido de que nin a máis mínima constancia fidedigna existe nas presentes actuacións, alén das manifestacións interesadas de que Josefa recibira de María Rosa aqueles supostos 4000 euros entre o ano 2000 e o 2007. Nos rendementos de capital inmobiliario tamén o referido perito corruxía o informe da AEAT no sentido de considerar como importe que se debía consignar o rendimento neto obtido despois de detraer exclusivamente aos ingresos obtidos polo arrendamento os gastos necesarios para a súa obtención (IBI, taxas do lixo, reparacións, etc.), sen ter en conta o importe correspondente á amortización dos inmobles. Mesmo engadía que non se tivera en conta a indemnización recibida por Josefa



██████████ por un accidente de tráfico durante os exercicios 2009 e 2010 por un importe total de 196 341,37 euros. Deste xeito, finalmente o perito concluía que non existía incongruencia entre os ingresos recibidos por Josefa e o patrimonio analizado durante os exercicios 2000 ao 2010 e que incluso neste ano tivera un remanente de 154 099,97 euros.

Mais para a perita ██████████ ██████████ ██████████, Josefa ██████████ ██████████ non xustificaba o patrimonio que tiña, nin o seu nivel de vida, compras de vehículos, etc. A partir do ano 1993 e ata 2003 tivera uns ingresos de cativa contía. Os gastos foron superiores aos ingresos en moitos anos. Non encontrou xustificación a como pagou a batea por un total de 18 000 euros. Tampouco para o pagamento no 2005 dunha praza de garaxe, para a compra duns baixos no mesmo inmovible en ██████████, Sanxenxo, e dun local nesta mesma vila e, en fin, para ningunha das adquisicións que realizara. A circunstancia de que ela ou o seu exesposo -bens privativos del- vendesen determinadas propiedades non afectaría as conclusións a que chegou no seu informe, nin tampouco o feito de percibir no ano 2009 unha indemnización por un accidente de tráfico. Rexeitaba así a perita a suposta influencia nas conclusións do seu informe da diversa documentación achegada pola defensa de Josefa ██████████ ██████████ (escrituras públicas do 23 de outubro de 1990, pola que ela vendía un fondo por 1 420 000 pesetas; do 15 de setembro de 1992, pola que o seu entón marido, ██████████ ██████████, vendera outro fondo por 7 000 000 de pesetas; e a do 23 de abril de 1996, pola que ela vendía outro fondo por 3 500 000 pesetas; xustificante das cantidades que percibira dende o 16 de marzo de 2006 ata o 31 de xaneiro de 2008 do Instituto Social da Mariña en concepto de incapacidade laboral por importe de 15 532,69 euros; e os contratos de arrendamento do local situado na rúa ██████████ ██████████ ██████████, de Sanxenxo -dende 1997

ata 2012- e da vivenda situada na [REDACTED] entre Portonovo e Sanxenxo -dende 1995 ata 2003-).

Por maior abastanza, no acto da vista oral declararon a pedimento da defensa de Josefa [REDACTED] [REDACTED] as testemuñas que xa reflectimos, para, no caso de [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], referir que como vendedora dunha propiedade a Josefa en [REDACTED], o prezo que figuraba na escritura de compravenda fora o que ela cobrara, nin máis nin menos, e nos outros casos ([REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED]), para referiren que, como veciños da referida acusada, eles tamén pagaran o prezo polo que escrituraran, e ren máis, e que había máis veciños como Josefa que tamén tiñan un sistema de seguridade. Mais resulta obvio que dirían, por motivos de todos coñecidos, que eles non pagaron un céntimo de euro de máis por enriba do prezo que figuraba nas súas escrituras de compravenda.

A dispoñibilidade económica de Josefa [REDACTED] [REDACTED] abofé que traía a súa causa dos labores de narcotráfico a que se dedicaba José Ramón [REDACTED], dada a evidencia dunha disposición de fondos que non resultaba dunha actividade lícita demostrada. O volume de cartos manexado, ou o seu esaxerado importe e o incremento inusual do patrimonio en relación coas fontes lícitas de ingresos que se investigaron, xunto coa inexistencia doutra actividade lucrativa que fose distinta daquela constitutiva de delito que si quedou acreditado que era susceptible de xerar tales beneficios, demostra que os anteriores actos se idearon, executaron e consumaron dentro do designio da comisión do delito de branqueo de capitais.



- Accións executadas a través de Rosa María [REDACTED]

Dende o 2001 declaraba rendas do traballo como empregada en Astilleros Facho SL, e dende 2003 tamén rendementos de actividades económicas procedentes dunha batea adquirida á súa avoa paterna. Por ser a filla maior de José Ramón [REDACTED] [REDACTED]o, a acusación pública imputáballe que se prestara a adquirir determinados bens empregando os cartos procedentes das actividades vinculadas co narcotráfico. En concreto, sinalábanse os seguintes feitos: o 6 de xuño de 2001 mercara o fondo [REDACTED] -inscrito no Rexistro da Propiedade de Cambados co número [REDACTED], situado en [REDACTED] [REDACTED], Sanxenxo, sobre o que existía unha vivenda, polo prezo escriturado de 150 253,03 euros, financiado cun préstamo hipotecario -que pagou ao pouco tempo- por idéntica cantidade, aínda que o valor de taxación fixado para a constitución da referida hipoteca fora o de 358 436,86 euros -máis do dobre que aquel prezo escriturado-e a propiedade fora valorada en 411 632,68 euros; todo o relativo á exacta identificación desta propiedade quedou máis que suficientemente xustificado, ademais de a través dunha acta de rectificación do 21 de xaneiro de 1999, por medio das explicacións dos peritos [REDACTED] e [REDACTED] e pola realidade incontestable do seu referido número rexistral, xustificacións que acaban con calquera dúbida ao respecto; ademais, o 26 de marzo de 2003 mercáralle á súa avoa [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] unha batea situada no polígono de Cambados para o cultivo da ostra plana e vieira por un prezo de 15 530 euros e mais 3005 euros pola concesión administrativa; e o 18 de agosto de 2005 mercara o dereito de uso e gozo temporal sobre unha praza de garaxe no [REDACTED] [REDACTED] de Sanxenxo por 20 880 euros. Segundo a acusación pública, baseándose no informe pericial da AEAT, os ingresos de Rosa María non xustificarian a posibilidade de adquirir todo o anterior, con

especial referencia ao ano 2002, no cal, cuns ingresos de pouco máis de 20 000 euros, realizara amortización do préstamo hipotecario por máis de 42 000 euros, e ao 2003, no cal, cuns ingresos de 38 000 euros, fixera amortizacións do préstamo hipotecario pola cantidade de 11 500 euros e pagara parte do prezo da batea e concesión administrativa.

Co escrito de conclusións provisionais a defensa de Rosa María [REDACTED] [REDACTED] achegara a documental consistente nas facturas de vendas e compras de ostra dende o ano 2003 ata o 2014, así como a súa vida laboral dende o 1997. E, para o perito [REDACTED] [REDACTED], existían erros no informe pericial da AEAT na cuantificación do gasto medio por fogar (diferenza de 151 486,21 euros), entre outras razóns idénticas aos casos das anteriores acusadas -nai e tía súas-, pola circunstancia de que ata o 2005, ano en que casou, vivía coa súa nai e irmá máis nova. Este perito tamén apreciou erros nos rendementos do traballo (diferenza de 3978,86 euros), e sinalou que, entre outras cousas, había que ter en conta que a Rosa María -e ao seu marido, [REDACTED] á súa irmá Isabel, e á nai de ambas as dúas, María Rosa [REDACTED] [REDACTED], lles tocara a primitiva o 23 de decembro de 2010 -3811,04 euros-. E concluía o amentado perito que os ingresos obtidos por Rosa María [REDACTED] [REDACTED] si que resultaban congruentes co patrimonio adquirido durante os exercicios 2000 ao 2010 e que mesmo neste último ano tiña un remanente de 32 169,50 euros. Con todo, para a perita [REDACTED], por ningures se xustifica non só o patrimonio de Rosa María, senón tampouco de onde procedían os cartos con que realizou a amortización do préstamo hipotecario. E cómpre non esquecer que Rosa María tamén estaba autorizada nas contas bancarias da entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL.



A dispoñibilidade económica de Rosa María [REDACTED] abofé que traía a súa causa dos labores de narcotráfico a que se dedicaba José Ramón [REDACTED], dada a evidencia dunha disposición de fondos que non resultaba dunha actividade lícita demostrada. O volume de cartos manexado, ou o seu esaxerado importe e o incremento inusual do patrimonio en relación coas fontes lícitas de ingresos que se investigaron, xunto coa inexistencia doutra actividade lucrativa que fose distinta daquela constitutiva de delito que si quedou acreditado que era susceptible de xerar tales beneficios, demostra que os anteriores actos se idearon, executaron e consumaron dentro do designio da comisión do delito de branqueo de capitais.

- Accións executadas a través de Jolva, SL

Esta sociedade foi constituída o 4 de agosto de 1988 por Inmobiliaria San Saturnino, SL, representada polo acusado José Ramón [REDACTED] [REDACTED], e por José Agüín [REDACTED], SL, representada polo coacusado José Alberto [REDACTED] [REDACTED], que foi nomeado o seu administrador. Xa reflectimos a fonda amizade entre eles e a relación de ambos os dous coas actividades do narcotráfico, con cuxos beneficios Jolva, SL, mercou un terreo fronte á praia de [REDACTED], Sanxenxo.

Sobre ese terreo o mesmo acusado José Alberto [REDACTED] e María Rosa [REDACTED], en representación de Inmobiliaria San Saturnino, SL, realizaron as actuacións que xa debullamos nos feitos declarados probados desta mesma sentenza, coa conseguinte revaloración económica á alza, o que deu lugar a distintas parcelas case todas elas edificables.

O 14 de agosto de 2007, a acusada María Rosa [REDACTED] [REDACTED], en representación da entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL,

transmitiu as participacións sociais que tiña en Jolva, SL, á Arlequín Rojo, SL, cuxo socio maioritario e representante legal non era outro que o acusado José Alberto [REDACTED], polo prezo de 1 200 000 euros. Mais esta operación non cabe cualificala senón de ben peculiar, xa que se aprazou tres anos o seu pagamento e, se transcorridos estes non se realizaba o pago, entón prorrogaríase por outros tres máis, e, se transcorridos estes seis anos, non se pagaba, entón resolvíase a venda das participacións sociais recuperando estas Inmobiliaria San Saturnino, SL, e pasando, xa que logo, a posuír a condición de socia ao cincuenta por cento de Jolva, SL. Mais outra vez por unha escritura do 31 de xaneiro de 2012 acordaron aqueles un novo aprazamento ata o 30 de decembro de 2015, data en que se entendería resolta a venda das participacións sociais de non producirse o pago, o cal ata o día de hoxe non se ten constancia de que ocorrese.

Como informaron os peritos da AEAT, Jolva, SL, constituírase para asumir a titularidade do referido terreo en [REDACTED], Sanxenxo. A referida operación de compravenda das súas participacións sociais carecía por completo de calquera sentido para Inmobiliaria San Saturnino, SL, xa que durante seis anos non podía vender as súas participacións sen ningún tipo de compensación e Arlequín Rojo, SL, tiña eses mesmos seis anos para decidir se compraba ou non as participacións sociais sen prestación ningunha a cambio. Mesmo por iso non se detectou ningún movemento en efectivo acreditativo de tal circunstancia. E Jolva, SL, tampouco presentaba imputacións de ingresos en ningún exercicio e os gastos declarados nos anos 2008 ao 2010 non permitían concluír que desenvolvese ningunha actividade.



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZIA

V.- CUALIFICACIÓN XURÍDICA DOS FEITOS XULGADOS

DÉCIMO CUARTO.- Os feitos declarados probados son legalmente constitutivos dun **delito de branqueo de capitais procedentes do tráfico de drogas do artigo 301 en relación co artigo 368, ambos os dous do Código penal.**

Xa reflectimos -vide así o fundamento de dereito sétimo desta mesma sentenza- os elementos e requisitos do devandito delito de branqueo de capitais. Remitímonos ao xa dito para evitar inútiles reiteracións. Tan só engadiremos aquí coa máis recente xurisprudencia (así, a STS, Penal, Sección 1ª, do 3 de decembro de 2018 -ROJ: STS 4106/2018 - ECLI:ES:TS:2018:4106-) o seguinte:

El delito de blanqueo de capitales requiere acreditar la existencia de un delito previo como origen de los bienes blanqueados; que ese delito es capaz de generar beneficios económicos; la conexión entre dicho delito y los beneficios acreditados, de manera que pueda afirmarse de forma suficientemente consistente que tienen su origen en aquel; y la realización de operaciones, descritas en el tipo, con la finalidad de encubrir u ocultar el origen delictivo de dichos bienes. No es necesaria, sin embargo, una condena previa por el delito origen de los bienes, n tampoco una descripción exhaustiva de la actividad delictiva previa. En este sentido, del artículo 3.3.b) de la Directiva 2018/1673 del Parlamento Europeo y del Consejo de 23 de octubre, se desprende que no es necesario para la condena por delito de blanqueo que se establezcan "todos los elementos fácticos o todas las circunstancias relativas a dicha actividad delictiva, incluida la

identidad del autor". Ello no reduce, sin embargo, la necesidad de describir suficientemente una conducta que pueda ser constitutiva de delito y que sea el origen de los bienes blanqueados. [...] La jurisprudencia no ha exigido la condena previa por el delito antecedente del blanqueo. Ha afirmado, sin embargo, que la existencia de tal infracción previa y el que los bienes objeto del blanqueo tengan en ella su origen, es un elemento del delito de blanqueo, cuya prueba no presenta especificidad alguna, pudiendo recurrirse a la prueba indiciaria. En la STS de 5 de Octubre de 2006, citada por la STS nº 628/2011, de 22 julio, se decía al respecto que "No es preciso identificar un concreto hecho delictivo, ni tampoco que ya exista una sentencia condenatoria que lo establezca. Pero será precisa, al menos, una mínima identificación, de manera que pueda afirmarse de forma contundente que el origen de los bienes no es una actividad solamente ilícita, sino delictiva."

A día de hoxe, a última resolución de que temos coñecemento é a STS, Penal, Sección 1ª, do 13 de decembro de 2018 (ROJ: **STS 4217/2018** - ECLI:ES:TS:2018:4217), que non fai máis que teimar na anterior doutrina xurisprudencial do mesmo tribunal. Reitérase nela o triplo pilar indiciario sobre o que se pode edificar unha condena polo delito de branqueo de capitais procedentes de delitos contra a saúde pública, a saber: a) incrementos patrimoniais inxustificadas ou operacións financeiras anómalas; b) inexistencia de actividades económicas ou comerciais legais que xustifiquen eses ingresos; e c) vinculación con actividades de tráfico ilícito de estupefacientes.



Só cómpre lembrar, polo demais, que os casos en que o mesmo traficante de droga ou autor do delito precedente branquea despois as ganancias así obtidas xa hai tempo que deixaron de considerarse como actos de autoencubrimiento respecto do delito antecedente. Resulta indiferente que o autor do delito precedente sexa o mesmo a quen se lle imputa o branqueo ou outro. Por iso a mesma persoa que cometeu o delito antecedente, do cal derivan os bens, pode cometer tamén o delito de branqueo en relación con eses mesmos bens (por todas, a recente STS, Penal, Sección 1ª, do 29 de novembro de 2018 -ROJ: STS 4046/2018 - ECLI:ES:TS:2018:4046-). Esta sentenza lembra tamén que non se require que o delito de referencia fose obxecto de axuizamento previo e sanción penal, polo que se amosa inútil o argumento de que hipoteticamente se puidese chegar a acoller o recurso de revisión presentado por José Ramón ██████████ ██████████ contra unha das súas dúas condenas como autor responsable dun delito contra a saúde pública na modalidade de tráfico de drogas. Abonda con que o suxeito activo coñeza que os bens teñen a súa orixe nun feito típico e antixurídico. Isto é, chega con poder establecer a relación con actividades delituosas e a inexistencia doutra posible orixe dos cartos en función dos demais datos dispoñibles ou que, dados os indicios, a conclusión razoable sexa a súa orixe delituosa.

Os acusados José Ramón ██████████ ██████████ e José Alberto ██████████ ██████████ coñecían perfectamente que os cartos que empregaron do xeito que reflectimos nos feitos probados desta mesma sentenza proviñan -e eles mesmos os obtiveran- da súa participación nas referidas actividades delituosas polas que foron condenados. E, no caso das outras acusadas -María Rosa e Josefa ██████████ ██████████ e Rosa María ██████████ ██████████, lémbrese que son respectivamente, exesposa, excuñada e filla maior de José Ramón ██████████ ██████████-, non só por razóns familiares e de

proximidade, senón tamén pola morea de indicios que indicamos -sobre todo tirados das documentais e periciais da acusación practicadas-, non podían ignorar e mesmo sabían de sobra que os cartos que empregaron para as operacións en que participaron tiñan a súa orixe nas actividades delituosas do seu exmarido, excuñado e pai. A colocación dos cartos de ilícita procedencia no mercado, as mañas despregadas por todos os acusados para disimular a súa orixe delituosa, o regreso do diñeiro logo de ser branqueado mediante tamén a morea de compravendas, préstamos, hipotecas, etc., e a utilización para todo isto dun conxunto de empresas ou sociedades instrumentais - fundamentalmente Inmobiliaria San Saturnino, SL, aínda que tamén Burás, SL, Astilleros Facho, SL, Jolva, SL, Arlequín Rojo, SL, etc.- quedou nidiamente ao descuberto.

O coñecemento da procedencia delituosa dos cartos colíxese dun xeito ben doado do notorio e desproporcionado incremento patrimonial das tres acusadas, que cos seus demostrados ingresos legais e ordinarios non puideron xustificar. Esa procedencia ilícita dos cartos era a única que lle reportaba ingresos tan cuantiosos aos branqueadores e velaí os indicios xa apuntados de que, se os ingresos lícitos non lles daban para manexar tan inxentes cantidades de diñeiro e a súa orixe só se explicaba pola relación de todos eles coas actividades delituosas, sobre todo, do acusado José Ramón [REDACTED], os bens que moveron e que relacionamos tiñan indubidablemente esa procedencia (neste sentido, a STS, Penal, Sección 1ª, do 8 de xuño de 2018 -ROJ: STS 2056/2018 - ECLI:ES:TS:2018:2056-).



VI.- AUTORÍA DO DELITO

DÉCIMO QUINTO.- Responsables en concepto de autores (artigos 27 e 28 do Código penal) do referido delito de branqueo de capitais procedentes do tráfico de drogas do artigo 301 en relación co artigo 368, ambos os dous do Código penal, son os acusados, **José Ramón [REDACTED], María Rosa [REDACTED], Rosa María [REDACTED], Josefa [REDACTED] e José Alberto [REDACTED].**

VII.- CIRCUNSTANCIAS MODIFICADORAS DA RESPONSABILIDADE CRIMINAL

DÉCIMO SEXTO.- A teor do **artigo 21.6^a do Código penal** e seguindo o criterio interpretativo do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH) sobre o artigo 6 do Convenio para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Públicas Fundamentais, que recoñece a toda persoa o dereito a que a causa sexa oída dentro dun prazo razoable, os factores que se deben ter en conta son os seguintes: a complexidade da causa, as marxes ordinarias de duración dos procesos da mesma natureza en igual período temporal, o interese que arrisca quen invoca a dilación indebida, a súa conduta procesual, e a dos órganos xurisdicionais en relación cos medios dispoñibles (por todas, a recente STS, Penal, Sección 1^a, do 29 de novembro de 2018 - ROJ: STS 4002/2018 - ECLI:ES:TS:2018:4002).

A primeira das resolucións xudiciais que consta nas presentes actuacións foi o auto do 2 de xuño de 2009. Antes de que transcorresen nove anos comezou a vista oral deste procedemento, que ben puido rematar antes de cumprírense os nove anos mesmo co pronunciamento nesta instancia da resolución

que agora nos ocupa. Mais non foi posible polos motivos xa indicados. **A complexidade da causa resulta dunha obviedade que non precisa de comentarios.** A duración global do procedemento obedeceu á necesidade de practicar diversas dilixencias de investigación e á tardanza na obtención do seu resultado -lémbrese a documental relacionada coas sociedades, rexistros, bancos, etc.-, ao lexítimo exercicio das partes do seu dereito para recorrer contra as distintas resolucións xudiciais, etc. Non se indicaron prazos de paralización significativos, importantes e inxustificados entre unha actuación e a seguinte, e mesmo os que pretendidamente se mencionaron en tal sentido - sinaladamente no escrito de conclusións provisionais da defensa de María Rosa [REDACTED] [REDACTED]- están inzados de diversas actuacións xudiciais por parte do instrutor, como así lle consta á defensa de María Rosa [REDACTED] [REDACTED], por obedecer e contestar moitas delas a escritos presentados por esta ou pola entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL.

Así, por exemplo, no período de tempo en que se considera que houbo máis paralización das actuacións -dise que máis dun ano dende a declaración da testemuña [REDACTED] o 21 de outubro de 2013 ata que se achega ás actuacións o informe da AEAT en xaneiro de 2015-, compróbase como esta paralización non é certa e como o xulgado instrutor seguiu a tramitar o asunto - así, as providencias do 19 e do 30 de decembro de 2013, do 16 de xaneiro de 2014, do 14 e do 19 de marzo, do 10 e do 28 de abril, do 20 de xuño e do 7 de xullo de 2014, etc., por non contar as múltiples dilixencias, oficios, etc. cursados entre tanto-. **Loable sería que o procedemento durase moito menos, mais no presente caso, nin como simple nin moito menos como cualificada se debe apreciar a dilación no seu axuizamento, motivada, insistimos, pola complexidade da causa.**



VIII.- AS PENAS

DÉCIMO SÉTIMO.- A prevista para o tipo legal de que se trata -artigo 301.1, parágrafos primeiro e segundo, en relación cos artigos 368 a 372, todos eles do Código penal- é a abrangida entre tres anos e tres meses e seis anos de prisión, ademais da pena de multa. Esta máxima de seis anos foi a solicitada polo fiscal. Mais, ao non concorreren atenuantes nin agravantes e en atención ás circunstancias persoais dos delinquentes e á máis que evidente gravidade dos feitos (artigo 66.1.6ª do Código penal), dentro da metade inferior fixémosla en catro anos de prisión para cada un dos acusados, sen distincións entre eles por todos participaren activamente do fundamental xeito indicado ao longo desta sentenza no conxunto de actos a través dos que pretendían lavar os cartos procedentes do narcotráfico. E o volume dos cartos branqueados, os negocios que con eles levantaron, sostiveron e aínda teñen, o ensarillado sistema de persoas e sociedades que argallaron para agachar, ou cando menos maquillar, a procedencia daquel diñeiro das actividades do narcotráfico consideramos que merecen a ponderación e proporcionalidade da amentada pena privativa de liberdade. A pena de prisión indicada leva consigo a accesoria de inhabilitación especial para o dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena (artigo 56.1.2º do Código penal).

No relativo á multa, a fixada no tipo básico do artigo 301.1, primeiro parágrafo, do Código penal é a do tanto ao triplo do valor dos bens. Nestes casos de multa proporcional, o acordo do Pleno non xurisdiccional da Sala 2ª do Tribunal Supremo do 22 de xullo de 2008 lembra que a inexistencia dunha regra específica para determinar a pena superior en grao impide a súa imposición, sen prexuízo das regras especiais establecidas

para algúns tipos delituosos. As regras do artigo 70 do Código penal só aluden ás multas establecidas por cotas, e a lagoa non pode encherse cunha analoxía que sería *in mala partem* (STS, Penal, Sección 1ª, do 5 de xuño de 2012 -ROJ: STS 4612/2012 - ECLI:ES:TS:2012:4612- e STS, Penal, Sección 1ª, do 12 de xaneiro de 2017 -ROJ: STS 80/2017 - ECLI:ES:TS:2017:80-). En consecuencia, a imposición das penas de multa nunca poderían exceder aquel máximo do triplo do valor dos bens, e fíxanse así, ben por debaixo daquel, en seis millóns de euros. No caso de non pagamento, fíxase a responsabilidade persoal subsidiaria nun ano (artigo 53.2 e 3 do Código penal).

Tamén no artigo 301.1 do Código penal se prevé que, atendendo á gravidade do feito e ás circunstancias persoais dos delincuentes, se pode impoñer a pena de inhabilitación especial para o exercicio da súa profesión ou industria por un período dun a tres anos, e acordar a medida de clausura temporal ou definitiva do establecemento ou local. O fiscal solicitou esta última, isto é, a clausura definitiva da entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL. Esta empresa foi o eixo arredor do cal todos os acusados levaron a cabo o delito de branqueo de capitais, xa que, lémbrese, ata Rosa María [REDACTED] estaba autorizada nas súas contas bancarias. A reiteración de actos realizados ao abeiro da devandita sociedade limitada, a prolongación no tempo, a difusión alcanzada, as ocultacións realizadas, etc. son algúns dos parámetros a que alude a xurisprudencia (entre outras, a STS, Penal, Sección 1ª, do 27 de decembro de 2007 - ROJ: STS 8845/2007 - ECLI:ES:TS:2007:8845) para a adopción da devandita medida de clausura definitiva; e todos estes parámetros, como reflectimos, están presentes no caso de Inmobiliaria San Saturnino, SL, cuxa clausura definitiva acordamos.



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA

IX.- COMISO

DÉCIMO OITAVO.- Ao abeiro do artigo 301.5 en relación co artigo 127, ambos os dous do Código penal, o fiscal tamén solicitou o comiso da totalidade dos bens a que facía referencia na primeira das súas conclusións definitivas e que reflectimos nos feitos probados desta mesma sentenza.

A finalidade do comiso é a de anular calquera vantaxe obtida polo delito. E ten como obxecto os efectos que proveñan do delito ou sexan produto directo da infracción; os bens, medios ou instrumentos con que se preparou ou executou; e as ganancias provenientes do delito. Inclúense así dentro do obxecto de comiso as ganancias que se tiraron do delito, fosen cales fosen as transformacións que puidesen experimentar para así establecer, como consecuencia punitiva, a perda do proveito económico obtido directa ou indirectamente do delito (así a STS, Penal, Sección 1ª, do 9 de novembro de 2012 -ROJ: STS 8463/2012 - ECLI:ES:TS:2012:8463-).

E, evidentemente, procede o **comiso** de todos os **bens** reflectidos na declaración de **feitos probados** desta mesma sentenza por **adquirírense** cos **cartos procedentes** do **narcotráfico**, como cremos que xa explicamos dabondo, e, xa que logo, por debérense ao pretendido acceso ao mercado legal e normal do diñeiro que pretenderon todos os acusados.

X.- AS CUSTAS

DÉCIMO NOVENO.- As custas procesuais enténdense impostas pola lei aos criminalmente responsables de todo delito (artigo 123 do Código penal), e poden consistir na condena dos acusados

ao seu pagamento (artigo 240.2º da Lei de axuizamento criminal).

Procede, pois, a condena dos acusados ao pagamento das custas ocasionadas na presente instancia.

Tras seren vistos os artigos de xeral e pertinente aplicación,

DECIDIMOS

Condenar a José Ramón [REDACTED] [REDACTED], María Rosa [REDACTED] [REDACTED], Rosa María [REDACTED] [REDACTED], Josefa [REDACTED] [REDACTED] e José Alberto [REDACTED] [REDACTED], como autores responsables dun delito de branqueo de capitais procedentes do tráfico de drogas, do artigo 301 en relación co artigo 368, ambos os dous do Código penal, sen a concorrencia de circunstancias modificadoras da responsabilidade criminal, **á pena, para cada un dos acusados, de catro anos de prisión e multa de seis millóns de euros,** coa responsabilidade persoal subsidiaria para o caso de non pagamento dun ano de prisión.

A anterior pena de prisión leva consigo a accesoria de inhabilitación especial para o dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena.

Acordamos a clausura definitiva da entidade Inmobiliaria San Saturnino, SL.

Decretamos o comiso da totalidade dos bens que reflectimos nos feitos probados desta mesma sentenza.

Condenamos os acusados ao pagamento das custas xeradas na presente instancia.